



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)
D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)
D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)
D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)
D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)
D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)
D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)
D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)
D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (P.P.)
D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (P.P.)
D. MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)
D. FINA VARELAS (D.O.)
D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria Xeral

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Ausentes:

D^a JULIA JÁCOME PÉREZ (D.O)

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo ás 19:30 horas do día 6 de FEBREIRO de 2017 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do señor alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, O señor Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

O señor Alcalde toma a palabra: Iniciamos o Pleno entón. Fora da orde do día todos vivimos estes días unha situación complicada en toda Galicia pero tamén foi complicada en Barbadás, entón é de recibo que recoñezamos os méritos a quen fixo un bo traballo, a quen traballou denodadamente e de forma absolutamente altruísta, desinteresada polos veciños e veciñas de Barbadás. Estou falando de tódolos colectivos que colaboran co concello, falo de brigadas municipais, falo de policía local e falo sobre todo de protección civil. Creo que é moi meritorio que se lle faga, é moi xusto, que se lle faga aquí neste momento e neste pleno un recoñecemento á labor que desempeñaron e que realizaron ao longo destes días. Creo que todos nós estamos da cordo, solicito se opinamos o mesmo todos? Eu é unha declaración que fago como alcalde. Se alguén quere tomar a palabra en relación a este tema?. Por favor.

O señor Ramón Padrón toma a palabra (CxB): Incluso o outro día en Parada fixestes unha intervención alí ao momento, nun momento que estaba tamén chovendo de noite e moi ben.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten a palabra Fina.

A señora Fina Varelas toma a palabra (D.O): Nada, que estamos agradecidos porque vos preocupades polos veciños de Barbadás e que moitísimas grazas, que sigades así.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten a palabra Chelo.

A señora Vispo toma a palabra (P.P.): Eu por medio do Facebook xa vos felicitei. Hoxe a mañá falei co responsable de protección civil Daniel Rey para darlle a noraboa, e que foi encomiable o que pasaron de momento non debo entrar, pero si vos, que as medallas son vosas, de ninguén máis, que xa cho dixen eu á mañá a Daniel. Que houbo unha persoa que estivo ao mando, e agradecida tamén que me tivo informada en todo momento, estábamos toda a xente reunida, pero que realmente, e sígoo dicindo e o direi máis adiante, as medallas son para vos e o sabedes. Aparte, como dixen no Facebook, vivino en persoa propia fai pouco e sinceramente, ata que se necesita non se sabe o que facedes. Durante oito anos traballamos xuntos moitas das persoas que estamos aquí, e vos agradecemos que oxalá moita xente que non sabe o que facedes non necesite de vos.

O señor Alcalde toma a palabra: Eu creo que se lle pode dar un aplauso hoxe.

(Aplauso)

O señor Alcalde toma a palabra: De novo moitas grazas a todos.



1.- APROBACIÓN DA ACTA EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 19 DE DECEMBRO DE 2016.

O señor Alcalde toma a palabra: Pasamos ao primeiro punto da orde do día que é a aprobación da acta extraordinaria do 19 de decembro de 2016. ¿Algunha consideración sobre esta acta? ¿Votos a favor?, unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“ APROBACIÓN DA ACTA EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 19 DE DECEMBRO DE 2016”

2.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE NIÑOS EMPRESARIAIS SITOS NO CENTRO EMPRESARIAL TRANSFRONTERIZO DO CONCELLO DE BARBADAS.

O señor Alcalde toma a palabra: Aprobación inicial da ordenanza reguladora de niños empresariais sitos no Centro Empresarial Transfronteirizo do Concello de Barbadás. Ten a palabra O señor tenente alcalde.

O señor Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas, a todo o público asistente, boas tardes as señoras e señores concelleiros. Estamos aprobando a penúltima etapa para o funcionamento dos niños de empresas de Barbadás. Estamos presentando a ordenanza que vai regular o funcionamento destes niños de empresas que como vostedes saben consisten en tres oficinas que se van poñer a disposición daquelas persoas emprendedoras, empresarias, empresarios, xente que necesite un espazo para iniciar a súa actividade empresarial onde se lle facilitará por parte do Centro Empresarial Transfronteirizo, asesoramento na marcha en posta da súa empresa e disporán dese espazo nun tempo que irá desde os doce meses aos trinta e seis meses como máximo. Esta ordenanza regula polo tanto o funcionamento destes niños e recolle no seu artigo 1, que se trata de facilitar as condicións establecidas para elaborar os programas de actuación encamiñados a consecución dos devanditos obxectivos. No artigo 4, fálase dos servizos que se prestarán no centro empresarial Transfronteirizo desde o concello de Barbadás, desde o centro empresarial Transfronteirizo, como é todo relacionado co apoio aos proxectos empresariais, de promoción económica, apoio técnico, formación, asesoramento, apoio aos promotores, cesións dos locais. No



pleno pasado, se vostedes recordan, aprobamos unha modificación da ordenanza que regula a utilización de espazos do Cet, establecendo unha cota mensual de 10 euros ao mes para cada unha destas tres oficinas. Nós creemos que é un prezo suficientemente baixo, como para que non resulte disuasorio para ningunha persoa que necesite ter a súa actividade empresarial nestas instalacións, 10 euros ao mes, consideramos que non vai ser este o motivo polo que non vaian a utilizar. O artigo 6, recolle as condicións de funcionamento dos niños, as autorizacións, cales poden ser os beneficiarios, os prazos para solicitar o uso destes espazos, que vai ser por concorrencia competitiva en espazos de un mes, explícome. Se vai abrir un período de tempo para que a xente que queira solicite estes espazos e durante un mes se van a recoller tódalas solicitudes, pasado este mes o comité avaliador, reunirse e decidirá a quen se lle adxudican os espazos. Se quedase algún espazo libre, no seguinte mes natural se volverían a recoller solicitudes e pasado un mes outra vez, por concorrencia competitiva se volvería a decidir a quen se lle dan. De mes en mes, se reuniría este comité ata que estivesen os tres niños ocupados. Se hai máis de tres solicitudes no primeiro mes, se fará unha lista de agarda dos proxectos non seleccionados inicialmente. A selección dos proxectos vai ser principalmente en base á súa viabilidade técnica e económica, posto que do que se trata e de crear negocios que teñan futuro empresarial, que creen emprego tamén vai valorar moito a creación de emprego, e vaise ter moito en conta tamén con 25 puntos, ata 25 puntos de valoración, que sexan actividades de economía social, recollidas por certo nun Real Decreto da Xunta de Galicia do ano 2000. Esas serán as actividades que estarán digamos especialmente favorecidas ou primadas, e tamén aquelas nas que participen persoas en risco de exclusión social. A duración como dicía é de doce a trinta e seis meses. A garantía que teñen que depositar os usuarios destes niños será de 450 euros porque entendemos que poden ocasionar gastos, ou algún tipo de indemnización, o concello tense que protexer, e aparte dun seguro de responsabilidade civil, terán que crear unha garantía de 450 euros que se lles devolverán unha vez finalizada a súa estancia nestes niños. No artigo 21, 22 e 23, recóllense as obrigas que teñen que cumprir as empresarias ou empresarios que se establezan nos niños de Barbadás, como non poden meter maquinaria que non sexa adecuada ao edificio, non se poden desenvolver actividades que non sexan acordes co centro empresarial Transfronteirizo, non se pode abandonar a actividade, e dicir, ten que haber unha ocupación efectiva e real dos niños, non poden estar baleiros, e ten que cumprir con unhas condicións do bo uso xeral de tódalas instalacións, mantendo a hixiene, a limpeza e a orde habitual que hai nese edificio. E por tanto, tamén no artigo 23, hai un réxime de infraccións e de sancións que chega, está tabulado en leves, graves e moi graves que chegaría a desautorizar a posta en



marcha desa empresa e ter que abandonar os niñeiros. E isto é un pouco o resumo desta ordenanza que regula o funcionamento dos niñeiros.

O señor Alcade toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón.

O señor Padrón toma a palabra : Ben, moitas grazas e boas tardes a todas e a todos. Dende o noso punto de vista todo o que contribúa á creación de empresas parécenos positivo. Contamos cun centro empresarial que debe servir neste obxectivo e a creación de niños para empresas que queiran dar os seus primeiros pasos no mundo empresarial pode funcionar de estímulo. No seu momento apoiamos esta proposta, o tempo nos dirá se vai a funcionar ou non. Sen embargo, pensamos que xa que só se trata de tres unidades as que imos a ofertar aos emprendedores, a cesión dos locais debера ser como moito de ano e medio, e non de tres como aparece no documento e como se prevé. Esta prórroga que poden solicitar os que sexan beneficiarios do niño empresarial, se os tres primeiros emprendedores resulta que chegaran a prorrogar os dous anos a maiores do ano que se lle concede o proxecto, os outros que estiveran na lista de espera, estarían un tempo grandísimo que ao mellor levaría a renunciar ao proxecto que quixeran levar a cabo. Polo tanto, nese punto, nós non estamos da cordo, parécenos que un ano xa é suficiente para ver se un proxecto funciona ou non, e bo, en tal caso unha prórroga de seis meses pois sería como moito o que nós pensamos que se debería conceder. En canto ao baremo selectivo, pensamos, non estamos tamén totalmente da cordo, pensamos que tanto a viabilidade, futuro, como tipo de actividade desenvolvida, así como número de empregos que se creen, e o potencial de creación de emprego, deberían ter a mesma puntuación. E de momento, pois nada, no resto, pois nada, estamos da cordo, e todo o que sexa contribuír á creación de emprego que quero lembrar aquí que o ano pasado fomos un dos concellos onde se destruíu emprego, non nun porcentaxe moi alto, pero si que destruímos emprego. Nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra A señora Fina Varela.

A señora Varela toma a palabra: Grazas. Boas tardes a todos e a todas, ao público e aos compañeiros. Xa tiña gana de vervos a todos, todo sexa dito. Estou da cordo con todo o explicado aquí, o que acaba de explicar o tenente alcalde e parécenos ben que apostemos por dar emprego, parécenos ben tódolos puntos que el matizou e nada, a seguir para adiante e crear emprego e axudar á xente que ten gañas de empezar e apoialos en todo. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido



Popular.

A señora Vispo toma a palabra: Ímoslle a desgredar o Partido Popular cales son as carencias desta ordenanza, ao noso parecer. O obxecto do centro empresarial Transfronteirizo, preténdese motivar ao emprendedor fomentando e promovendo inversións no concello. Vostede cree que con darlle un espazo público dun ano prorrogable a tres, a trinta e seis meses a empresa quedará aquí ou irase? Imos ver, a nosa dúbida é que a empresa, vostedes poden dar un espazo por un ano a tres anos, pero a empresa posiblemente despois se poda ir do concello, entón entendemos que un dos puntos que pode ter esta ordenanza, e que nós ao mellor faremos as alegacións é, un dos puntos pode ser redactado así ou doutro xeito , “ o empresario ao deixar o seu nicho e se continúa a súa actividade no concello podería non ter que aboar ningunha contía tocante ao aluguer, se a empresa se fora de Barbadás tería que aboar unha parte X en concepto do aluguer”. Porque ninguén nolo di, non o pon na ordenanza. Vostede di que calquera a empresa se pode instalar no concello, pero cando termine ese período que estamos dando, esa empresa non vai continuar o seu desenvolvemento da actividade, posiblemente si ou posiblemente non, pero ao mellor pois cédenlle outro local ou cédenlle, iría de concello en concello se estas ordenanzas estiveran por aí, ¿vale?. Despois, artigo 4, servizos que prestaran no centro empresarial, cesión por doce meses prorrogables anualmente sendo un período máximo de ocupación de trinta e seis meses

O señor Alcalde toma a palabra: ¿Que le por favor?

O señor Fírvida toma a palabra: O artigo 4.

O señor Alcalde toma a palabra: Pero o artigo 4 ten varios puntos.

A señora Vispo toma a palabra: O efe, perdón. Cesión por doce meses prorrogables anualmente sendo un período máximo de ocupación. Vostedes non cren que se queren promover a actividade empresarial cantas máis empresas se asentem, estou da cordo co señor Padrón anteriormente no que dixi. Non teñen visión ningunha. Imos ver, se teñen unha lista enteira de proxectos e empresas que queren afianzarse en Barbadás, o que temos que facer é o seguinte, estou da cordo con el, en que un ano sería o máximo, a unha empresa, a ver, non temos que darlle, se hai lista de agarda, se non hai lista de agarda como si se prorroga máis, o sexa nós aí non imos, pero realmente hai empresas que se realmente van ter que esperar eses tres anos, pois iranse a outro concello ou iniciarán a súa actividade noutro lado. Entón, entendemos que como máximo un ano. Ai que ter visión, o sexa se as empresas e os proxectos queremos que se asentem en Barbadás, o que temos que facer é darlles a oportunidade



canto antes mellor. Artigo 8, beneficiarios, centro destinado a empresas de nova ou recente creación, antigüidade máxima do negocio un ano. ¿Non cren que unha empresa de máis dun ano ten que estar xa asentada e ter unha ubicación declarada que pode ser noutro concello? Non entendemos este punto, a non que sexa así para beneficiar a algunha das empresas que xa están neste momento e que xa está constituída, entón estaremos expectantes porque non estendemos este punto. Artigo 11, documentación esixida, declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto. Entendemos que se unha empresa xa ten subvencións doutras administracións públicas, tería que ter menos puntos que as que non teñen axuda, que son as que temos que promover no concello, pero se realmente teñen unha axuda económica doutra administración, entendo que non debe de ter máis puntuación que outra, ao noso entender. Artigo 14, baremo selectivo, os promotores participen ou vaian participar nalgún programa ou iniciativa promovida polo concello de Barbadás. Non o entendo, se logo poden explicalo, porque

O señor Fírvida toma a palabra: Perdón, Chelo

A señora Vispo toma a palabra: Artigo 14, baremo selectivo, vou rápido porque se non cortanme o tempo.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten vostede cinco minutos engadidos.

A señora Vispo toma a palabra: Os promotores participen ou vaian participar nalgún programa ou iniciativa promovida polo concello de Barbadás. Non o entendo porque se unha empresa desenvolve aquí a súa actividade, ¿en que vai promoverse? Non sei moi ben a que se refiren. Artigo 15, órgano de valoración de proxectos, concelleira ou concelleiro de promoción económica, director do Cet como vocal, un funcionario do concello e secretaria con voz e sen voto. Imos ver, eu preguntolles a toda a corporación, ¿cren que estas persoas estamos ou están capacitadas? Porque eu tamén me poño, se chego a ser concelleira digo que non. E o digo xa, e pónome eu. Eu creo que non estamos capacitados ningún, ¿vale? ningún, para valorar uns proxectos de desenvolvemento de empresas. O sexa, creo que non estamos. Creo que o que tiña que haber, vostedes fan tribunais para moitísimas cousas, un tribunal de valoración con persoas técnicas neste ámbito, pero eu creo que ninguén, osea, a súa profesión é outra, o sexa, haber, creo que vostede o concelleiro de, non señor Fírvida. Entendo. Non é unha crítica, púxenme eu para que vexan que non teño mala actitude, senón.

O señor Alcalde toma a palabra: Acabe este punto e despois proseguimos. Se lle fai falla mais



tempo na segunda intervención engadímola, parécelle.

A señora Vispo toma a palabra: Soamente este, porque senón non me pode contestar. Senón non me pode contestar. Artigo 25, horario e calendario de apertura. O horario do Cet de luns a venres de 8 a 9 horas. Explíquenos, porque despois voulle ler no seguinte, na seguinte réplica dos tres minutos un acta que vostede dixo unhas palabras señor Fírvida, onde, e que non hai persoal para poder ter aberto o Cet ata as 9 da noite, a non ser que vostede nos diga agora outra cousa, contratouse, e vostede sabe que o Partido Popular votou a favor, un administrativo para o Cet, pero e que non pode manter este horario, entón, é unha ordenanza que despois de desgredar todo isto non ten nin pes nin cabeza. Grazas.

O señor Fírvida toma a palabra: Por comezar polo principio. Un ano e medio como moito. Isto non está feito o “chou”. isto estivo consultado con sitios onde funcionan outros niñeiros de empresas como é a Universidade de Vigo, que ten no centro tecnolóxico, no parque tecnolóxico de San Cibrao das Viñas, ten niñeiros de empresas. Tamén coa Cámara de Comercio, que tamén ten niñeiros. Co Concello de Ourense que tamén ten niñeiros. Coles que ten niñeiros. Consultouse con esta xente. Consultouse tamén con empresas que están neses niñeiros ou que saíron xa de niñeiros anteriormente e hoxe están fora, están no mercado, pero que iniciaron a súa actividade empresarial dentro dos niñeiros. O que nos comunicaron todos eles, e así figura en tódalas ordenanzas de todos estes sitios, aos que acabo de facer referencia, en todos eles, figura un período mínimo de doce meses e máximo de trinta e seis meses, porque se considera que para o perfecto desenvolvemento e para garantir a viabilidade económica e financeira dos proxectos, e para garantir eses postos de traballo, necesitan ese tempo, porque o rendemento que empezan a producir estes proxectos, non son inmediatos. isto non é un taller de carpintería que se fabrique un moble, e que aos cinco meses xa sabemos que moble van facer e cantos mobles van vender. Non, non é este o modelo de negocio que se vai levar adiante nuns niñeiros de empresas. Son empresas, case sempre de novas tecnoloxías, empresas que traballan online, empresas de webs, empresas de internet, empresas de comunicación comercial. Son empresas tecnolóxicas que necesitan un asentamento e ademais, o que me comunicaban toda esa xente que pola súa experiencia xa traballaron en niñeiros deste estilo, o rendemento se empeza a sacar cando existen sinerxías entre eles, cando eles, ao traballar conxuntamente empezan a ter clientes comúns, e entre eles empezan a facer negocios en común, porque uns apoian a outros e abren a súa rede de comunicacións e entón saben como facer as cousas, como melloralas, contactar cos clientes e facer negocio, e iso non se fai en doce meses. isto é o que me din nos sitios como a Universidade de Vigo e



como nos niños de empresas de Ourense, de Coles ou da Cámara de Comercio, e a xente que traballou nestes niños. Esta ordenanza, é unha ordenanza tipo adaptada a Barbadás, por suposto, pero digamos que a estrutura básica está copiada de onde funciona isto e onde teñen experiencia, porque temos que ir a onde hai experiencia e onde funcionan ben os proxectos. Está comprobado que nas áreas onde hai niños de empresas diminúen o paro ou cando menos se fomenta a creación de empresas. Estatisticamente está comprobado. Polo tanto nós establecimos este período dun ano a tres anos como máximo de prórroga, a prórroga se lles dará en funcións da necesidade da marcha dese negocio. Se entendemos que o negocio está perfectamente asentado e con total viabilidade tamén os podemos convidar a que abandonen o niño, porque esa prórroga igual que o funcionamento xeral de todo niño, correspondo ao concello de Barbadás, Iso se recolle na propia ordenanza. Ese é o motivo polo dos doce meses. Que as empresas queden ou non en Barbadás, imos ver, eu de verdade. eu, algunha vez o teño dito, eu non quero pecar de minifundismo mental. Nós vivimos nun país, non vivimos en Barbadás e non imos querer pensar que Barbadás vai ser o centro mundial das telecomunicacións, ou das novas tecnoloxías ou da economía social de Galicia. De feito, todo o mundo que vive en Barbadás non traballa en Barbadás, traballan en outros lados, polo tanto tamén terían dereito a acceder a esas axudas en calquera a outro concello . O que estamos traendo aquí é, tres nichos empresariais, para que a xente que necesite montar un negocio teña tódalas facilidades do mundo. Se quen ven aquí acaba montando o negocio en San Cibrao das Viñas, en Cartelle, ou en Celanova, benvidos sexan. Non hai ningún problema. ¿Por que non? Qué problema hai en que estean nos niños de empresas de Barbadás un promotor empresarial, unha promotora, unha empresaria de novas tecnoloxías que acabe montando a súa empresa no parque tecnolóxico de San Cibrao das Viñas?, que seguramente sexa o máis habitual. Non existe ningún problema. De feito, de feito, para correxir iso, porque non nos atrevíamos a poñer “só van entrar nos niños de Barbadás os que monten empresas en Barbadás”, que o valoramos, pero consultando isto con xente que ten maior experiencia que nós, nos dixeron, non limitedes iso, porque ao mellor resulta que en Barbadás, o que é o concello de Barbadás, non se adapta para un novo negocio de alta tecnoloxía, poñamos por caso, e si se adapta para San Cibrao das Viñas, ou para outro parque industrial, cousa que nós non temos. Polo tanto non queríamos pechar a porta a que puidese vir a estes niños a ninguén, de Galicia, de onde veñan, que veñan a traballar ahí, que monten aí o seu negocio e creen riqueza en Galicia, que tamén Barbadás é Galicia. O que si fixemos foi, no apartado de



O señor Alcalde toma a palabra: Vaia terminando.

O señor Fírvida toma a palabra: Necesito, por favor, Xosé Carlos.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten outros tres minutos.

O señor Fírvida toma a palabra : Entón moi rápido con este punto e xa está. Apartado 10, que os promotores participen ou vaian participar nalgún programa ou iniciativa promovida polo Concello de Barbadás, 10 puntos, si que está valorado que alguén que teña o seu punto de vista, o seu programa de desenvolvemento en Barbadás, se valore con 10 puntos, 10 puntos sobre un total que poden acadar os 85 puntos. Xa sei que é unha porcentaxe, valórase positivamente, hai unha discriminación positiva cara os proxectos que traballen con Barbadás, pero isto non vai ser quen decida finalmente quen sexa en igualdade de condicións, dos proxectos exactamente iguais con 75 puntos, se quedará o que teña o seu obxectivo final en Barbadás, pero se hai dous proxectos que un ten maior valoración técnica e económica, preferimos valorar ese que ten maior viabilidade, maior capacidade de éxito que outro que por residir en Barbadás vaia supor un fracaso. Na segunda intervención sigo.

O señor Alcalde toma a palabra Ten vostede, ou todos teñen uns minutos máis na segunda intervención, ten a palabra o señor Ramón.

O señor Padrón toma a palabra: Eu penso que deberíase valorar a mesma puntuación porque sempre hai que primar que ese investimento que estamos facendo desde o concello, pois quede no concello, está claro, porque senón, para este tipo de iniciativas está a Xunta de Galicia, e non nós. Nós en tal caso, que é o que facemos no tema cando se subvencionou ás empresas que están aquí para darlle unhas axudas, iso é máis creo que para nós a actividade que ten qué desenvolver o concello. Agora investir diñeiro para que despois tamén se nos marchen de aquí, home tamén dicilo así pois tamén non é. Se van a San Cibrao, oía. Nós non temos chan empresarial, pois entonces tampouco invistamos moito niso. Quen terá que investir moito niso será o Concello de San Cibrao que ten un solo empresarial e ten un parque tecnolóxico. O que si podemos facer, é no tema do baremo pois dar máis puntuación, no punto d). O que si, tampouco se considera aquí, é, bo, antes de ir a iso, tamén o tema da viabilidade futuro do proxecto, ¿quen vai a considerar iso? Porque estamos falando de algo dunha previsión de que sexa un proxecto viable e futuro. ¡Quen pode dicir que iso vai a ser así? Como dixo o Partido Popular, o órgano de valoración de proxectos, como vostede explicou moi ben o tema que se consultou a varios sitios onde xa funciona isto, nos parece moi ben feito, cando se fan estas cousas, mirar onde está funcionando para ver si efectivamente e así e tratar de copiar, ou aínda que



sexa, aportando cousas novas, pero sempre considerando onde se está facendo ben, e vostede explicouno moi ben. Tamén queremos saber se efectivamente neses sitios, o órgano de valoración de proxectos tamén depende do concelleiro dese ramo, o director do centro, e do funcionario para valorar se efectivamente un proxecto é viable e ten futuro. Entón, para nós, debería ser a mesma valoración os catro puntos. Entón ahí tamén primaríamos que esa empresa que se cree pode polo menos si vai a traballar fora de aquí, porque non vai a traballar só en Barbadás, pero a sede social ou onde teña as oficinas pois poda ser un local dentro do concello porque vai a pagar os seus impostos onde teña a sede social. Aínda que o traballo o realice fora. E logo despois, o que non se pon aquí, é as condicións da prórroga, o sexa, segundo o documento, parece que queda ao libre albedrío, ¿de quen? ¿Do órgano de valoración? Ou si, ¿do órgano de valoración? Quedan ao libre albedrío dese órgano, bo refírome a que non está, no documento non está fixado as condicións da prórroga. Nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: Ben, señora Fina

A señora Varelas toma a palabra: Máis que nada é dicir o que dixen antes, que estamos da cordo e o que si teño que darlle a razón ao tenente alcalde, cando se fai un proxecto, se monta un negocio por primeira vez, un ano é un tempo moi insuficiente. O sexa que, como mínimo ano e medio, de ano e medio a tres anos, dígovolo por experiencia, porque eu montei varios negocios e sei o que conleva abrir un negocio e o que tarda en desenvolverse, non é montar o negocio e desenvólvese nun ano, oxalá foran así as cousas de sinxelas. En canto a que o ideal sería a que fora xente do concello, pero tampouco se lle pode cerrar as portas a xente que ven de fora, porque pode traer ideas moi boas para nós. Non porque sexa do concello, primar con máis, hai que primar as ideas boas, veñan de onde veñan, e oxalá que esas empresas que se monten que cheguen a quedar no concello. O que está claro é que se desde o concello lle damos axudas, a xente pois, a xente normal valórao e ao día de mañá supoño que estará agradecida como mínimo, e un dos sitios onde mirará para quedarse será no concello de Barbadás. O que temos é que mimar tanto á xente que é de aquí como a que ven de fora, porque Barbadás non somos suficientes, o sexa, non podemos pechar a fronteira. Dicir, ala, porque veñen doutro sitio non imos axudar. Non, hai que axudar a aqueles proxectos con viabilidade. O que si está claro, é que as persoas que fagan os baremos estes, ou que miren a viabilidade dun proxecto teñen que entender algo, porque como non teña idea do que se fala, a valoración é un pouco difícil, iso si que teño que dar a razón ao Partido Popular, porque sinceramente dalgunhas cousas eu sei valorar e doutras non, iso pasaravos a tódolos que estamos aquí. Iso mirádeo porque é algo importante, polo



demais eu estou da cordo en todo. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a señora Chelo Vispo. Ten uns minutos máis do tempo marcado.

A señora Vispo toma a palabra: A acta que eu lle dicía, señor Fírvida, é do 11 de xaneiro do 2016, onde vostede dicía que necesitaba unha praza para un administrativo do Centro empresarial para poder desenvolver tódolos proxectos que vostedes tiñan para ese centro empresarial, ¿vale? Entón, non entendemos, sigo dicindo que non me contestou aparte do que eu lle preguntei, será por falta de tempo, pero imos ver. Realmente, o que di a señora Fina Varelas, é que agora, despois de escoitar ao Partido Popular, imos ver, hai que ler as cousas, hai que ver as ordenanzas. A viabilidade é que non dixemos o Partido Popular que sexan persoas que veñan de fora, que sexan do concello, non, non. Nós podemos abrir a fronteira, pero o que nós queremos é que esa empresa se quede no concello. Se non que ganancia ten o concello, o que dicía o señor Fírvida, imos ver, nós dámoslle o local, e como máximo pode pagar 360 euros nos trinta e seis meses, dámoslle o caramelo e logo déixannos os osos a nós, vaise a outro concello, entón entendo que se realmente nós lle damos esa axuda, debería de quedarse no concello. Claro que se pode ir a outro lado, pero realmente os traballadores ou se vostede teñen visión de desenvolvemento empresarial, o que tiñan que facer é dicir, moi ben, nós dámosche todo, o caramelo, pero tamén déixanos despois que podamos gozar desa empresa e que os traballadores pertenzan a Barbadás, ¿vale? Porque se non, ¿que gañamos nós con todo isto? Nós deixarlle un nicho que temos 36 meses como di a señora Fina Varelas, monta negocios, perfecto, pero se realmente vai a haber varios proxectos e lle damos soamente a opción a tres empresas durante tres anos se despois vanse a ir, ¿que gañamos en Barbadás? E que sinceramente non lle vexo... E despois a baremación, o sexa a baremación, eu creo que é o importante, despois a viabilidade dos proxectos. Sigo dicindo, están capacitados vostedes, concelleiro, unha vocal e a directora do Cet, que bueno non sabemos se seguirá ou non seguirá, Vale, ese é outro tema, porque realmente pois a pobre está de baixa, bastante desgraza ten ela xa, pero é que realmente hoxe non podemos... As persoas que van facer esa valoración, creo e digo que non están capacitadas. Vostede dicíame antes que si valorou coa Universidade de Vigo, con outros concellos onde si están funcionando os nichos. Mire, nós entregámoslle a distintos, a distintas, voulle dicir, a centros empresariais, onde si hai nichos, e sinceramente, vostede o díxoo na comisión informativa, que era un copia pega doutros concellos, pero mire hai que adaptalos a Barbadás, porque si o que me dicían eles, eles o que si valoran e puntúan, é



que esa empresa despois desenvolva a súa actividade empresarial. Sigo dicindo, é que eu non lle vexo obxecto a esta ordenanza. Baremación, non estamos capacitados, entendo, e non lle pareza mal, e xa me puxen eu antes como exemplo, eu se fora concelleira, non sabería valorar, creo que un técnico é o que ten que facelo, ¿vale? Despois, ¿un ano a trinta e seis meses?, podo estar da cordo coa señora Fina Varelas, pero eu creo que realmente lle estamos dando caramelos a tres empresas que podan vir ou que podan presentar o seu proxecto e que realmente non teñamos ningún beneficio con todo isto. Creo que a visión empresarial súa, cero. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor tenente alcalde.

O señor Fírvida toma a palabra: Ben. Visión empresarial tivo o Partido Popular os vinteoito anos que estiveron antes e non foron capaces de facer absolutamente nada . Nós non temos. Primeiro o que se ve

A señora Vispo toma a palabra : Señor Alcalde. É a terceira vez que intervén.

O señor Alcalde toma a palabra: É a segunda.

A señora Vispo toma a palabra : Perdoe. Imos ver, é a terceira.

O señor Alcalde toma a palabra: Está ben, está ben.

A señora Secretaria toma a palabra: Se é a terceira pode intervir un minuto

A señora Vispo toma a palabra : Por alusións, pero é a terceira.

O señor Alcalde toma a palabra: Si, ten vostede a razón. Si, si

O señor Fírvida toma a palabra: Pois, bo, entón, se non queren que conteste non contesto. Ti prefires. Eu se me dades un minuto, dous, moi rápido, moi breve. Primeiro, horario

O señor Alcalde toma a palabra Un inciso soamente. Intervenían eles tamén, despois da súa intervención interveñen eles, e rematamos. Un minuto.

O señor Fírvida toma a palabra: Vale, moi rápido. Horario ata as nove horas. Non ten que estar un funcionario, unha funcionaria do concello de Barbadás ata as 9 horas atendendo ese centro. Esas persoas que estean neses nichos terán unhas chaves e poderán abrir e pechar cando queiran facer o seu negocio. Non ten que estar un bedel do concello de Barbadás abrindo as portas a tres empresarios que están traballando aí dentro. Outra cuestión, órgano de valoración, eu estou disposto a borrar-me deste órgano. Se o problema é o concelleiro de promoción económica, tachámolo e poñemos un técnico tal, agora a directora do Cet ten que estar porque ten que saber cales son os negocios que se



adaptan ao centro empresarial Transfronteirizo. Unha funcionaria do concello de Barbadás, eu confío plenamente na capacidade que hai nesta casa, técnica e de todo tipo para facer unha valoración dun proxecto económico, dun plan de empresa, para seleccionar as empresas máis acaídas para ter a súa viabilidade económica dentro do niñoiro de Barbadás. Confío plenamente na directora do Cet, confío plenamente podo dicir o nome de cinco, seis, funcionarias deste concello, todas elas mulleres, que farían o traballo perfectamente, e eu me borro. Tachamos o de concelleiro de promoción económica e pomos dous técnicos do concello de Barbadás, e eu quedo fora. Xa está. ¿Que máis? Mire, aquí non vimos a levantar muros, como Trump. É dicir, levantamos un muro de Barbadás cara San Cibrao das Viñas. Ese é o problema levantar muros hoxe en día. Non imos permitir que traballen en Barbadás xente que ten unha proposta de empresa viable que vai crear riqueza, que vai crear postos de traballo. Nós o que non lle podemos dicir ao empresario cando ven ao niñoiro de empresa de Barbadás é que os seus traballadores teñan que ser do concello de Barbadás, porque nos dirá,, aí vos quedades, porque seleccionará aos traballadores que considere máis oportunos. Os 360 euros non os paga o concello de Barbadás, os paga o inquilino do niñoiro. Eu creo que non se decatou.

O señor Alcalde toma a palabra: Grazas. ¿Quere a señora Chelo Vispo intervenir?. Un minuto e nada máis. Entón non acabamos, vostede dixo hai un momentíño que non tiña nada que dicir. Un minuto. Moi concisa.

A señora Vispo toma a palabra: Non entendo o horario de verdade do Cet, porque aquí o pon, que os sábados nin os domingos non pode realizar ningunha actividade. Se unha empresa o sábado pola mañá ten actividade ¿non a pode realizar?

O señor Fírvida toma a palabra: Hai excepcións, si que se pode con certas condicións, con carácter xeral, non.

A señora Vispo toma a palabra: Sigo dicindo que está mal a ordenanza. Segundo, preguntolle á señora Secretaria, hai algún traballador habilitado para valorar este tipo de

A señora Secretaria toma a palabra: Eu sinceramente non o creo pero é unha opinión particular. É dicir, a ver

A señora Vispo toma a palabra: Soamente, señora Secretaria, soamente con facerlle esa pregunta chega

A señora Secretaria toma a palabra: Cinco ou seis non hai dende logo. Dúas, hai un especialista



xurídico que son eu, pero xurídico administrativo non. Un especialista xurídico administrativo, que son eu, e económico administrativo que é a interventora. A ese punto chegaríamos, as dúas. Agora, a nivel empresa privada, home. Pero descoñezo, a xerente do edificio empresarial, entendo que é normal que estea, porque efectivamente, debe de coñecer un pouco. Agora, quizá habería que traer a xente, non si, da universidade, técnicos xurídicos, do comercio ou da Confederación de Empresarios, quizá algo máis técnico, pois é posible. Tamén poderíamos acudir pola vía da colaboración cos concellos a técnicos específicos especialistas, a nivel de , se se trata por exemplo dunha empresa de enxeñería hai un grupo de enxeñeiros que fan valoracións, unhas cousas que fan estudos económico financeiros que están especializados. Non o sei, a ver, tampouco sei o nivel de empresas que van a opositar, ao mellor se hai unha tenda de chuches, non fai falla unha gran especialización para o análise da viabilidade, pero desde logo, se quere montar algo máis tecnolóxico, máis grande, non sei, non sei.

A señora Vispo toma a palabra: Soamente, no meu minuto, soamente un minuto. Eu en ningún momento creo que vostede se vaia, o sexa, non son eu a que quere botala a vostede, que o saiba. Eu digo de persoal, o que está dicindo a señora secretaria, eu en ningún momento dixen que vostede non estea, nin a directora do Cet que creo que é moi válida, sinceramente, e traballamos xuntas, o sexa que para nada poña na miña boca, o que eu non o botei a vostede nin a ela, ao contrario, o que si digo é que teñan persoal adecuado, nada máis, grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Antes de someter este punto da orde do día a votación, aclarar dúas cousas. Primeiro, que unha ordenanza como esta que sometemos agora a debate, é unha aprobación inicial, polo tanto é susceptible de modificacións e de alegacións, con ánimo de mellora, que é o que esta expoñendo tamén aquí o señor tenente alcalde. E segundo, dicir, e isto xa non vai en relación á ordenanza, a innovación non ten fronteiras. ¿Votos a favor da aprobación inicial da ordenanza? ¿Abstencións? Polo tanto deduzo que non hai votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE ,do BNG e Democracia Ourenzana, e as abstencións do PP, Grupo Mixto o seguinte acordo:

“APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE NIÑOS EMPRESARIAIS SITOS NO CENTRO EMPRESARIAL TRANSFRONTEIRIZO DO CONCELLO DE BARBADÁS”



3. COMPATIBILIDADE DE D. JOSE LUIS FERNÁNDEZ CASAS.

O señor Alcalde toma a palabra: Aquí trátase de que hai un traballador da escola de música que ten a consideración de persoal laboral indefinido e solicita a compatibilidade con outro posto de traballo adicional. Para elo, hai un informe xurídico que elaborou a señora Secretaria, bo, non, a Tesoureira accidental, unha técnico municipal, no que se fala de cales son as condicións para que esta compatibilidade poda ser concedida. Neste informe dedúcese que cumpre os requisitos para elo, e polo tanto a resolución é favorable á concesión desta compatibilidade. ¿Algunha consideración, algunha consulta, pregunta?

O señor Padrón toma a palabra: Nada, visto o informe que se emite, estamos da cordo.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra: Estamos da cordo.

O señor Alcalde toma a palabra: Voceiro ou voceira do Partido Popular

A señora Vispo toma a palabra: Por suposto que estamos da cordo, pero vou ir contra dona Ánxela González, contra vostede, agora vaise dar conta. ¿Que datas teñen as solicitudes de D. José Luis, presentando ao concello?. Non me vai a negar vostede que é coñecedora deste tema dende fai dous meses ou máis. E o que non é normal é que nos traian a 6 de febreiro a compatibilidade dun traballador que se ten que esperar dous meses para contestarlle ao seu outro posto de traballo, non me parece normal. Entón, entendo que si vostede fai iso realmente cos profesores da escola aos que vostede está dirixindo, entón que fará cos nenos da escola, ¿vale? Como en anteriores plenos, no anterior pleno, o señor Padrón xa lle deu unha serie de causas de que están na calle, de como está funcionando ultimamente a escola de música. Mire, voulle dicir unha cousa, díxenllo xa persoalmente a vostede e vostede falou connigo, e díxenlle, creo que recorda ben a nosa conversa, oito anos traballamos desde cero coa escola de música, oito anos, neste caso levamos xa case dez. É un referente, empezamos desde cero, cun director marabilloso, cuns profesores excepcionais, ¿vale? Que hoxe, esa banda de música é un referente e a escola é un referente, o que non vai consentir o Partido Popular é que a boten abaixo, porque mire, vostede é a primeira no ranking, ¿vale?, neste concello en intentar abrir expedientes a profesores desa escola. Somos coñecedores do tema, pero voulle dicir unha cousa, despois, tanto o alcalde como o seu compañeiro que ten vostede sentado ao lado, van no segundo posto no ranking, ¿vale?, que xa irei máis adiante cara a iso. O Partido Popular non vai admitir en ningún momento que se abra expediente a un traballador diste concello se non é por unha



forza maior que entón o apoiaríamos. Agora, en ningún momento o imos a admitir, ¿vale? E creo que sabe vostede do que estou falando, ¿vale? Non, non se preocupe que me vai contestar, que me pode contestar, pero o que é vox populi neste momento como se di, é que hai problemas na escola de música e vostede sábeo. Entón, non o imos a admitir e se hai que sacalo ímolo a sacar. Crearon unha asociación de pais, que vostedes intentado por tódolos medios. Mire, todo o que tocan, todo o que tocan, eu creo que non son persoas adoitadas para dirixir colectivos, e creo que está moi claro neste concello o que está a pasar. Neste momento, hai cen traballadores neste concello con vinte e pico persoas de baixa, e outros tantos que os poden coller con medicación, ¿vale? Eu creo que si pensan un pouquiño para dentro do que está a pasar neste concello, deberían os que están dirixindo a colectivos, dicir, mire non eu voume para a miña casa porque realmente... e mire, ademais voulle por un exemplo máis próximo, Nadal, que o temos aínda na esquina, normalmente hai unha cea de confraternidade, ¿vale? Señor Alcalde, houbo unha cea de confraternidade durante moitos anos, ¿cantos traballadores deste concello foron? Algúns ata obrigados, ¿vale? Entón, foron obrigados por non dicir non vou porque teño medo do que me poda pasar. Entón, entendo que hai un problema hoxe neste concello, que xa é coñecedor tódolos veciños de Barbadás, porque a xente está colléndose baixas. Entón señora Ánxela, dígame unha cousa, non miren o que están facendo ben, miren o que están facendo mal que é moito, moito. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Grazas, ten a palabra a señora Ánxela.

A señora González toma a palabra (BNG): A min paréceme que vostedes teñen tantas gañas de que saian as cousas mal, si vostede. Ten tantas gañas de que saian as cousas mal que xa debe soñar pola noite a ver o que di ao día seguinte no pleno. Imos ver, primeiro, este profesor da escola de música presentou, penso que en decembro, a proposta de cambio de horario, ¿vale? Fíxoselle, eu inmediatamente, en canto me enterei trasladei ao xefe de persoal, que é O señor Alcalde, e non sei se está aquí a copia, pero bo, pódena vostedes buscar, inmediatamente trasladeille ao señor Alcalde a necesidade de que se puxeran as medidas que se tiñan que poñer enriba da mesa, para que este profesor puidera cambiar o horario dado que ten dez horas na escola de música, e propúñaselle desde un centro privado, nove horas máis. Ben, o primeiro que se fixo foi pedir un informe ao director da escola de música, que fixo tal informe, para poder cambiar o horario, e de feito hai unha resolución da alcaldía por aquí, me parece que aparece por aquí, no que efectivamente se lle permite cambiar o horario. E agora ven aquí a compatibilidade do horario porque se necesitaba un informe xurídico e ata



que se fixera ese informe xurídico non se podía traer aquí o horario. Iso en primeiro lugar. En segundo lugar, en ningún momento se lle plantexou a ningún profesor a apertura de ningún expediente, dona Chelo, de ningún. Eu non sei con quen fala vostede, nin con quen deixa de falar. Efectivamente si houbo irregularidades e se quere cóntollas. Houbo unha irregularidade por parte dun profesor da escola de música que se casou e non avisou, e efectivamente, tiña dereito a eses días, pero chamou por teléfono, en canto nos demos conta, en canto a min se me comunicou que o profesor non estaba indo a traballar, solicitei un informe por escrito de que non estaba indo a traballar e chamouse por teléfono a ese profesor para que viñera a solicitar, ¿vale? Ao solicitar ese permiso ao cal tiña dereito, por suposto, e en ningún momento se lle negou. Esa foi a unica irregularidade que houbo. Con respecto a isto, tamén ao profesor este da escola de música se lle facilitou todo tipo de información, tanto por parte miña como por parte do director da escola de música para dar os pasos pertinentes para que non incorrera nunha ilegalidade, ¿vale?, e así foi como se fixo. Senón, está aquí Esther que foi, qué estivo sendo informada en todo momento dado que Silvia a secretaria estaba naquel momento, tamén estaba informada efectivamente, porque estaba de baixa. Dado que vostede ademais pon en tela de xuízo o traballo que se está a facer na escola de música e que efectivamente, señor Ramón, puxo en tela de xuízo, si, si, si, vostede acaba de facer e faime a min responsable e por suposto que asumo esa responsabilidade, tamén o puxo, voulle responder tanto a vostede como ao señor Ramón, que de improvisacións absolutamente nada! Vale? Ata agora, os profesores da escola de música, nunca tiveron unha concelleira que eu desde logo que lles aplaudo a vostedes por poñela en funcionamento, desde logo, e díxenllo desde o principio, que é algo que fixeran moi ben, e que con todo e con tódalas dificultades que pode ter por en marcha unha escola de música en Barbadás, no momento en que vostedes chegaron, pois ole!, puxérona en marcha, pero nunca tiveron unha concelleira que se reunira tanto con eles para poñer en común tantas cousas como fago eu, e iso dito por eles en moitísimas reunións.

Segundo, vostede é consciente que nun colectivo de traballadores como pode ser o colectivo de traballadores da escola de música pode haber problemas porque, problemas non, diferenzas de opinións en determinados temas, porque ademais vostede tamén o sabe, porque a vostede tamén lle pasou, ¿vale? Entón, se esas diferenzas de opinión vostedes as tratou de solucionar por detrás, falando con uns por aquí e con outros por alí, eu soluciónoas dando a cara con todos eles xuntos, xuntos, e pregúntelle a quen lle está informando. Pregúntelle se me reúno ou non con eles, cada certo tempo



para organizar, para traballar, para poñer en común os problemas que están xurdindo, para poñer en común problemas que poden xurdir, ou para poñer en común programacións. Pregúntelle a ver, a esa persoa que a informou a vostede, pregúntelle a ver si iso se fai ou non se fai na escola de música. Efectivamente, a escola de música funciona moi ben, grazas a que ten un director e uns traballadores que o fan estupendamente, e que ata agora, mire, ata agora, se algo de algo me sinto orgullosa dende que son concelleira é de que teño os traballadores da escola de música, tanto os da escola de música como os da casa da cultura, considero que son uns traballadores excelentes, que se pode falar con eles, que se poden poñer en común tódalas cousas e que se chega a acordos, e de feito, se saen cousas adiante é grazas a iso, vale dona Chelo.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón, ten tres minutos.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, eu simplemente

O señor Alcalde toma a palabra: Dicar unha cousa brevemente, este non é un debate sobre a escola de música, é unha consideración e aprobación da compatibilidade desta persoa que ela mesma solicitou. Ten tres minutos

O señor Padrón toma a palabra: Ben, eu non ía intervir nesta segunda quenda pero visto as alusións, pois xa dixemos que estábamos da cordo ao principio, non dixemos, co informe da técnico do concello, pero so simplemente dicir que non nos meta señora Ánxela a todos no mesmo saco por dicilo así, porque nós no outro pleno non puxemos en tela de xuízo nada, nin falamos tampouco de persoas. Falamos, puxemos enriba da mesa, unha serie de deficiencias de funcionamento que eran unha realidade. Non nos inventamos absolutamente nada e que o único que queríamos, se cando se pasaron os recibos e todo iso, hai datas e datas e nada, iso é unha realidade, simplemente trouxemos feitos que se estaban producindo, fáciles de comprobar, nós non viñemos falar de rumores, nin de persoas, nin de nada, viñemos a traer feitos que se estaban pasando co recibo pasouse tal día cando non podía ser, ao noso entender. Despois, vostede é a responsable e sigan facendo como queiran, trouxemos queixas dos usuarios. Nada máis, que é o que facemos sempre. E logo tamén, simplemente dicir que falouse, saíu antes aquí, na intervención de dona Chelo, algo que non sei que quere dicir, que significa iso ¿de que a xente se está collendo baixas? Non sei.

O señor Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra : Eu o que estou vendo



O señor Alcalde toma a palabra: Micro, micro, Fina

A señora Varelas toma a palabra: Eu o que estou vendo é que aquí, débátese un tema que non é o que punto que tíñamos que aprobar, entón xa que estamos debatendo algo que non ven a conto, tamén vou saír eu fora de conto. A min, péreceme que o Grupo Popular ven de salvadores da pradeira. Xa estou cansa, cansa, de que veñan salvando, porque eles sábeno todo, eles insinúan todo, e eu vexo que cando eles gobernaron non estaban as cousas ben. Entón deixen de estorbar a quen o está facendo medianamente ben e cando sexa o seu tempo de gobernar de aquí a dous anos se gañan, pois demostren o que valen, e non empecen a bombardear ás persoas con tonterías, un respecto que cando fala vostede eu non falo e xa estou cansadísima de murmurios por atrás, porque eu non estou defendendo a ninguén, estou dicindo simplemente que me parece isto un chiste, porque en vez de, se as cousas non van ben, en vez de axudarnos, o único que estamos facendo é atacarnos uns outros, descualificándonos con rumores. Cando se insinúa que a xente está collendo baixas, pois dígaos claro, ¿por qué están collendo as baixas? ¿Están collendo as baixas polos políticos? Porque eu non entendo. Eu supoño que a xente non colle baixas por un político, pois collerá baixas porque enferma, non creo que os políticos poñamos á xente enferma. Non. E se hai algún problema con algo, fálase, pero non se insinúa e nin se ven de salvadores, porque eu levo catro meses apartada disto pola miña baixa maternal, por algo real, e o único que vexo é guerras de guerrillas, aquí todo vale, o sexa, meterse co centro Transfronteirizo, cando estes anos estivo de adorno. Agora alguén trata de facer algo bo que ao mellor non é tan bo como debera ser, que hai puntos que se poden mellorar, si señor! Sempre hai puntos que se poden mellorar, pero polo menos é unha iniciativa, unha iniciativa de alguén, non ter un adorno aí arriba, como tódalas cousas, como imos, eu vou seguir despois., porque hai unha moción do Grupo Popular que é moi graciosa, e aí vou acabar de explaiarme todo o que lle quero dicir ao Grupo Popular. Grazas

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Un momento

A señora Secretaria toma a palabra: Trinta segundos, O que lle quero dicir e que eu como traballadora funcionaria deste concello vinme necesitar coller unha baixa, retire o termo real, porque eu non trouxen ao mundo un fillo, pero o meu é tan real como o seu.

O señor Alcalde toma a palabra: Eu penso que non debemos entrar por alusións, o que dixo a señora Secretaria non procedía como



A señora Secretaria toma a palabra: Eu neste momento estou en representación de tódolos traballadores cuxos médicos lle deron unha baixa e cuxos especialistas confirmaron, esa baixa

A señora Varelas toma a palabra: A min gustárame explicar ao que eu ía. En ningún momento é para meterme cos funcionarios porque supoño que a xente cando colle unha baixa é real, non inventada. Non ían os termos por aí, non ían os termos por aí, simplemente ían os termos porque a min, desde algúns medios, chegaron dicir que eu non asisto aos plenos porque xa conseguín o camiño da miña casa e que por iso non veño aos plenos. E eu estiven de baixa maternal. A realidade é esa, vale? Non o expliquei de todo ben porque bo hai xente aquí que xa sabe que xa falei destes temas con ela, e hai xente que está moi cerquiña de min que sabe por onde vai o tema, pois a iso me refería. En ningún momento, cando unha persoa colle unha baixa é por un motivo, ninguén colle unha baixa por vicio, e supoño que todo o mundo quere traballar e non estar enfermo, iso é máis que evidente. Simplemente, Silvia, o comentario ía por outros derroteiros que o señor Alcalde creo que xa falei con el estes temas, que no seu momento pois non me gustou. Grazas

O señor Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Chelo Vispo.

O sra. Vispo toma a palabra: Vexo que a señora Fina Varelas ven enfadada co Partido Popular. Recórdolle que estamos na oposición, ¿eh? Non sei se se acorda que estamos na oposición. Pero vexo que todos nos teñen medo, porque todos nos atacan directamente. Mire, nós cando traemos, cando fan unha ordenanza neste concello, a nosa obriga é desgrena-la e dicir o que vemos mal para que se poda mellorar. Vostede durante catro meses estivo de baixa maternal, do que nos alegramos por esa nena, pero tamén pódolle dicir que a súa compañeira estivo soa durante istos catro meses, porque non vive no concello e a única persoa que realmente podía habela axudado para preparar os plenos foi vostede, e vostede falou comigo por teléfono dicindo, para cambiar un pleno, e recórdollo, que ía a asistir a ese pleno, non asistiu, non me importa nin o por que nin déixeo así, agora voulle dicir.

O señor Alcalde toma a palabra: Fina, por favor.

A señora Vispo toma a palabra: Vostede fai o que realmente, a ver, vostede falou comigo por teléfono, e non o negue, que dixó que non quería cambiar ese pleno porque ía a vir, home!. Vale, vale. Entón mire, a salvadora é vostede porque a señora Ánxela González non necesita defensores, e vostede durante catro meses non se decatou do que pasou neste concello, entón, pónase ao día dos traballadores que están de baixa, fale con eles e pregúntelle o motivo de porqué están de baixa.



¿Enténdeme? E despois, pónase ao día, doutro tamén do que está pasando neste concello, que non son rumores, ¿vale? O Partido Popular tráeo e pono enriba da mesa. Dona Ánxela González, vou con vostede, imos ver, en ningún momento, e non poña palabras na miña boca, que eu dixen algo mal dos traballadores e do director da escola, para min son excepcionais. Empezaron comigo e seguen con vostede e en ningún momento dixen que. ¿Saben o que digo? Que vostede é mala directora desa escola, nada máis. É agora mesmo a cabeza visible, e que para min vostede non serve, e o digo, non serve, para levar un colectivo. En ningún momento falei mal nin do director, que é excepcional, nin dos seus músicos, ¿vale? Iso non o volva dicir! Mire e si se reunió con eles durante varias veces, é a súa labor, aquí non veña vendendo, que é a labor dunha concelleira reunirse cos profesores da escola, ¿vale? E mire, eu non fun nin por diante nin por tras, porque a reunión onde houbo un problema estaban tódolos profesores, que llo digan, que llo aclaren. Non diga cousas que non son, porque tampouco llo vou consentir, vale? A

O señor Alcalde toma a palabra: Chelo

A señora Vispo toma a palabra: Eu tampouco podo permitir, pero é que non me deixan

O señor Alcalde toma a palabra: Estoulle a preguntar si rematou.

A señora Vispo toma a palabra : Non me deixa acabar.

O señor Alcalde toma a palabra: Deixa que remate os seus tres minutos. Quédalle un minuto.

A señora Vispo toma a palabra : Mire, que quede aí, ¿vale? Séino, e xa está, e vostede tamén o sabe, entón, vai quedar aí. Non teña vostede ningún problema, xa está,¿ vale? Agora, lle sigo dicindo que non serve para dirixir a escola de música, e grazas aos traballadores da casa de cultura e da escola de música, vostede está aí e coa cabeza ben alta, pero que teña coidado porque vai ir baixando. Grazas

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ánxela, Ánxela, está na súa quenda de palabra.

A señora González toma a palabra (BNG): Desde logo me parece un pouco macarra, vostede para empezar, a actitude que acaba de ter. Porque me pareceu unha ameaza o que me acaba de dicir. Non, non a acabo de insultar, acabo de facer referencia á súa actitude, acábame de dicir que a súa cabeza vai ir baixando, e non sei como interpretalo.

O señor Alcalde toma a palabra: Señora Ánxela, rectifique esa expresión.

A señora González toma a palabra : Non, non a rectifico por unha sinxela razón. Rectificala

O señor Alcalde toma a palabra: Rectifique.



A señora González toma a palabra : Ela que retire o que dixo, vostede ten a cabeza ben alta grazas aos traballadores. Primeiro, eu teño a cabeza ben alta porque son unha persoa honesta, clara e que estou en política por unhas razóns posiblemente bastante distintas as de vostede. Por iso, teño a cabeza ben alta. Non por ningún traballador que me levante a cabeza. Segundo, que eu non son capaz de levar a escola de música ou a casa de cultura, bueno esa é a súa opinión, ¿vale? Eu respetao, e ata aí todo de acordo, agora “que vai a empezar a baixar a cabeza”, iso retíreo porque soa a machista e a ameaza, ¿vale? Soa a machistada e a ameaza, entón cando ela retire iso eu retiro o de macarra, non antes, iso, sinceramente.

O señor Alcalde toma a palabra: ¿Vostede vai retirar esa expresión?

A señora González toma a palabra : A ver, estamos nun pleno

A señora González toma a palabra : Retira ti o que acabas de dicir, dimo doutra maneira e

O señor Alcalde toma a palabra: ¿Vostede quere retirar ou rectificar esa expresión?

A señora Vispo toma a palabra : O de baixar a cabeza non é un termo machista, por favor.

O sra. González toma a palabra: Esa oración, ven precedida doutra parte, que é, “vostede ten a cabeza levantada grazas aos traballadores da casa de cultura e da escola de música, e a partires de agora vaina baixar”, vale, a min iso tampouco me parece correcto, co cal, eu retiro o de macarra, retiroo.

O sra. González toma a palabra : retiroo, pero non me ameace, dona Chelo.

O señor Alcalde toma a palabra: Retira a expresión, asunto zaxado retiroo, pero non ameace, dona Chelo. Votos a favor desta compatibilidade.

A señora Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“ APROBACIÓN DA COMPATIBILIDADE DE D. JOSE LUIS FERNÁNDEZ CASAS”

4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE NENOS E NENAS DE 0 A 3 ANOS NAS ESCOLAS INFANTIS DE BARBADAS.

O señor Alcalde toma a palabra: Aprobación inicial da ordenanza, da modificación da ordenanza



reguladora de axudas para a escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos nas escolas infantís de Barbadás, ten a palabra o señor Sarín.

O señor Núñez toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas. Creo que a segunda vez, o segundo ano consecutivo que desde o Grupo de Goberno, que traemos esta ordenanza reguladora de axudas para aquelas familias que quedan fora da escola infantil municipal de Barbadás, e vou a facer unha, practicamente, é unha ordenanza moi similar á anterior, a do 2016, simplemente vou a resinar unha serie de cuestións que digamos fan unha modificación con respecto á ordenanza anterior e os motivos tamén polos que entendemos que é preciso por en marcha esta, continuar de novo con esta ordenanza no ano 2017. Dikir que bo, supón, entendemos que certo desafoego para aquelas, nas matrículas que teñen que pagar estas familias que quedan fora da escola infantil municipal e que se poden matricular nas escolas infantís privadas do concello, entón digamos que é unha axuda económica que entendemos que supón ese desafoego. Dikir que con respecto á experiencia que houbo o ano pasado, hai algunha modificación na cuestión orzamentaria, que implica no artigo 3, que pasa de, o ano pasado eran 30.000 e pasamos este ano a 10.000 euros, é dikir que xa o falamos tamén cando foi nos orzamentos pero en todo caso pensen que efectivamente pois dado que seguimos tamén coas negociacións pertinentes coa Xunta de Galicia, por ser unha competencia digamos autonómica o tema educativo, nesta franxa de 0 a 3, estamos pendentes de que nos dean luz verde para poder acometer un PAI no concello de Barbadás, un Punto de Atención á Infancia, que realmente de, e remataría co déficit de prazas que hoxe ofertamos na escola pública e que realmente non damos a cobertura precisa, ¿non? Sen entrar así moito, moito no detalle pero pensen que somos un concello onde os nacementos de nenos, nenas, nos anos anteriores pois ronda a centena, 113 2013, 103 2014, 95, é dikir, sempre rondando a centena, nós ofertamos unha serie de prazas que son 90 prazas, máis 5 para servizos sociais e que dado o volume de solicitudes que hai tódolos anos, nos anos anteriores veñen quedando entre 25 e 30 prazas sen poder dar unha cobertura, sen poder dar unha praza na escola pública, polo tanto decidimos por en marcha esta ordenanza. O artigo 4, si que nos fala tamén, imos ver, algunha cuestión así resinable, no artigo 4 que modifica á anterior, que si que fala, que serían beneficiarios aqueles nenos, nenas, inscritos nalgunha das escolas privadas do municipio, as mesmas que estaban resinadas no ano pasado, que son as anteriores, que son as que existen e que non obtiveron praza na escola infantil no curso actual e no anterior, para ter unha continuidade naquelas familias que non obtiveron praza tamén no curso anterior e que podan digamos reengancharse de novo a esta



ordenanza, para poder manter no caso de que non teñan de novo praza no proceso de matrícula, poder de novo optar, de novo, a esta solicitude. E no artigo 5 e no 11, resinar que si que facemos tamén unha, pomos unha lanza tamén, fomentamos o empadroamento tamén das familias, porque para facer as matrículas é preciso este empadroamento, e despois tamén, cando no artigo 11 se esixe na xustificación e pagamento, se volve esixir este volante certificado de empadroamento da unidade familiar para que se ao mellor no transcurso dese prazo houbo un cese, unha baixa no censo, non teñan dereito a esta axuda, polo tanto seguimos fomentando pois estas cuestións. O artigo 7 que é onde ven a táboa que creo que é moi similar ou idéntica a do ano pasado, establece unha axuda en función do iprem e das horas solicitadas e dos servizos de con ou sen comedor, unha axuda que establece, que vai desde os 30 e os 100 euros mes, en función da renda e creo que pouco máis na primeira intervención.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra O señor Ramón Padrón.

O señor Padrón ten a palabra : Neste tema simplemente dicir que imos votar a favor, e lembrar que seguimos sen poder dar cobertura a tódalas familias que nos demandan o servizo de gardería municipal. Esperemos que para o ano que ven non teñamos que aprobar este tipo de axudas e demos cobertura a toda esta demanda.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra: Eu quería preguntar que cantos nenos quedaron fora da gardería, da praza, cantas persoas quedaron fora. O ideal sería non ter que estar tódolos anos dando subvencións senón arranxar dunha vez por todas este tema. É ben certo que no concello de Barbadás o diñeiro escasea porque temos unha serie de gastos que hai que cubrir que non podemos escapar deles , entón, bo, as solucións a veces son algo difíciles aínda que haxa boa vontade por parte da xente. E nada, dicir que vou a votar a favor pero que antes me explique as persoas que non teñen acceso ao servizo.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. O voceiro ou voceira do Partido Popular, é o súa quenda.

A señora Vispo toma a palabra : Unha baixa de orzamento de 30.000 a 10.000 euros para o ano 2017, o que non entendemos este tipo de axudas neste momento. Imos ver, nós entendemos, o Partido Popular, que si vostede saca a apertura da gardería das inscricións no mes de marzo, a axuda económica do ano pasado sería para o curso 2016-2017, agora mesmo sería 2017-2018, queremos entender que esta axuda sexa, porque dí na ordenanza que poden solicitar a axuda económica os que



xa o ano pasado tiveron, non lle deron esta axuda. Imos ver, entendo que o ano pasado os 30.000 euros, os que solicitaron era para o curso 2016-2017, e que non o entendo, ¿vale? Iso é un dos temas que vimos nós. Despois, o ano pasado cando se trouxo esta ordenanza, xa dixemos que realmente é unha discriminación, díxoo o Partido Popular, é unha discriminación, que realmente o dixemos na comisión informativa, que os nenos que teñen a gardería, o sexa que optaron á gardería municipal e a praza queda fora, queda fora desta praza, pois que optarían ás garderías municipais, perdón, ás garderías que están neste concello que son dúas, ¿vale?. Se eu realmente, teño ao carón do meu traballo unha gardería, meu fillo quedou fora da gardería municipal, é unha discriminación. Se a algunha persoa lle pasa isto desde logo imos a apoialos. Porque realmente sigo dicindo, que a señora Interventora nos deu o informe na comisión informativa, non estamos da cordo, e levarémolo onde teñamos que levalo, porque non é así, é unha discriminación. Despois, eu creo que incluso, o sexa o ano pasado, na acta de xaneiro dicíannos que se recibiu unha subvención da Deputación de 23.000 euros. Mire, realmente con estas subvencións para a atención infantil do concello vostedes poden cubrir esta axuda por iso baixaron a 10.000, porque realmente as familias que quedan fora, logo diranos ese número de familias, pero aínda non sabemos as do 2017-2018, vale?, as que van quedar fora, porque aínda non o sabemos, nin vostede nin eu, ¿vale?, entón aínda ese baremo é imposible facelo, por iso me entende que, eu non entendo que traía aquí esa ordenanza porque non temos datos aínda. Tería que poñerse enriba da mesa. Despois, revisei estes días a páxina web onde en atención para a infancia, sabe que hai outras axudas doutras administracións e non figuran para nada, porque si se poden dar ata 300 euros, vostede sabe, a través da Deputación coa tarxeta, porque non figura, menos mal que a difusión das axudas de Deputación chegan a tódalas familias pero realmente o concello non o pon, soamente este tipo de axuda. Creo e sigo dicindo que realmente é discriminatorio este tipo de ordenanza, que 10.000 euros non sei se lle chegarán para as familias que van quedar fora. Despois, recórdolle a acta de xaneiro de 2016, cando vostede nos dicía que isto era unha solución para este momento porque traían herdado do Partido Popular de que non tivéramos unha segunda gardería nin un PAI, ¿vale?. Recórdolle que no mes de maio van facer dous anos vostedes, ¿a quen lle van botar a culpa?, ¿ao Partido Popular? Como creo que ata a oposición quere facer. Mire, señor Núñez, imos ver, entendo que agora mesmo xa tiveron dous anos, aínda hai unha cortina de fume de que van facer o PAI en Bentraces, de que van solicitar a segunda gardería. Traen esta axuda, A señora Fina Varelas, votou en contra o ano pasado porque dicía que era a medias, e ten razón, porque realmente vostedes xa teñen, en dous anos, que ter algo enriba da mesa e non lle boten a culpa ao Partido



Popular. ¿Que negociacións hai? ¿como está o PAI? ¿Como está a segunda gardería? En vez de ter o BNG un local xa apropiado detrás das oficinas do Mercadona para facer unha segunda casa da mocidade, imos dicir, como lle chama o señor Fírvida, da mocidade, 260.000 euros, non podería por vostede a disposición..., igual esaxero, igual esaxero un pouco, máis ou menos, o mantemento e tal, imos ver, non poderían por a disposición da Xunta ese local ¿para a segunda gardería?. Digo, déixoo aí enriba da mesa. Entón non diga señor Sarín, isto é outra ordenanza, tipo a da anterior pero que non vemos avances, e agora mesmo xa non volva dicir na súa intervención que é unha herdanza do Partido Popular. Recórdolle outra vez que leva dous anos, agora mesmo no mes de maio gobernando e que seguimos igual. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Sarín.

O señor Núñez toma a palabra: Así moi breve. Por contestar á portavoz de Democracia Orensana, foron 27 prazas na matrícula anterior do curso 16-17, as que non obtiveron, 27 familias as que non obtiveron praza nese período de matriculación. E son coas que nós, evidentemente nos reunimos, este concello se reuniu para informar desta ordenanza e doutro tipo de cuestións que estaban enriba da mesa, como era a posibilidade do bono concilia da Xunta, outro tipo de subvencións que podían obter para poder matricular aos seus fillos e as súas fillas noutras escolas. Con relación co que di a portavoz do Partido Popular, a ver, moi rápido, moi resumido, a baixada do orzamento xa lle expliquei cal foi o motivo, é dicir, estamos en negociacións, voulle explicar en que punto están estas negociacións coa Xunta, con respecto á construción deste PAI en Bentraces, e que si efectivamente de momento non temos aínda os permisos pertinentes que nos permitan plantexar, iniciar de inmediato esta construción pero si que de momento os pasos que temos dado, si que son correctos e si que penso que van, modestamente, no camiño acaído e que polo tanto esperemos ter en breve esta construción. Efectivamente, aquí baritas máxicas non as hai, vostedes estiveron moitos anos, efectivamente, co esta cuestión, con este déficit de prazas, tampouco fixeron nada para emendar esta situación, ningunha segunda gardería que vostedes rexeitaron cando había subvencións tamén da administración, da Xunta, e vostedes miraron, botaron sempre balóns fora, e houbo sempre este déficit tamén de prazas, xa non co goberno actual, senón anteriormente. Fálame dos baixos da casa da mocidade, imos ver, este goberno decide como e para que, decide, vai a dedicar os baixos e os locais pertinentes que hai. Nós desde logo entendemos que efectivamente, o local antiga escola, o antigo teleclub de Bentraces, nos parece o lugar acaído para levar esta infraestrutura, que nos parece unha maneira de dar servizos



tamén no rural, de dinamizar as parroquias do rural e de que efectivamente, non todo necesariamente teña que estar na Valenzá. Que si que está ben que estea na Valenzá a escola infantil municipal que é onde máis poboación hai, pero nos parece importante que efectivamente isto se derive tamén a outras parroquias do rural onde realmente poda ser un aliciente, para que familias novas se asentem tamén nas parroquias do rural e dinamicemos a vida das nosas parroquias. Para iso estamos traballando e desde logo pondo isto enriba da mesa porque nos parece de recibo que sexa así. ¿da cordo? A ver, faleille do bono concilia, que era outro tipo de axudas que puxo enriba da mesa a administración autonómica, os datos, evidentemente non temos datos para esta matrícula porque é unha matrícula que se vai a facer agora en breve, pero que temos os datos de anos anteriores, que como dixen entre 25 e 30 solicitudes sempre quedan fora polo tanto establecemos estes baremos para que podan continuar as familias que non obtiveron praza na anterior e podan, digamos, reincorporarse novas solicitudes das prazas que podan quedar fora este ano.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Unha consideración nada máis. Temos que, é a segunda intervención, falta unha quenda si, despois falo eu ao final. Fale vostede por favor.

O señor Padrón toma a palabra: Rapidamente para que interveña o señor Alcalde.

O señor Alcalde toma a palabra: Vou ser moi breve.

O señor Padrón toma a palabra: Eu só quero recalcar outra vez, que é unha pena que este concello dado o volume de poboación de xente nova, de nenos, que aínda esteamos nesta situación de ter que aprobar unhas subvencións para unhas garderías privadas e non ter nós mesmos as prazas para este tema. Entón o goberno ten que traballar moito niso e acábaselle o tempo. O primeiro ano como din os do Partido Popular, pois para asentarse e tal, o segundo pois xa hai que empezar eses proxectos, teñen que se ir xa madurando e oxalá que o ano que ven xa non teñamos que aprobar estas axudas. Simplemente por mencionar algo que dixo a portavoz do Partido Popular, nós pensamos tamén que se debe, esas prazas, dúas garderías privadas que hai no concello, porque se vostede mesmo defendía anteriormente de non levar os cartos fora do concello, se agora deixamos que os cartos vaian fora do concello, pois en certa maneira, aínda que son cousas diferentes, pero algo de contradición hai.

O señor Alcalde toma a palabra: Señora Fina, por favor.

A señora Varelas toma a palabra: Nada, darlle completamente a razón ao señor Padrón no último comentario, ou todo para aquí ou todo para afora. Non se pode ter un santo para unha cousa e outro



para outra. Está claro que se as subvención se se dan o ideal é que queden aquí no concello, nas garderías privadas aquí e non levalas para Ourense. Entón non entendo ao Grupo Popular, a veces baila un tango e a veces unha “jota”. Este goberno, pídevos por favor, que miremos a ver a forma de crear unha nova gardería, a ver si neste ano que ven xa podemos ter algo adiantado, porque a base de subvencións non podemos estar sempre, dígovolo por vós mesmos. Estar catro anos a base de subvencións non é a forma adecuada e hai que mirar a ver de onde se pode sacar diñeiro para isto. É certo que no concello de Barbadás hai moita xente nova, hai moitos nenos, é o concello onde máis nenos nacen e é algo realmente necesario, o sexa, moi necesario, porque a ninguén lle gusta levar ao seu neno a un sitio e que lle digan que non hai praza, entón, mirade a ver como podeades facer, porque realmente quen estades gobernando sodes vós. Nós, os que estamos aquí eu sei que estou na oposición, nunca perdín o norte e sempre souben que estou na oposición, pero bo o que vos digo é que fagades, os que estades gobernando que fagades para promover e mover isto, para non ter que estar sempre aprobando axudas. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Chelo Vispo.

A señora Vispo toma a palabra: Imos ver. O que dicían do último comentario. Entón danme a min a razón. Si eu digo que un dos nenos poda ir de 22, 23 ou 24, que podan quedar fora ou ao mellor ningún, non o sabemos porque aínda, é unha X, ¿vale? Entón, algún que vaia non ten nada que ver con buscar emprego e empresas para Barbadás, iso non ten nada que ver, ¿vale? Eu estou dicindo que si algún dos nenos vaise para fora non é que sexa que non deixe o diñeiro aquí, pode ser un ou dous, non ten nada que ver co tema do centro empresarial. Hai que ser consecuentes co que dicirmos ¿vale? Dáme igual. De todos xeitos, señor Núñez, imos ver, o ano pasado dicía vostede que non tiña a barita máxica e acababa no Partido Popular. Hoxe volveu acabar no Partido Popular e botándonos a culpa. Díxollo o señor Padrón, díxollo a señora Fina Varelas, busquen unha solución, porque o ano que ven, oxalá me equivoque, pero o público que está aquí e os que estamos a eu arredor imos traer a mesma subvención, senón ao tempo. De todos xeitos, mire, cortinas de fume, porque recórdolle nesa acta do ano pasado, onde dicía, e recórdolle que no mes de agosto non se ía cerrar a gardería, porque o Partido Popular íaa pechar. Póñolle un exemplo do que vostede di. Fágolle unha pregunta para que conteste á xente que está aquí? ¿Cerreuse a gardería no mes de agosto 2016? Contéstolle eu. Si, porque non tiña outra solución e acabounos dando a razón. ¿Vale? Entón, señor Sarín, o PAI, a segunda gardería, póñanse a traballar e poñan os locais que teñen a disposición para que teñan a segunda gardería,



¿vale? Soamente lle dicimos iso. Non se fixe na oposición. A verdade, somos seis os concelleiros do Partido Popular, pero parece que somos seis contra todos vostedes. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Señora Chelo. Eu pregúntolle ao público agora. E o Partido Popular estivo gobernando durante vinteito anos. Os grupos que agora estamos gobernando este concello trouxemos unha moción para levar o PAI a Benlaces hai catro ou máis, seis anos. Vostedes votaron a favor, e vostede foi concelleira de educación. ¿Vostede fixo os seus deberes no seu día? Non! !!

A señora Vispo toma a palabra : Terei que contestarlle eu a vostede .

O señor Alcalde toma a palabra: Eu teño dereito a contestar.

A señora Vispo toma a palabra: Pero contestareille eu á pregunta.

O señor Alcalde toma a palabra: Vostede non apoiou ese PAI. Vostede perdeu ou non optou tan sequera a unha subvencións do Goberno Central para traer aquí unha segunda gardería e agora está reprochando todo o que vostede en catro anos que foi concelleira de educación, catro, catro, non fixo. isto é para poñer en antecedentes aos señores Ramón Padrón e a Fina Varelas.

A señora Vispo toma a palabra: Non, non.

O señor Alcalde toma a palabra: Por si acaso non o sabían

A señora Vispo toma a palabra: Ou contesto ou lle digo unha cousa. Os concelleiros do Partido Popular tomamos unha decisión. Vostede pode falar e o respecto, cando vostede queira. Cando vostede faga unha pregunta e vostede xa conteste por min, que poda contestar.

O señor Alcalde toma a palabra: É unha pregunta retórica que se pode facer en política e en calquera ámbito da vida. Pregunto retórica. ¿Votos a favor?

A señora Vispo toma a palabra: Non, non lle vou contestar nada

O señor Alcalde toma a palabra: ¿Votos a favor desta ordenanza? ¿Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE ,do BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto, e as abstencións do PP, o seguinte acordo:
“APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE NENOS E NENAS DE 0-3 NAS ESCOLAS INFANTIS DE BARBADÁS”



5.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS E VELADORES.

O señor Alcalde toma a palabra: Aprobación inicial da modificación ordenanza fiscal municipal de instalación de terrazas e veladores. Ten a palabra A señora Victoria Morenza.

A señora Morenza toma a palabra (PSOE): Pois son uns cambios moi sinxelos, que se fixeron como xa explicamos na comisión informativa para que moitas persoas que piden un aumento de mesas en determinados momentos do ano, como poden ser as festas patronais, pois non teñan que pagar o mes enteiro tal e como viña recollido na ordenanza que está en vigor e na anterior ordenanza, que dicía que eran irreductibles as cantidades que tiñan que pagar. E despois tamén hai outra modificación que se fai respecto ás polbeiras e á churrería que xa o coñecen todos vostedes, que está feito en base a uns baremos, a unhas táboas que examinaron tanto a interventora como o responsable de urbanismo, e dicir, o aparelador municipal, e chegaron á conclusión de que tiña que ser 0.48 m² pero non se incluía, pero non se precisaba que tiña que haber un máximo para que non foran as cantidades, certamente, abusivas. Entón agora fíxase unha cantidade máxima de 50 euros. Porque no caso das polbeiras como só se establecen catro días ao mes, as cantidades non eran esaxeradas, pero no caso dunha churrería como se deu aquí a circunstancia, pois esta cantidade era moi elevada. As contas, a liquidación de taxas resultaba moi elevada.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Apuntar unha cuestión, que cando falaba de 48, falaba de 48 céntimos. Ten a palabra O señor Ramón Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, nada, simplemente que nos parecen unhas modificacións lóxicas, xa quedou explicado en comisión informativa e nada máis, estamos da cordo.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra A señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra : Estamos tamén da cordo porque rectificar e axudar á xente está ben, e se os prezos para a churrería eran abusivos, bueno abusivos, excedíanse pois está ben que se rectifique, e tódalas rectificacións son boas. Grazas

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.



A señora Vispo toma a palabra: Pois nós, tampouco estamos da cordo. Imos ver. Señora Victoria Morenza, ¿canto lle sae á churrería?, máis ou menos son doce metros cadrados o que pode ocupar de chan público a churrería. ¿Canto sae ao mes?.

O señor Alcalde toma a palabra: Cento setenta e dous euros.

A señora Vispo toma a palabra: Vale, perfecto. Xa vexo que fixo as contas señor Alcalde, pero pregúntolle á señora Victoria Morenza, non a vostede.

O señor Alcalde toma a palabra: Ela tamén o sabe.

A señora Vispo toma a palabra: Vale, pero bueno. Grazas por contestarme vostede. É fácil facer a conta. De todos xeitos, imos ver, eu creo que é un favoritismo á xente que se instala, e voulo explicar claramente, ao reducir a cantidade non pon tope por mes, se axusta máis que se reduza a contía, que non por un tope baseándonos nun dos principios relativos aos bens e dereitos de dominio público, que é a dedicación preferente ao uso común fronte ao seu uso privativo, é dicir, é máis barato ter a churrería, e que lle poño un exemplo moi claro que hoxe un compañeiro meu me dixo, e que llo vou trasladar a vostedes. É máis barato ter a churrería aparcada na aceira que no garaxe. Cincuenta euros, ¿sabe canto custa alugar unha praza de garaxe aquí en Barbadás? Entón o que estamos a facer con isto, é aparte de que realmente, hoxe calquera posto ambulante pode vir a Barbadás. Estamos invitando aos postos ambulantes. ¿Que pensarán os hostaleiros de todo isto? ¿Falárono con eles? Os hostaleiros pódennlle montar un, como se di, un posto ambulante ao carón do seu propio bar. Vai pagar 50 euros ao mes. Non vai pagar máis, e pode vender cafés, pode vender bebidas, pode vender churros, pode vender o que queira. Mentres que os hostaleiros están a pagar unhas taxas e o que realmente o que estamos facendo con este cambio na ordenanza, a ver eu non vou ir contra a churrería, a ver si agora o Partido Popular van dicir que imos contra as churrerías ou contra os postos ambulantes. O que estamos facendo e invitar, que unha persoa se pode ir as feiras ambulantes, e logo estar, como lle sae barato, 50 euros ao mes, e despois ter o seu posto ambulante aquí aparcado. ¿Non sei se o entenderon? coa praza de garaxe puxen un exemplo moi claro. Entón, eu creo que isto non é coherente cos hostaleiros, ¿vale?, Non é coherente, entón haberá que buscar un termo medio. Eu creo que 172 euros, se a unha persoa se lle cobra isto, terá que por automaticamente en funcionamento o seu posto, porque telo pechado, 50 euros, eu non teño que alugar nada para metelo nun garaxe. Eu quero entendelo dese xeito, e o noso Grupo o entendemos así, entón eu creo que non cara a os hostaleiros, esta ordenanza



ten, imos a facer alegacións, porque realmente non o vemos positivo. É unha improvisación, eu non, ou algo se nos queda no tinteiro que o poden explicar, ao mellor non o estamos entendendo correctamente, pero entendo que é un agravio cara a os hostaleiros, sigo dicindo porque eu mañá monto un chiringuito ao carón do Alumbre, por dicir un, puxen o Alumbre por non dicir outro, e lle estou facendo competencia e pago 50 euros ao mes. Entón, sinceramente non o vexo. Despois, esta ordenanza deu vinte mil voltas. Trouxemos alegacións, os hostaleiros trouxeron alegacións. Imos ver, miren ben as cousas cando as fan. Esta ordenanza xa se volveu cambiar e se seguirá cambiando, ¿vale? Pero entendo que teñen que fixarse, quen desenrola estas ordenanzas, non sei. A ver, por que motivo se cambia isto agora, ¿polas polbeiras? Non sabemos se este é o motivo de cambiar esta ordenanza agora, ou hai que beneficiar a alguén ou realmente o que estamos dicindo antes, ou se beneficia aos postos ambulantes? E que non o entendemos. Entón, ¿se alguén mo pode explicar?

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten vostede a palabra. Xa interveu Ramón, xa interveu Finia e xa interveu Chelo, tócalle a vostede.

A señora Morenza toma a palabra: Vostede mesmo o dixó, van presentar alegacións, é que é o seu traballo. Se vostedes non están da cordo con algo terán que presentar alegacións, é o normal. Evidentemente. Non se está facendo ningunha discriminación positiva e por suposto cando un establecemento, como pode ser a venta ambulante ou algún polbeiro quere instalarse nas beirarrúas da Valenzá, por exemplo neste caso fundamentalmente, pois necesita un permiso, unha autorización, un informe favorable da policía local. Evidentemente se o Alumbre quere instalar un chiringuito ao lado do seu bar, terá que pedir permiso evidentemente, e probablemente non sexa autorizada, non o sei, porque non sei o que diría o informe da policía local. Todo vai cunha autorización da policía local, e xa lle expliquei antes que tanto o responsable de urbanismo como a interventora deste concello estiveron reunidos para fixar as contías, e as contías quedaron establecidas nas contías aproximadas legais do 0.48 céntimos por m². Evidentemente, eles mesmos tamén recoñeceron que podía resultar abusiva esta cantidade, e por iso se procedeu, e tamén porque o decidimos o goberno diste concello, facer esta modificación, para non facer unha discriminación. E dicirlle tamén por se non o sabía, que os prezos son os mesmos, idénticos que os que están vixentes no concello de Ourense.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: Recalcar que seguimos da cordo con este tema porque despois de



todo é un posto de venta ambulante, non é un posto de venta permanente, quérese entender así. Que é por un determinado número de días, non por un ano enteiro. A autorización, o permiso que se pida, eu quero entender que se alguén ven a pedir un permiso para colocar un posto ambulante, o concello non lle vai dar un permiso para os 365 días do ano, porque se non, digo eu, non sei, supoño que será así.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina Varelas. Señora Chelo Vispo.

A señora Vispo toma a palabra: A ver, eu, señora Victoria Morenza. Eu non digo que o Alumbre monte un chiringuito, dixeran que o ía montar eu, ¿vale? Se eu, calquera persoa, calquera cidadán de fora, de dentro, xa non poño barreiras, para que non se me tache diso, monte un chiringuito diante do Alumbre, non que o Alumbre monte ao lado, porque aquí se terxiversan as cousas. Despois, valoración abusiva. Era unha valoración abusiva, mire. O que pasa é que me toca a min directamente, e tiñan razón e se pagou. As entidades financeiras pagaron 4.000 euros por cada caixeiro e iso si que despois, o que pasa que, fomos nós o Partido Popular, e vostedes non dixeran que fora abusiva cando estaban na oposición.

O señor Alcalde toma a palabra: Pero se o dixemos nós. Este menda foi o que a propuxo, señora Chelo, por favor.

A señora Vispo toma a palabra: Pois ao revés.

O señor Alcalde toma a palabra: Fun eu o que a propuxen e trouxen esta moción.

A señora Vispo toma a palabra: Pois abusiva era e non dixeran absolutamente nada, porque estaba mal calculado e en ningún intre se dixo nada, estaba mal calculado e tódolos sabemos, porque houbo unha equivocación, nese momento dunha persoa, técnico desta casa. Non, non non, imos ver valoración abusiva. aí que ver. Eu vou a iso, e que dicía vostede, bo en urbanismo tal, a veces hai equivocacións e hai que asumilas. ¿da cordo? O churreiro, o que dicía o señor Padrón, canto tempo está o churreiro, o señor da churrería, porque soa así mal, o señor que ten a churrería?

Efectivamente Victoria, efectivamente Victoria, pero pódolhe dicir que está uns cantos meses, e a veces está pechada, porque si lle imos cobrar 50 euros, pódeas deixar na rúa. E dígoche que si, con autorización do concello, claro que se pode montar calquera chiringuito que sexa..., eu mañá mesmo vou montar un posto de golosinas. ¿Vale? A min, vaimo negar, señora Victoria Morenza. Eu se monto un posto de golosinas, claro que mo nega. Nada, é unha broma aparte, grazas.



A señora Morenza toma a palabra : A min non me gusta bromear con este tema.

O señor Alcalde toma a palabra:¿Rematou señora Chelo? Unha praza de garaxe neste concello costa, na Valenzá costa entre 35 e 50 euros aproximadamente. Custa entre 35 e 50 euros ao mes. En alugueiro, falo de alugueiro, por suposto. Estamos falando de 50 euros, evidentemente á venda unha praza de garaxe non custa 50 €. Churreiros, ou churrerías, venda ambulante, polbeiras e similares, dinamizan tamén o tecido empresarial e comercial deste concello, e ademais si vostede se ten fixado e se compra polbo verán que están ubicados neste caso, porque imos falar destas todas actividades que están nesta tarifa, están vencellados intimamente e ubicados ao carón doutros establecementos comerciais deste concello. Ubicados neste concello. E polo tanto, uns complemente aos outros e uns serven de atracción para outros. Se vostedes teñen unha visión tan restritiva da actividade empresarial e comercial que resulta que unha churrería é incompatible cunha actividade comercial dun bar que vende

A señora Vispo toma a palabra: Non dixemos iso, ¿vale?

O señor Alcalde toma a palabra Que vende golosinas ou que vende, como se chama, cruasans, bollería, pois cada un ten a súa forma de ver as cousas. Nós partimos do feito de que todas estas actividades complementan a outras actividades. A outras actividades vencelladas a este tema da hostalería e do comercio no noso concello.

A señora Vispo toma a palabra : Señor alcalde, por alusións, eu non estou en contra das polbeiras.

O señor Alcalde toma a palabra: Eu non dixen que estivera en contra señora Chelo. Vostede terxiversa. Xa sei que terxiversa, perfectamente, seino perfectamente. ¿Votos a favor? ¿Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE ,do BNG, Democracia Ourensana, e Grupo Mixto e as abstencións do PP, o seguinte acordo:
“APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS E VELADORES”

6.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA REALIZAR UN PLENO EXTRAORDINARIO ANUAL SOBRE O ESTADO DO MUNICIPIO.

O señor Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para realizar un pleno



extraordinario anual sobre o estado do municipio. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, desculpe señor Alcalde, penso que se está trabucando no título da moción.

O señor Alcalde toma a palabra: Pois o das terrazas pon, moción do Partido Popular de Barbadás para a realización

O sr. Fernández toma a palabra: Discúlpeme pero é para romper un pouquiño o xeo. Penso que é a moción para que a señora Fina Varelas nos dé un repaso aos do Partido Popular, me parece, ¿non?

O sr. Alcalde toma a palabra: Isto, conta no tempo ou restámolo.

O sr. Fernández toma a palabra: Como prefira, vou ser breve, vou ser breve. Bueno. Nun afán por achegar á vida pública a cada un dos cidadáns de Barbadás, dende o Grupo do Partido Popular, presentamos esta proposta coma unha nova ferramenta de debate e participación. Unha ferramenta que achegue a administración local ao cidadán, que nos obrigue nun futuro a informar aos veciños e veciñas sobre a xestión municipal e que garanta a máxima transparencia na mesma. Na última legislatura aumentou o número de concelleiros e concelleiras así como o número de grupos políticos que compoñen esta corporación. Neste mapa político actual de Barbadás, é necesario que o equipo de goberno expoña anualmente que políticas concretas realiza e que obxectivos se marcan ao longo do curso político. Nun debate co resto das forzas representadas no plenario de Barbadás, por suposto. Deste xeito, tanto cidadáns como os diferentes colectivos que compoñen o tecido asociativo, cultural, educativo, social, poderán valorar as accións do goberno e ademais o traballo que desenvolven cada un dos distintos grupos desta corporación. Somos conscientes do valor democrático e da convivencia que xenera a participación cidadá, e por iso decidimos avanzar nese camiño, sendo partidarios de establecer unha democracia participativa, transparente, solidaria, e integradora. E os plenos sobre o estado do municipio sería boa proba delo. Por isto presentamos á consideración do pleno os seguintes acordos:

1.- Modificar o regulamento de organización municipal para incluír a realización dun pleno extraordinario anual sobre o estado do municipio.

2.- Para elo como é lóxico, convocar, e así o propomos, previamente unha mesa de voceiros dos distintos grupos municipais na que se elabore a recepción do punto a incluír baixo as prescricións legais pautadas pola secretaría xeral do concello.



Establecer a data da súa realización, horario que por suposto deberá ser distinto ao marcado para os plenos ordinarios actuais, roldas de intervencións e duración das mesmas, así como os diferentes extremos legais de desenvolvemento.

3.-Adoitar ao mesmo tempo as medidas para que este pleno sexa o máis participativo posible, dándolle a publicidade necesaria, entre a cidadanía e os diferentes colectivos, fomentando deste xeito un debate participativo, frutífero para tódolos nosos veciños e veciñas.

Unha vez rematada esta exposición desta moción, só me queda animalos, e convidalos a que visibilicen esta proposta. Animámoslos a que adoiten esta proposta como boa, pois entendemos que hai que camiñar e dar pasos día a día para mellorar este Barbadás e achegar á vida pública e municipal, a cada un dos nosos veciños. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, vostedes propoñen unha especie de debate sobre o estado da nación ou un debate, bo, a ver, reducido ao concello. Non, non me estou, non me quero rir con iso nin nada deso. Digo que é unha especie deso en minúsculas, dedicado ao concello, ¿non? En principio nós estamos totalmente da cordo coa idea, e entendemos que está moi ben, pero indo á práctica, hai pouco aprobamos un regulamento orgánico municipal, no que fixamos que este concello tivera un pleno cada mes, excepto o mes de agosto, e hai a posibilidade de plenos extraordinarios como os que se convocaron, primeiro, por as eleccións, porque é por lei, hai que convocalos, e logo, pois algún pleno extraordinario que se convocou por parte do goberno, ou incluso por parte incluso de vostedes. Aínda hai cousa dun mes, no que nós xa manifestamos o que pensábamos daquel pleno. Polo tanto, pensamos que non cabe un pleno extraordinario sobre o estado do municipio. Non pola exposición de motivos que vostede nos resumiu aquí, senón porque non hai posibilidade de encadrarlo dentro do que é o ano, do ano natural. O que si pensamos é que a nosa proposta sobre este tema, é que este pleno, o sexa o pleno extraordinario, o pleno dos orzamentos, sexa de carácter extraordinario e monográfico, porque o orzamento é no que se debate o estado actual do municipio, totalmente, incluído as contas. E ademais ao final, a votación, ten unha votación que é importante, porque vai a dicir o que vai a pasar o ano que ven no municipio. E nese pleno, pois si, a nosa proposta é que ese pleno sexa extraordinario, que sexa monográfico, que sexan os quendas de intervención sexan moito maiores, para que cada Grupo poda expoñer a súa visión do concello, e aparte de expoñer a súa visión do concello sobre datos



enriba da mesa como é o orzamento que vai a presentar o Grupo de Goberno. Entón, pareceríanos máis útil esa ferramenta que non aprobar a realización dun pleno extraordinario do estado do municipio, que en principio nos parecería unha boa idea, pero que non a damos encadrado no ano, logo pensando que hai xa un pleno cada mes, no que todos traemos mocións. Nós tratamos de traer mocións o máis concretas posibles, e o máis realizables posibles para que o Grupo de Goberno teña a ben facelas se é que saen aprobadas. Entón para falar dun tema deso, creo que iso sería, para o noso entender, vamos, unha ferramenta moi importante, en principio, sería para celebrar a finais de novembro, ou decembro, salvo que haxa algún tipo de problemas, e se teña que pasar a xaneiro. Pero creo que sería o foro no que cada un pode expoñer a súa visión do concello e logo con datos reais enriba da mesa como son as contas públicas do concello, e haberá unha votación que si que será importante. Neste pleno extraordinario do estado do municipio, o que se vote ao final, non vai a ser nada, e polo visto aquí, ao final, o que vai a pasar é que vai a haber aquí unha liorta de cruces de acusacións e de tal que ao final non imos chegar a ningún punto de encontro. Nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra: Vexo que ao meu compañeiro Manuel de ironía sóbralle un pouco. Por favor, déixeme falar a min que estou no miña quenda. A moción esta, para nada é de Democracia Orensana, é do Grupo Popular, o que pasa que eu teño dereito a falar e explicarme, e non dar un repaso, simplemente, poñer as cousas no seu sitio, porque me parece que xa están pasando de castaño escuro. Imos ver. Aquí no concello de Barbadás antes había plenos cada dous meses, agora temos plenos cada mes. Penso que todo o que hai que debater, pódese debater nos plenos normais de cada mes, non meter ao concello en máis gastos dun pleno extraordinario, porque realmente, non o entendo. ¿Que é o que queren demostrar con este pleno extraordinario que queren facer? ¿Que é o que queren demostrar? ¿Que vostedes son moi legais? ¿Que vostedes pensan moito nos veciños? Eu hai unha cousa que non entendo. Ou son tonta, ou vostedes os do PP queren facer á xente tonta. Vostedes gobernaron vinteito anos, agora levan na oposición igual ca min, ano e medio. Están protestando, pedindo cousas cando vostedes non as fixeron. A min daríame vergonza pedir algo que púdeno facer e non o fixen. Entón, sexan máis humildes. En canto a señora Chelo Vispo, sexa un pouco comedida co que di, porque dicir que deixei á miña compañeira soa, bueno, a miña compañeira é unha persoa que pode vir a un pleno soa. Non é soa. Ela ten cabeza, ela pensa, ela fala, ela non é de Barbadás, pero coñece Barbadás. O sexa, vostede ¿que ven defendendo á miña compañeira que a deixei soa? Entón,



vostede cando estivo enfermiña coa súa baixa tamén foi ao banco a traballar, ¿verdade? Tamén deixou ao seu banco solo.

O señor Alcalde toma a palabra: Por favor, penso que non procede.

O señor Fernández toma a palabra: Eses son os repasos. Eses son os repasos.

A señora Varelas toma a palabra: Señor Alcalde, señor Alcalde, a min díxome aquí en pleno, aquí en pleno díxome que deixara a miña compañeira soa.

A señora Vispo toma a palabra: Señor Alcalde se seguimos neste tono ímonos levantar e ímonos. Señor Alcalde, vostede é o que dirixe.

O señor Alcalde toma a palabra: Opino que non debemos seguir por ese camiño.

A señora Vispo toma a palabra: Está falando cousas persoais.

A señora Varelas toma a palabra: Señor Alcalde, mire, eu non sigo por este camiño se non abren eles o camiño, porque eu non teño nada que dicir. Só digo que non se meta, que non veña de defensora

A señora Vispo toma a palabra: Está entrando en temas persoais Fina

A señora Varelas toma a palabra: Non, non estou falando temas persoais. Se ti queres falar temas persoais, hai unha porta aí fora e podemos falar o que queira, non aquí.

A señora Vispo toma a palabra: A xente non lle interesa onde traballamos ti e eu, nin nada.

O señor Alcalde toma a palabra: Vostede ten dereito a dar a súa opinión sobre isto. Creo que o outro

A señora Varelas toma a palabra: Señor Alcalde, señor Alcalde, o outro veu por un comentario que fixo esa señora, non o fixen eu.

O señor Alcalde toma a palabra: Pois tiña que haber solicitado nese momento unha quenda de palabra por alusións.

A señora Varelas toma a palabra: Aclarado isto, aclarado isto. Aquí vimos falar de política, non vidas persoais e ela non ten que estar defendendo a ninguén

O señor Alcalde toma a palabra: Estamos da cordo plenamente. Siga coa súa intervención.

A señora Varelas toma a palabra: En canto ao repaso, non é repaso. É a miña opinión e teño dereito porque teño xente que me votou. E teño dereito a falar aquí, e teño dereito a dicir que me parece



ridículo estar pedindo plenos extraordinarios ou un pleno a un ano, a unha cousa que podemos facer tódolos meses. ¿A que ven isto? ¿Non lle chegan as explicacións que temos aquí?. ¿Temos que seguir un pleniño máis? Ou é que non sei, ou fai falta o diñeiro, ou quérennos ensinar algo, unha lección de algo ou non o entendo. É que sinceramente non o entendo.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Fina. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O señor Fírvida toma a palabra: Compartimos a defensa da democracia participativa como a mellor das ferramentas para garantir a transparencia e os piares básicos da democracia social. Por iso desde este goberno, puxemos a andar a ordenanza de participación veciñal que regula o funcionamento dos órganos de participación social de maneira democrática e libre. Polo tanto, a participación veciñal na vida democrática e política, non se debe cingir única e exclusivamente aos responsables e os representantes políticos. En Barbadás, existe a posibilidade de participación a nivel social e veciñal, e tamén individual, e nin estes colectivos que se organizaron no noso concello. O feito de ter un pleno máis ao ano, non vai a garantir de ningún modo a mellora dos modelos de participación veciñal. Desde que hai un ano, o novo goberno de Barbadás modificou xa en dúas ocasións o regulamento de funcionamento dos órganos colexiados de representación política, con participación de tódolos grupos municipais, aumentóuse a once o número de plenos ordinarios, que antes era seis ao ano, máis o pleno onde se debaten os orzamentos do concello, verdadeiro pleno, consideramos, onde se debate o estado do concello. Non cremos que facer doce plenos ordinarios, ao ano, en canto de facer once, garantice e mellore a calidade democrática do concello. Os representantes políticos teñen tamén, a posibilidade de aplicar o ROF, e solicitar a convocatoria de ata tres plenos extraordinarios cada ano, cumprindo as condicións marcadas na lei de sumar un terzo do total dos membros da corporación municipal. Entendemos que a participación da cidadanía está garantida co concello de participación veciñal, coa posibilidade de intervir nos plenos, como xa ten sucedido, e que non existía no pasado, e cos órganos de representación política que xa están regulados na actualidade. Mudamos horario dos plenos para posibilitar a asistencia das persoas que teñen horarios laborais máis habituais, dándolle voz á cidadanía. A transparencia, señor Manuel, na vida política, non se acada con un pleno máis ao ano. A transparencia, gáñase coas formas de actuar. A transparencia vese na xestión do concello. A transparencia, demóstrase con procesos de selección de persoal e de contratos públicos que garantan a igualdade de oportunidades, a xustiza e a legalidade. A transparencia, gáñase non mentíndolle aos veciñas e aos veciños, senón facéndoos partícipes. Non estamos no Congreso do Estado nin no



Senado, non estamos nin siquiera no parlamento de Galicia para ter un debate anual sobre o estado do país. Estamos en Barbadás. Teñen vostedes a posibilidade de presentar dúas mocións cada mes, de convocar plenos extraordinarios, de interpelarnos nos plenos con rogos e preguntas. Cando haxa asuntos que así o requiran, convocaremos xunta de portavoces, órgano que antes non existía neste concello. Poden vostedes propor, se é preciso, a convocatoria de esta xunta de portavoces cantas veces o necesiten, aínda que a convocatoria, loxicamente, corresponda ao señor Alcalde. Polo tanto, nós, entendemos que non é necesario, pór un pleno máis extraordinario ao ano, como manifestaron tanto desde os dous outros grupos da oposición, porque en nada melloraría a democracia e a participación que xa está garantida, neste concello.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: Dende o noso Grupo, volver dicir o mesmo. Si, estamos a favor, o sexa, da cordo coa exposición de motivos, como ben di é necesario que o equipo de goberno expoña anualmente as políticas concretas e que realice os obxectivos que se marcan ao longo do curso político nun debate co resto das forzas representadas no plenario de Barbadás. Nos cremos que iso fáise no debate dos orzamentos e entón o que propoñemos para aprobar a moción, é unha emenda de substitución dos acordos que veñen aquí expostos e instar ao Grupo de Goberno a que convoque un pleno extraordinario co motivo do orzamento monográfico. Nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: Vostedes, que responden a esa proposta, ¿a esa emenda? Ten algún tempo máis, ¿non sei se quere utilizalo ou non? Non. Señora...

O señor Padrón toma a palabra: Simplemente tamén, recalcar tamén as palabras que dixo o señor Tenente Alcalde que está claro que a participación agora con once plenos ordinarios, incluso algún extraordinario que se convoca por parte, e ten a posibilidade o grupo maioritario da oposición de convocar plenos extraordinarios, porque llo permite a lei, creo que é suficiente para debater aquí sobre calquera a tema que se teña que debater. Iso si, volvemos recalcar, o dos orzamentos si que pedimos aínda que vostedes non acepten a emendade substitución, si que lle pedimos ao Goberno que ese pleno sexa monográfico, porque a importancia é relevante, entón aí si que podemos debater sobre a política xeral do concello cando o convoque.

O señor Alcalde toma a palabra: Señora Fina, por favor.

A señora Varelas toma a palabra: Volvo repetir o que dixen antes. Considero que este pleno que



queren, que propoñen eles é innecesario, non por as cousas que piden, porque iso pódese facer en calquera pleno de cada mes. Polo tanto non estou a favor desto.

O señor Alcalde toma a palabra: Teñen a palabra, por favor.

O señor Fernández toma a palabra: Bueno, pois, precisamente non sei se entenderon a proposta que lle trouxemos aquí. Claro que por suposto temos dereito a solicitar tres plenos extraordinarios ao ano. Non o fixemos, nin o imos a facer. O que lle estamos brindando é unha oportunidade para que entre todos artellemos, unha ferramenta para poder debater asuntos importantes deste concello, nun único pleno e no que non se van poder tomar acordos, senón que a cidadanía saiba perfectamente como se está levando a xestión municipal. Voulle indicar despois de escoitar e valorar as súas intervencións, voulle respostar despois a cada un de vós, pero quixera indicar algunhas cuestións. Entendemos que a participación deberá ser un dos eixes fundamentais no desenvolvemento das políticas municipais, impulsando novas formas de decisións conxuntas entre a cidadanía e os representantes políticos. O goberno bipartito actual dispón de máis concelleiros e concelleiras para poder facer a súa labor. Tamén de máis axudas procedentes das distintas administracións como a autonómica e a provincial. A maiores conta con máis recursos económicos grazas a anteriores gobernos do PP, que xestionaron con responsabilidade este concello nos momentos máis profundos da crise económica herdada. Todo cabe recordalo. Co único que non conta o actual goberno, é con máis oposición que fiscalice realmente a súa desastrosa acción, pois nun aumento de grupos políticos na corporación, un deles presta apoio incondicional e outro non existe na vida pública municipal. Compre que os cidadáns valoren a rendabilidade do seu voto, facendo posible un debate anual no que tódolos grupos podan intervir para indicar o traballo que desenvolven e o que están a aportar para conquistar un Barbadás mellor, día a día. Un debate nun horario e data axeitados para que os nosos conveciños e conveciñas, podan coñecer en primeira liña, se os seus representantes fan un bo uso da obriga contraída con eles en maio do 2015. Fala vostede, señor Fírvida, de que agora temos un pleno mensual, e non como antes que tiñamos dous. Tería que engadir un pleno mensual a deshoras. O que temos é os plenos ordinarios ás tantas da noite e sen público, agradezo a presenza dos que están presentes, cun orde do día estipulada e nos que se tratan varios puntos distintos. Fala tamén de que no pleno sobre os orzamentos xa se debaten asuntos como os que hoxe nós lle propomos aquí. Mire, no último pleno no que se incluía na orde do día a aprobación dos orzamentos tamén se incluían outros nove puntos. Cando se debateron os orzamentos, eran case dez e media, once da noite. Xa me dirá vostede o horario. No pleno dos



orxamentos trátanse tamén outra morea de cuestións, e no tocante aos orxamentos unicamente debatemos sobre o que vostedes nos presentan. Un corta e pega anual, e algunha que outra proposta económica e o que lles estou a dicir é algo que vai moito máis aló. Un pleno con un único punto do día, onde non se trata de expoñer onde se van a gastar os cartos dos contribuíntes para o ano que ven, senón tamén se os cartos gastados nas titiritadas pagaron a pena e se están aportando beneficios á cidadanía. E digo si, titiritadas, está ben dito. Se todos os cartos aportados a Proeco, serviron e serven para acadar os obxectivos. Se pagou a pena investir preto de 40.000 euros no museo da gaita de fole. Grazas señor Alcalde, remato. Ou se os máis de 50.000 euros en arranxar as piscinas serviron para mellorar as condicións dos usuarios. Ou máis de 50.000 euros nun parque detrás da Casa de Cultura no que se gastaron centos de botes de pintura, Sen pensar primeiro que había que impermeabilizado, e hoxe temos queixas dos veciños que alí teñen as súas prazas de garaxe porque lles está entrando auga. E si, para isto serven os plenos, os plenos que nos propomos. Un pleno do estado, perdón, un pleno do estado municipal. Non para mirar os orxamentos como van quedar para o ano que ven, senón ónde se está invertindo os cartos do orxamento, que se aprobou o ano pasado, e si se está facendo ben a xestión. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Correspóndalle a vostede pechar o quenda de palabra. Correspóndelle a vostede pechar.

A sra. Secretaria toma a palabra: ¿Podo facer unha explicación? Imos ver. O ponente dunha moción, non altera a orde normal dos debates. É dicir, por pura lóxica inicia o debate e o cerra en canto que así, sérvelle para respostar as intervencións de tódolos Grupos Municipais. Detrás dese peche só pode falar o Alcalde en concepto de tal. Isto para que xa quede xa un pouco sabido.

A señora Vispo toma a palabra : Sabémolo

O señor Alcalde toma a palabra: Pero o tiñamos todos en dúbidas.

A señora Vispo toma a palabra : Non, non estábamos en dúbidas, tiñámolo claro.

O señor González toma a palabra : É o señor Alcalde que non o ten.

O señor Alcalde toma a palabra: Pero vostedes tamén o poden dicir.

O señor González toma a palabra : Tres ou catro veces

O sra. Secretaria toma a palabra: A persoa que ten que cerrar o debate evidentemente é o

O señor Alcalde toma a palabra: É o ponente da moción.



A señora Vispo toma a palabra: Xa o sabíamos señor Alcalde, hoxe estamos, non sei, estamos espesos todos.

A señora Ánxela toma a palabra: Parecéume moi despreciativo o de “titiritadas”.

O sr. Alcalde toma a palabra : Non Ánxela, non procede agora mesmo. Non vou dar máis voltas, en relación a este tema. Non procede agora mesmo.

O señor Fernández toma a palabra: “Titiritada” é “titiritada”

A sr. Alcalde toma a palabra : Señor Manuel!

O señor Fernández toma a palabra : E “macarra” é outra cousa.

A señora Ánxela toma a palabra: É despreciativo.

O sr. Alcalde toma a palabra : Ánxela! Ten o quenda de palabra o señor Tenente Alcalde.

O señor Fernández toma a palabra: E despois pecharía eu, claro.

O sr. Alcalde toma a palabra: si, si, si,

O señor Fírvida toma a palabra: ¿Que a cidadanía saiba como se leva a xestión do concello? Os cidadáns o saben, xa o saben. E se non están vostedes para facer ese traballo. Para transmitir entre a cidadanía cal é a labor que fai este concello. Desde o Grupo de Goberno tamén o intentamos transmitir. Desde logo o que sabe ben a cidadanía era a xestión que se levou os últimos vinteoito anos, Iso sábeo moi ben. Coñéceo todo o mundo, non só en Barbadás. Se coñece incluso en Madrid, polas revistas de ámbito nacional, que publicaban os temas de corrupción urbanística do noso concello. Non só en Barbadás se sabía o que pasaba neste concello no pasado. Control por parte da xestión, teñen vostedes toda a información ao seu dispor. Poden entrar nesta casa para pedir información consonte, a información. Si teñen, si, si, da igual señor Manuel, siga vostede interrumpindo que non van facer que me cale. Sigán, sigán, sigán vostedes interrumpindo. ¿Control sobre a xestión do goberno? Traballo da oposición, igual que o que levamos nós con moitísima máis dificultades das que teñen vostedes agora. ¿Horario do pleno? Faise para facilitar a participación veciñal, a participación é voluntaria. Nós o que non podemos é ir a buscar á xente ás casas. Desde logo, un pleno como se facía antes ás doce da mañá, si que impedía, impedía a participación, e agora polo menos, hai a liberdade de poder vir ou non poder vir. Unha opción que ten a cidadanía. ¿Pleno monográfico sobre os orzamentos? Comparto a opinión do señor Padrón, é algo que debemos estudar desde o Grupo de Goberno, e propoñer a esta corporación municipal. Podemos facer unha xunta de portavoces, cando chegue o momento para mirar



a conveniencia ou non de que o pleno dos orzamentos sexa monográfico e con un único punto na orde do día. Eu creo que é algo que se pode valorar, e que eu polo menos observo, moi positivamente. E claro, querer facer un pleno aquí para falar do divino e do humano e do que nos dé a gana, sen orde do día, con tódalas portas abertas, para lucimento persoal, señor Manuel, pois como comprenderá, está fora de lugar. Fagan vostedes o seu traballo, traian mocións, traian propostas. Se queren sobre as piscinas, si queren sobre Proeco, si queren sobre os ñeños, e nós xa lle explicamos cal é a xestión que estamos realizando, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra : Moitas grazas. E remata vostede a súa intervención. Ramón, Ramón, entreviú vostede dúas veces.

O señor Padrón toma a palabra : Pero non é así.

O sr. Alcalde toma a palabra : Xa o acaba de advertir a señora Secretaria. Correspondíalle pechar a el.

O señor Padrón toma a palabra: A el ou ao Alcalde.

O sr. Alcalde toma a palabra : Non neste momento.

A señora Secretaria toma a palabra: O Alcalde pecha sempre.

O sr. Alcalde toma a palabra : Non, non correspondíalle intervir a el ao final. Houbo un lapsus é un erro que foi o que aclarou antes a señora Secretaria, correspondíalle falar a Fírvida e logo a el de último, prosiga,

O señor Fernández toma a palabra: Falaba o señor Fírvida de que temos a disposición toda a documentación e toda a información. Vimos aquí, meu compañeiro Manu e algún compañeiro máis, catro mañás perdidas, teño certificación por escrito de Secretaría Xeral, co visto e praxe do Alcalde, de que non tiñamos documentación, e botamos aquí varias horas esperando por ela. Así que non veña a dicir vostede iso agora, ¿eh? Aínda estamos pendentes de moita máis documentación, ¿vale? Se o problema é que isto supón un gasto, e ademais un gasto inútil, máis inútil é ter aquí varios grupos da oposición para nada. Para apoiar incondicionalmente ao goberno. Se o problema señor Padrón é a preocupación que vostede ten por gastar, acábolle de dar un feixe de pistas para que non durma en varios días. Logo di a señora Varelas que o PP pide. Claro, claro que pedimos para a cidadanía, e non para nós. Iso para empezar. Imaxino a vostede dando contas nun debate sobre o estado do municipio e sobre a aportación feita desde Democracia Orensana a este concello. Nada que dicir. Esa é a



aportación do seu Grupo. Nada que dicir. Permítame utilizar unha expresión que O señor Jácome acuñou hai uns días da súa frustrada moción de censura no goberno de Ourense. Dixo algo que houbo facer o photoshop aquí en Barbadás. Máis acorde con nós.

A señora Varelas toma a palabra: Por favor, isto é...

O señor Alcalde toma a palabra: Fina por favor, por favor.

O señor Fernández toma a palabra: Señor Alcalde, pídlle o que ten que facer é por orde neste pleno.

O señor Alcalde toma a palabra: Vostedes aplíquense o conto tamén. Aplíquense o conto tamén. Non interrompan tampouco. Non interrompan tampouco.

O señor Fernández toma a palabra: Unha cousa é interromper e outra cousa é dicir as animaladas que están dicindo.

A señora Varelas toma a palabra: ¿Animaladas?

O señor Alcalde toma a palabra: Por favor, respecten o quenda de palabra.

O señor Fernández toma a palabra: Unha cousa é falar e outra cousa é baduar. Baduar si existe no diccionario da lingua galega.

A señora Varelas toma a palabra: Non sabía que tiña un parente tan listo. Vou ter que ir a clases.

O señor Fernández toma a palabra: Dicía, e permítame, utilizar unha expresión que o señor Jácome acuñou hai uns días despois da súa frustrada moción de censura no goberno do PP de Ourense, so que eu vou facer o photoshop máis acorde aquí a Barbadás. Son vostedes, Compromiso por Barbadás e Democracia Orensana, o vagazo do que queda do Grupo de Goberno. Don Gonzalo referíase a Ourense en Común como o vagazo do BNG sen representación no concello da capital, pero eu dígollo a vós aquí. Agora entendo as súas dúbidas e as súas reticenzas a un debate deste tipo. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Vou intervir eu, vou intervir eu. Imos ver. Creo que tódolos concelleiros e concelleiras que están aquí representando aos veciños de Barbadás están facendo precisamente iso. Representando aos veciños e veciñas de Barbadás. Polo tanto, vostedes cando utilizan esta terminoloxía o que lle están faltando ao respecto as veciñas e veciños de Barbadás. Punto e final. Creo que con iso. Señora Fina Varelas, por favor. Con iso queda dito todo. Con iso queda dito



todo. ¿Votos a favor desta moción? ¿Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do PP e os votos en contra do PSdeG-PSOE, do BNG, Democracia Ourensana, e Grupo Mixto, o seguinte acordo: **“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA A REALIZACIÓN DUN PLENO EXTRAORDINARIO ANUAL SOBRE O ESTADO DO MUNICIPIO.”**

7.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA ACHEGAR OS SERVIZOS SOCIAIS ÁS PERSOAS MAIORES E EN RISCO DE SOIDADE.

O señor Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para achegar os servizos sociais ás persoas maiores en risco de soidade. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O señor Fernández toma a palabra: Ben, non escapa a ninguén, que grazas as melloras nos hábitos, estilos de vida e a continuas melloras nas técnicas e avances sanitarios, cada vez é máis frecuente que as persoas maiores adquiran mellores condicións, tendo cada vez máis unha ancianidade prolongada en plenitude de facultades, tanto mentais coma físicas en idades superiores aos oitenta anos. Tódolos avances e melloras no estilo de vida, si ben é certo que aumentan a lonxevidade, cando as persoas se aproximan aos oitenta ou a sobrepasan o deterioro físico e mental aumenta en vulnerabilidade de xeito moi considerable, aínda nas persoas con plenas capacidades. É por iso que xa escoitamos falar da carta idade como o momento nas que as persoas se atopan xa nunha vellez moi avanzada, e que se recoñece como a última etapa vital. Por todo isto, consideramos máis que axeitado que desde a área de servizos sociais do noso concello, se invirta a forma de relacionarnos cos cidadáns que se atopan nesta etapa das súas vidas, e sexa o concello desde estes servizos quen identifique e busque as persoas encadradas nesta cuarta idade. Referímonos a esas persoas que actualmente non constan como usuarias de ningún servizo da debandita área, e moi especialmente aquelas que viven soas. A crise converteu aos servizos sociais en alicerces básicos de calquera a sociedade e teñen no envellecemento das persoas outro gran reto para cos nosos maiores. Maiores aos que lle temos que agradecer o esforzo que nos últimos anos realizaron na economía familiar e local, creando lazos entre xeracións e que sen dúbida, deben ser atendidos cunha reformada concepción do papel que desenvolven na sociedade. Por todo isto, sometemos a consideración do pleno os seguintes acordos:

1.- A elaboración dun proxecto de detección de persoas maiores de oitenta anos, incluso poderíamos



baixar esta idade aos setenta e cinco se así o consideran os técnicos deste concello, e que actualmente non sexan usuarias de ningún servizo da carteira de servizos sociais, e que vivan soas.

2.- Este proxecto deberá incluír un censo que indique cada certo tempo as persoas que pasan a ser usuarias dalgún destes servizos, e cales se benefician da teleasistencia. Para elo, tódolos datos de carácter persoal como é lóxico, deberán ser debidamente tratados con estrito cumprimento da protección de datos, utilizados única e exclusivamente co fin do servizo público que inspira o sentido desta moción.

3.- Realización dunha análise sobre as novas características da poboación adulta maior do noso municipio.

4.- Posta en marcha dun plan municipal, paulatinamente, das persoas maiores que recolla liñas de actuación axeitadas ás novas características, no que se impulse e fomente a convivencia interxeracional, o coñecemento e educación contra os estereotipos e que se sensibilice o respecto a non discriminación pola idade.

5.- E que esta moción se publique na páxina web municipal.

Bueno, si de deron conta, esta moción que lles acabo de explicar poderíamola esquematizar en dúas liñas de actuación ben diferenciadas, pero ámbalas dúas converxen nun mesmo punto, que é a mellora social dos nosos maiores. Hoxe son eles os maiores da nosa sociedade, pero mañá ímolo ser nós, por iso a importancia do que nós lle estamos a propoñer. Por unha banda, unha liña enfocada para aquelas persoas maiores que aínda nunha idade avanzada se desenvolven socialmente, ben porque teñen acceso aos servizos, ben porque xa son usuarias deles, ou porque teñen persoas ao seu redor, na maior parte dos casos familiares, que se coidan de facilitarlles unha forma de socializar. Nunha segunda liña, as persoas nos mesmos tramos de idade, xa digo, podíámolos baixar de oitenta a setenta e cinco, pero que por diversas circunstancias non teñen acceso a estes servizos, non socializan como deberan e que na maioría dos casos viven soas. Como ben saben, non hai moitas semanas tivemos varios casos en Barbadás, de persoas en soidade e nos que foi precisa a actuación de varios veciños para evitar fins dramáticos. Nalgúns deles a veces conséguese, pero noutros moitos deles, non. Animoos pois a un traballo en conxunto e neste tema camiñar xuntos na preocupación por este colectivo e nas novas realidades ás que se enfrontan. Aproveito tamén se mo permiten para agradecer desde aquí a todas e cada unha das asociacións veciñais e culturais do concello, que se están a implicar como están facendo



para fomentar a participación dos nosos maiores nas actividades que desenvolven, e moi especialmente, nos das zonas do rural, onde sempre é moito máis difícil chegar. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: Outra moción que non temos nada que dicir no tema da exposición de motivos. Collendo xa o fío do que dixo vostede ao final, quero lembrarllas, xa digo, que se poña en marcha un plan para todas estas actuacións que enumerou vostede, estamos da cordo. Non sabemos si desde os servizos sociais a dispoñibilidade que hai para realizar este tipo de plan municipal, coa carga de traballo que hai no tema de axuda no fogar e tódalas, e o traballo que hai en temas sociais. De todas formas, estamos a favor de que se busque a posibilidade de elaborar estes plans, porque todo o que teña que ver cos nosos maiores é unha débeda que temos e unha obrigaón por parte dos concellos. Nós pensamos de sempre, que os nenos e as persoas maiores son as actuacións principais as que se debe a actuación do concello, en temas sociais e de actividades e de moitas cousas máis. Quero lembrar aquí, que xa digo, collendo o fío do tema das asociacións de veciños que dixo vostede agora ao final, nós trouxemos unha moción, o trinta de outubro do dous mil quince, na que dicíase, Compromiso por Barbadás, considerando o constante avellentamento da poboación unida á falla de alternativas no rural, que foi unha demanda dun colectivo veciñal ademais, de varios, fai que as familias con este tipo de problemática se vexan avocadas a un constante retiro nos seus fogares. Por unha banda os coidadores e coidadoras non dispoñen de tempo para poder desafogar do día a día, e por outra os dependentes, dependentas, están forzados á reclusión no fogar, sen poder socializar cos seus veciños, veciñas, amigos, amigas. O que se pretende con esta actividade é potenciar e melloras as relacións persoais dos dependentes, dependentas e desas persoas soas, fala vostede, e liberar de carga aos seus coidadores e das persoas que están con eles, e sei hai algunha. E os acordos daquela moción eran instar ao grupo de goberno a executar un plan para iniciar esta actividade poñendo persoal para realizala nos locais sociais de cada parroquia do concello. Poñerse en contacto coas asociacións veciñais de cada parroquia para elaborar un listado de persoas que a soliciten e os recursos que aquelas podan aportar. E a temporalidade do servizo, serían dous ou tres días por semana, dúas horas cada día nas distintas parroquias do Concello. Esta era unha moción concreta, sobre actuacións concretas que nós traíamos. Vostedes Traen aquí a elaboración dun plan de detección de persoas maiores, eu pódolle dicir por experiencia, persoas que están soas e nós demos tamén aviso aos servizos sociais dalgunha persoa que estaba soa, e os servizos sociais funcionaron. Foron a ver como



se encontraba esa persoa, en que situación se encontraba. O que pasa é que o tema das persoas soas a veces é problemático porque no exemplo que lle estou poñendo, esa persoa non quería, non quería ningún tipo de axuda, nin quería saír de onde estaba, do seu ámbito, nin nada. E ao final tampouco supoñía un problema para os seus veciños, entón realmente iso despois quen o pode determinar é un xuíz, non pode ser o concello. Se a persoa está nas súas facultades e non quere facelo e tal. Entón, ahí, é a labor de todos e detectar tamén a esas persoas e poñela en coñecemento, como xa digo, fixemos nós nun determinado momento. Logo despois, esa persoa non quería socializar, iso xa é cuestión que non se pode obrigar a ninguén a facelo. O que si, estes acordos que nos dixéramos naquela moción, que eran sobre un tema en concreto, e algo sobre o que poñía xente para que esas persoas puideran socializar ás persoas que si queren facelo. Ou haxa esa posibilidade. Nada máis de momento, non temos nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra A señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra: A moción en si está ben explicada. É unha moción coherente, razoable. O que pasa que o outro día na comisión informativa, o que nos explicou o señor Sarín, é que a moción era boa, pero que ao mellor non hai persoal suficiente para levala, desarroiala. Entón, penso que como volvo dicir, é unha boa moción, pero teríamos que un pouco todos, cando presentemos mocións, saber se as mocións poden chegar a facerse, porque pedir por pedir, que volvo a repetir, que está ben, non teño nada contra ela. Hai que saber se se da realizado por persoal, porque o que non imos é a aprobar mocións e despois xa a hora da verdade non podelas realizar, non porque non se queira, senón por falla de medios. Entón, o concello de Barbadás, o que estou vendo, é que de persoal estamos bastante escasos, teñen moito traballo, entón haberá que ver como se pode facer, porque por moi boa que sexa se non temos persoas que podan levar isto a cabo. Hai cousas neste momento ao mellor de prioridade máis importante, entón non sei como se vai a poder resolver este tema. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O señor Núñez toma a palabra (BNG): Si, ben. En relación con esta moción desde o goberno de Barbadás, temos que dicir que estamos da cordo co argumentario en sí da moción, porque nos parece unha moción con este sentido. De feito o traballo que se desenvolve no día a día nos servizos sociais municipais, pois van encamiñados nesta liña, de prestar, evidentemente este servizo a aquela poboación que máis o precisa e tamén, evidentemente, pois neste caso ás persoas maiores, tal e como



reseñan no acordo un, de maiores de oitenta anos. O que si debemos entender tamén e que debe existir unha necesidade por parte dos usuarios, independentemente da idade que teñan e xa que a premisa entendemos que é fundamental no aspecto dos servizos sociais, para que os servizos podan actuar e podan axudar a quen realmente o precisa, como o dicía aquí o compañeiro Padrón, ten que haber unha vontade tamén de que isto sexa así. Me explico, ten que haber unha vontade por parte do usuario ou da usuaria de que os servizos sociais podan actuar no seu caso particular para que podan mellorar o seu *modus vivendi*, a súa situación actual. Isto en moitas ocasións non é así. Aínda coñecendo os servizos sociais situacións onde a situación non é a máis acaída, porque unha persoa maior ao mellor vive soa, pero é a persoa a que escolle ese xeito de vivir, e efectivamente pois tampouco ao mellor neste caso non ten, non solicita demanda de prestación de servizos e aínda ofertándonos a veces, a solventar determinados problemas non queren, que realmente os axudemos. Se teñen dado casos de solicitudes de ingreso en residencias, en centros de día, que entren evidentemente no servizo de axuda no fogar, e non queren, nin unha cousa nin outra. O compañeiro Padrón o acaba de resinar. Evidentemente por outra parte, hai unha porcentaxe importante de persoas maiores que viven soas, e temos constancia no noso departamento. Lóxicamente, vostedes ou calquera a veciño ou veciña que coñeza unha realidade sospeitosa de poder estar e raiar na vulnerabilidade, de estar nunha situación de precariedade, pois evidentemente, deberan de porse en contacto con nós para darlle unha solución acaída á problemática desta persoa. Na moción se falou deste caso, onde unha persoa de setenta e cinco anos vivía soa, realmente tamén actuaron os servizos sociais, actuouse tamén para o ingreso desta persoa nun centro residencial e cando veu de alta, porse en contacto cos servizos sociais do CHOU, pois posibilitamos o ingreso nunha residencia. E dicir, realmente cando hai unha problemática, e esa problemática chega a nós, nos actuamos nesa medida. En relación cas políticas que desenvolvemos, e axilizo para solventar a problemática da idade avanzada nos nosos veciños e veciñas, resinar pois a vixencia dun convenio que temos con Afaor e coa Fundación Dorzán, onde temos catro obradoiros de memoria en Piñor, Finca Fierro, A Valenzá e en Loiro. Que o sentido destes talleres é a prevención do alzheimer e doutras demencias de tipo neurodexenerativo, resinar que estes talleres chegan en algúns casos a vinte usuarios, usuarias. Que tivemos o ano pasado un alumno que tiña cen anos. É dicir, que realmente estamos traballando e apoiando tamén á xente maior, como evidentemente non pode ser doutra maneira, ¿non? E como entendemos que ten que ser, desde os servizos sociais. En relación cos acordos xa da moción, dicir que os acordos 1 e 2, nos parecen, nos poderían parecer acaídos, ¿eh? Porque vale, é un proxecto de detección de persoas maiores de oitenta anos que non sexan usuarios do



servizo. O tema da teleasistencia que xa é algo que nós estamos traballando desde os distintos servizos. Pero tendo en conta evidentemente tamén o que pode establecer a Lei de Protección de Datos en relación co manexo desta información. Xa en relación cos artigos, cos acordos 3 e 4, pois non estamos da cordo con estas propostas, porque entendemos que este teórico plan municipal de persoas maiores, evidentemente dado o volume de traballo, xa o explicaba na comisión informativa do xoves pasado, o volume de traballo que manexamos nos distintos servizos evidentemente fan imposible, que nós podamos considerar por en marcha un plan, os distintos plans, onde terían as reunións de distintos técnicos. onde hoxe por hoxe non estamos en disposición, permítame de perder o tempo con plans, temos que atender á xente que é o prioritario e niso estamos traballando no día a día desde os técnicos, desde os distintos servizos sociais.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra Ten que rematar.

O señor Núñez toma a palabra: Simplemente dicir, que para acordar este tipo de cuestións, habería que acordar unha externalización que evidentemente tampouco estamos da cordo con ela.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten unha segunda intervención, por favor.

O señor Núñez toma a palabra : Veña, remato.

O señor Alcalde toma a palabra: Tócalle a vostede

O señor Fernández toma a palabra: Bueno, a ver. Sr. Padrón, falaba vostede dunha moción que trouxo, penso que o ano pasado, a principios, ¿pode ser? Si, si, por iso llo quero recalcar. Fíxese se a ten diante, quen votaron a favor dela e quen non, e aparte si saúu aprobada ou non. Penso que saúu aprobada pero aquí non se fixo nada. ¿É certo ou non é certo? Pídlle por favor que me conteste despois. Bo pois, insistir en que desde os poderes públicos debemos velar por evitar na medida do posible que este tipo de situacións, se dean e para elo o Concello dispón de distintos recursos técnicos, para que os nosos maiores non padezan este tipo de riesgos. E pódolles asegurar que legalmente, os servizos sociais de calquera concello teñen potestades para chegar a casos, como o que vostede falaba, e poder intervir, legalmente. Ademais, nos últimos tempos tamén cambiaron profundamente as características deste colectivo, mellor estado de saúde, maior nivel cultural, son máis independentes e activos socialmente, a vez que conservan o seu valor como a fonte de coñecemento e experiencia, e isto a nivel interxeracional tamén o deberíamos aproveitar. Os sucesivos gobernos do Partido Popular deste concello apostaron por isto, e conseguiron implantar distintos servizos que a día de hoxe, como



os que vostede falaba, aínda funcionan. Pero que o actual goberno bipartito, nalgún caso, tentou estragar. Mire, tentaron cambiar os horarios de ximnasia e manualidades nos pobos, hai que recordalo. Dificultando así a participación dos nosos maiores nas actividades. Complicaron ou intentaron complicar o bo funcionamento e benestar dos maiores da asociación de pensionistas Fonval, cos cambios que se fixeron no local, que os acolle actualmente, pero foi a intervención do Partido Popular quen evitou todo isto, que todo isto se estragara. Agora tócalle ao servizo de axuda no fogar, pero tamén se toparán con nós, desde logo. Sempre a trompicóns. A área de maiores sempre foi considerada fundamental polo Partido Popular á hora de deseñar políticas locais de actuacións, e nesta liña desde logo llo aseguro, imos seguir traballando.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, como dicía vostede é certo que saíu aprobada a moción e non se executou, e de feito nós no pleno de hoxe traíamos unha pregunta para este tema, porque

A señora Secretaria toma a palabra: É a segunda

O señor Alcalde toma a palabra: ¿É a segunda?

O señor Padrón toma a palabra: Si é a segunda. A segunda. Digo que realmente nós traíamos unha pregunta sobre este tema, para facerlle ao Grupo de Goberno sobre esta moción, que non nos esquecemos dela. O que pasa é que vendo a moción que presentaron vostedes pois xa decidimos falar, o sexa, xa nos deron pe a falar sobre esta moción o tema. Seguimos intentando que o Grupo de Goberno faga esta moción porque a consideramos importante e é sobre unha realización concreta que sí se pode facer. A moción de vostedes, pois de facer un plan xa digo, está ben, e nada máis, pero realmente sobre cousas concretas non fala. Volvo repetir, a nosa moción instábase ao goberno a executar un plan para realizar esta actividade, unha actividade concreta, que é nos locais das asociacións de veciños das parroquias, non de tódolos pobos, das parroquias, das parroquias, cun listado de persoas que soliciten unha socialización e os diñeiros que elas podan aportar, para que non so sexa unha actividade pagada polo concello. Incluso dicíamos que a temporalidade do servizo serían dous días por semana. Seguimos recalcando que queríamos que o Grupo de Goberno acometa esta actividade e seguiremos intentando que así o fagan. Pois dicirlle algo sobre o de antes, bueno, vai en relación tamén coas mocións. Vostedes que querían facer nun pleno tal e falar aí de todo, e nomeaba a piscina. Para iso están as mocións. Nós trouxemos no seu día o tema da piscina municipal e pedimos



un informe e a vostede entregóuselle un informe do que pasou coa piscina co arquitecto municipal. Nós trouxemos unha moción sobre ese tema. Di que non quere que se fale diso. E se vostedes, hai cousas que teñan que traer, traian ao pleno mocións sobre cousas concretas do que pasa e nós apoiáremolas ou non as apoiaremos, dependendo do que pensemos sobre iso. Pero non diga que se vai a resolver todo, poña a escusa, que se vai a resolver todo nun debate sobre o estado do municipio. Nun debate sobre o estado do municipio.

O señor Alcalde toma a palabra: Ramón, xa está.

O señor Padrón toma a palabra: Pero vai no fío deso. Que vostede ao final se queremos aprobar, aprobamos algo concreto, ¿entende? Senón, ao final eu podo dicir que si ou pódome abster, non lle vou a votar en contra, pero ao final non estamos falando de nada en concreto. Nós trouxemos algo concreto, e si que vamos a intentar que si que se faga.

O señor Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas, por favor.

A señora Varelas toma a palabra: Eu non vou debetir a moción do señor Padrón porque xa o fixen no seu día, nin vou repetir o que xa dixen desta moción, que está ben explicada, pero se non se pode realizar por que non hai persoal suficiente, non vexo moita solución.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez e pecha o señor Manuel.

O señor Núñez toma a palabra: Entendo que efectivamente, sería marabilloso se este tipo de plan, este tipo de propostas que o Partido Popular presenta, viñera acompañado dun financiamento da Xunta para concellos aumentando partidas en servizos sociais. Que é unha realidade que en Galicia, no rural, e o PP, que neste caso está rebaixando estas partidas orzamentarias tamén en servizos sociais, polo tanto non podemos facer moito máis do que estamos facendo. Eu o que si lle digo é que efectivamente, o traballo dos técnicos, non vou aquí a desglosar o traballo que se está desenvolvendo nos distintos servizos, pero é o suficientemente importante para non, evidentemente, non proceder a aceptarlle por parte do goberno, os acordos 3 e 4. Estaríamos da cordo nos puntos 1 e 2 e 5 da moción, pero non estamos da cordo nos puntos 3 e 4 que evidentemente solicitamos neste momento, que efectivamente retiren, para poder, digamos votar neste caso a favor da moción.



O señor Alcalde toma a palabra: Por favor.

O señor González toma a palabra: Si, non sei o que opinarán o resto de compañeiros, eu non estou da cordo en retirar nada do que propomos, desde logo. Aquí o que estamos a falar e de que un plan, un plan de inclusión non se fai hoxe para poñelo mañá en funcionamento. Aquí hai que dar pasos pouquiño a pouco. Primeiro hai que ter a idea de facer o plan, e logo pouquiño a pouquiño pois dotar persoal e demais, e ilo facendo. É do que se trata. Fala vostede dos orzamentos que destina a Xunta de Galicia. Mire, o Concello de Barbadás, actualmente non está nos mellores postos dos concellos da provincia en destinar, eh! cartos dos orzamentos, que se acaban de aprobar hai pouco aos servizos sociais. Poderíalle por exemplo, Muiños o 20% do orzamento, San Cibrao o 13, Pereiro o 11,44, o Barco 17,59, Barbadás 9,62. Non me fale de orzamentos que pode destinar a Xunta. ¿Sabe vostede canta xente se está beneficiando actualmente da teleasistencia? Teleasistencia que por outra parte hai tres vías para poderse acoller a ela. Está a vía de dependencia pola Xunta de Galicia, está outra a Deputación que é gratuíta, e a de Cruz Vermella, que non, que hai que pagala. Sabe vostede o número de persoas que se están beneficiando ao día de hoxe da teleasistencia? Sabe vostede o número de persoas maiores de oitenta anos que existen hoxe no concello? ¿Ou de setenta e cinco para adiante? ¿Sábeo? Que é o que necesitamos, datos, datos, datos. Perfecto, pois entón eu podo respostar porque teño os datos, agradeceríalle a vostede que tamén respostara. Predicaron vostedes en canto ao servizo de axuda no fogar, saíu nos medios, que bo que ían a contratar a tres traballadores máis para cubrir pois tardes, fins de semana e demais, e dúas que quedaban para substituír. Mire, había once traballadoras de axuda no fogar neste concello, sigue habendo once, e as outras dúas xa eran para cubrir dúas baixas que por certo, voume sumar á proposta que fixo o señor Padrón no último pleno. Queremos saber, non o absentismo, senón o número de persoas que actualmente están de baixa, e concretamente no servizo de axuda no fogar. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Eu convídoos a facer unha reflexión. Non tiveches dúas intervencións. Convíddolles a facer unha reflexión. Se non me equivoco, todo o ámbito competencial dos servizos sociais é da Xunta e da Deputación. Leven esta proposta á Deputación. Encantaríanos a todos, non, non, a pelota por fora non. Cíngome, cíngome, cíngome ao que di a lexislación actual vixente. Cíngome á lexislación actual vixente. Cada ámbito da administración ten que cumprir coas súas obrigas. Coas súas obrigas legais, e o que estipula a lei e o que di a lei, é isto, é isto. Non, non, que nós estamos da cordo, que nos parece ben en certa medida, en certos aspectos



desta moción, pero aplíquena nos ámbitos de goberno que vostedes teñan e que ademais teñen maioría absoluta. Está pechada a intervención. Deixemos ese tema. Sarín, Sarín. ¿Votos a favor da moción? ¿Abstencións? ¿Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor de PP, as abstencións de Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG o seguinte acordo: “ **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA ACHEGAR OS SERVIZOS SOCIAIS AS PERSOAS MAIORES E EN RISCO POR SOIDADE**”

8.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA RECLAMAR A AMPLIACIÓN DA LIÑA DE AUTOBUS URBANO ATA O HOSPITAL DE PIÑOR.

O señor Alcalde toma a palabra: Moción de Grupo Mixto para reclamar a ampliación da liña de autobús urbano ata o hospital de Piñor. Ten a palabra o seu voceiro.

O señor Padrón toma a palabra: Como xa dixemos en comisión informativa, tiñamos outras mocións, tiñamos preparadas outras mocións, pero visto os acontecementos que sucederon a semana pasada, ou á anterior, pois decidimos cambiar e traer estas mocións ao pleno. Vou a ler a moción porque xa se explica practicamente as razóns. Logo das últimas informacións, aparecidas na prensa sobre a reunión mantida pola responsable da Consellería de infraestruturas da Xunta de Galicia cos representantes dos concellos da comarca de Ourense, e dado que o Grupo de Goberno non informou ao resto dos grupos municipais dun asunto de vital importancia como é o da mobilidade das persoas, aínda que si convocou reunións express polos pobos do concello, en catro días, dende Compromiso por Barbadás queremos traer ao pleno municipal para o seu debate unha proposta baseada nunha demanda histórica por parte da veciñanza da parroquia de Piñor. É obriga dos poderes públicos, neste caso do concello, apostar polo transporte público de viaxeiros. Dicimos que isto sempre baseado na lectura da prensa, nas informacións que ían saíndo na prensa. Seguramente esta moción non fixera falta presentala se ese día, ou días posteriores nos houberan dado información por parte do Grupo de Goberno. En ditas reunións, volvendo xa ao que é o que se dicía naquelas informacións e sempre tendo como referencia ditas informacións xornalísticas, ábrese a posibilidade á ampliación de certas liñas da concesionaria do autobús urbano de Ourense, a certos lugares onde a demanda estea xustificada, aínda que non pertenza ao concello de Ourense. E citábase como exemplo o Polígono do Pereiro. Todo isto ao parecer, porque as empresas concesionarias, agora mesmo destes servizos, ían a



renunciar a eles a partir do día 2, ou 1 de agosto, non sei se me corrixirá o señor Tenente Alcalde, xa non van a prestar este servizo. Polo tanto, nesa información, habería esa posibilidade, que o autobús urbano se fixera cargo desas liñas, claro, sempre tendo en conta a demanda que tiveran esas liñas, e logo, o que tería que pagar o concello, o concello onde entrara o autobús urbano, fora de Ourense, está claro. Entón, unha destas liñas, unha destas liñas, como o resto das liñas do concello, que ten moita demanda, como sinalábamnos antes, ten unha demanda histórica neste senso. Que é que se reclamou de sempre polos habitantes da parroquia de Piñor, así como polos usuarios das instalacións do hospital pertencente á rede do Sergas. Dita demanda non é outra que a ampliación da liña do autobús urbán, sempre e cando se abriera esta posibilidade, está claro, senón isto non vale para nada. A número 10 que hoxe remata na Finca Ferro enfronte á residencia da Xunta, ata a parroquia de Piñor, tres quilómetros máis de traxecto. Esta petición, xustificámola, xa hai máis de tres décadas que se pide iso, e hoxe, xa era necesaria daquelas, hoxe é aínda máis urxente polos tres motivos que poñemos aí, a presenza do hospital de Piñor, que era sempre o primeiro que se reclamaba, que presta hoxe en día as funcións de psiquiatría e de rehabilitación ao que acoden diariamente moitas persoas de Ourense. En segundo lugar, á ubicación a escasos metros, agora mesmo, isto xa é hoxe en día, dunha importante residencia xeriátrica cunha cantidade de usuarios numerosa, que traslada ata alí a cotío a numerosos familiares. E en terceiro lugar, e non menos importante, a parroquia de Piñor, que engloba un núcleo de poboación de máis de dous mil habitantes, xente maior, familias novas con fillos que se desprazan a institutos de Ourense ou á propia universidade. Tamén xustifican esta demanda. Polo tanto, o acordo que traemos ao pleno baseándonos nas informacións que estaban enriba da mesa, en que se dicía que esas empresas que prestan hoxe estes servizos ían a deixar de facelo e se abría á posibilidade co autobús urbán, pois vimos a necesidade de que o concello pola parte que lle toca, solicite, se isto é así, se isto chega a ser así, solicite a ampliación neste caso da liña de autobús urbán, o número 10, que hoxe presta o servizo ata a Finca Fierro, ata o cruce da estrada de Toén coa pista do San Benito. E aparte, que é a engádega da moción, que tamén solicite ao resto das liñas que chegan ao resto dos pobos e parroquias do concello, sempre e cando está claro que a empresa privada que vai a xestionar iso, se é que vai ser así, porque isto estamos falando de futuribles, que son moi excéptico como fun co tema do Transporte metropolitano, o ano pasado xa ía funcionar tamén. A empresa vai ser a que vaia dicir se lle interesa ir alí ou non, e logo Despois, se vai a ir, seguramente ao concello nos pedirá unha compensación económica, ao mellor a empresa directamente non.



O señor Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, señor Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: ao mellor a empresa directamente non pero si o concello de Ourense reclamará do concello pertinente a súa compensación económica. Nada máis, na segunda intervención xa...

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra A señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra: Dikir que está ben que as liñas de autobús cheguen a tódolos sitios. É certo que a concesión acábase agora en xuño, xullo, agosto, entón eu o que diría, instarvos a vós a que a empresa que a colla que chegue aos máximos de puntos posibles e que os horarios se adapten ás necesidades veciñais. Porque é ben certo que hai veces que os horarios, non son axeitados e o que non pode estar unha persoa, baixar a Ourense e tardar catro horas ou cinco en volver ter outro autobús para a casa devolta. Entón, hai que un pouco, esixirille dentro da medida posible que nós podamos esixirille de que as cousas se fagan mellor que se están facendo ata agora. Pero claro, ata agora non hai nada porque se o deixan... Isto está tamén un pouco todo en aire, porque o que temos que ter é un pouco claro o que queremos para cando algún a colla se poda facer algo, non como agora. Porque Ampian, o servizo que estaba dando o Ampian para min era bastante malo, en canto sobre todo a horarios.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O señor González toma a palabra (PP) : Boas tardes señor Alcalde, señores concelleiros e público aquí presente, ou boas noites como de costume. Don Ramón ten razón, o Grupo de Goberno está máis ocupado de saír na prensa que de facer o seu traballo de xestión, como de costume. Pasáronlle unhas enquisas que tiñan que elaborar, eran unhas enquisas que pon así, cuestionario de participación inicial para entidades locais. Fóronse con eles e saíron no periódico e sacáronse unhas fotiños, en Loiro había catro, as columnas e nada máis. Vímolos todos na prensa. Pois iso, que era para as entidades locais onde lles facían preguntas pois por exemplo, como si o concello dispón de algún servizo de Transporte municipal, cambios dos servizos actuais que querían incluír, unha serie de propostas que tiña que facer o concello, e andiveron con elas alí, pois eso, nos pobos vendendo o que non saben facer como de costume. Creo que o resumen neste pleno hoxe, é a falta de xestión do equipo de goberno, do bipartito, do tripartito. A min gústame chamarche tripartito, xa saben vostedes por que, e de algún membro da oposición tamén, por desgraza, para o concello por desgraza. Tamén ten razón pedir ampliar as liñas, non só as de Piñor, menos mal que se deu conta e fixo unha engádega, porque vamos a veces pensamos que só pedimos para un pobo so, en fin. Si que o fixo ao final para todos,



¿non? Con todo, como sempre, as súas mocións veñen mal e a destempo. Mesmo parecen do Bloque. Xúntense dunha vez así xa non enganar a ninguén, polo menos. Digo isto, porque esta petición súa é imposible. Imos ver. Hai que documentarse antes de traer as cousas. Estamos nun período transitorio. As empresas, dúas maioritarias, deixaron hoxe as concesións ata o día 6 de agosto. Con unha había dúbidas pero seguramente o 6 de agosto, estamos nese período transitorio no que van prestando servizos. Despois de aí en diante hai outro período transitorio maior de dous anos, porque no resto das provincias si non o saben vostedes dígollo, si que as concesións seguen, entón hai unhas leis que hai que cumprir, e ata dentro de dous anos realmente o panorama de Galicia, á hora de por en marcha todas esas cuestións pois non se saberá, ¿non? Estamos nun período que non tal. A lei 6/1996 de 9 de xullo determina ben claro esta situación. Pódolle dar unha copia, pódolle incluso darlle unha copia onde están suliñados cada un dos apartados que nos competen a nós, e realmente, pois en fin. Esta moción, como por desgraza, varias das súas sobra. Con todo, como no fondo estamos da cordo en pedir melloras para os veciños e brindis ao sol, non se vai a negar que votaremos a favor, pero que quede ben claro que esta moción non serve absolutamente para nada, igual que saír no periódico como saen vostedes a cotío. Os cidadáns xuzgan polos feitos consumados, saír no periódico queda ben, non sei se queren quedar ben no partido ou queren quedar ben en Santiago ou en Madrid ou onde queira que, en Santiago, no BNG, queren quedar ben en Santiago, porque outras cousas desde logo non lle serve para nada. Porque servizos para os veciños poucos, en servizos sociais mal. Iso si que había que facer un debate do estado do concello, desde logo a nosa moción houbera sido clarificadora, poñer branco sobre negro o que está facendo o concello, pero non se preocupe que os veciños xa o farán.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra O señor Tenente Alcalde.

O señor Fírvida toma a palabra: Ben. Vou intentar responder como sempre, como intento facer aquí, coa máxima seriedade e respecto sobre o tema que se nos está plantexando. Para min isto, non é motivo nin de trosa nin de piada. É un tema moi serio que así o asumimos por parte deste goberno porque é un servizo moi demandado pola cidadanía e que como dicía a señora Fina se está prestando no rural do concello, non así na Valenzá. Se está prestando en forma moi precaria, polo tanto, coa máxima seriedade posible, vou facer un pequeno resumo do que sucedeu durante eses días. Imos ver. En novembro do ano pasado, do ano 16, tódalas empresas concesionarias de Galicia non só da provincia de Ourense, renunciaron ás concesións que teñen por parte da Xunta de Galicia para o transporte de viaxeiros. Tódalas de Galicia, nas catro provincias, con data de 1 de agosto, non de 6 de agosto, con data de 1 de agosto de 2017, deixarán de prestar os servizos. A señora Conselleira nos



convoca a unha reunión de representantes políticos cos concellos limítrofes coa capital de Ourense, o luns día 20 de xaneiro, reunión que se nos pide que non fagamos pública porque é unha reunión de traballo de debate interno para transmitirnos cal é a situación do transporte metropolitano e despois ampliar a outras variables. Nesa reunión, se nos fala do transporte metropolitano, son dúas cousas diferentes. Por certo, desde esta alcaldía se chama, practicamente tódalas semanas, tódalas semanas, á Dirección Xeral de Mobilidade, ao Director Xeral de Mobilidade, para preguntar que está sucedendo co transporte metropolitano, porque estamos moi preocupados. Entre outras cuestións porque a este concello lle costa máis de 140.000 euros ao ano o sosteñemento do transporte público, 140.000 euros para Barbadás é absolutamente insostible. Non quero recordar agora o pasado do concello, as sentencias do ano 2007 e que pasou no pasado. Deixémolo. Pero esa é a situación actual. E ao día seguinte, se nos convoca a unha reunión na Casa de Chocolate, en Vicepresidencia, onde se nos transmite que a empresa, hai unha empresa privada que vai a elaborar o novo plan de concesións do transporte na provincia de Ourense, en toda Galicia, na provincia de Ourense, no sur, vai ser a empresa Deloitte. Reunión tamén, loxicamente, á que acudimos. Nesa reunión se nos pide, se nos informa, primeiro, que debido a que as empresas concesionarias renuncian con data de 1 de agosto a prestar os seus servizos, ábrese un novo marco, ábrese un novo escenario. A Conselleira de Infraestruturas está disposta a facer un novo plan de transporte de viaxeiros en toda Galicia, en outras condicións, con outras empresas que será unha concesión e un sistema de transporte diferente. Contémplanse microbuses, contémplanse utilizar o transporte escolar, contémplanse taxis sobre pedido, que ti podas pedir un taxi que che vaian recoller facendo un percorrido polo rural do país, porque o problema de Galicia é o rural do país, non os núcleos urbáns, onde o transporte é moito máis fácil de solucionar. O problema é quen sostén o gasto do transporte no rural deste país. Nós participamos nesas reunións, e o martes se nos pide que cubramos unha enquisa. Unha enquisa que, por certo, isto é unha competencia da Xunta de Galicia, pero non vou facer broma desa enquisa. É unha enquisa que considero seria. Un traballo serio, ben feito por parte da Conselleira do Partido Popular de infraestruturas. Quere coñecer a realidade deste país. ¿Que facemos en Barbadás? Inmediatamente, chamar ás empresas concesionarias e preguntarlles servizos, paradas, rutas, frecuencias, quendas, absolutamente todo, que se están prestando na actualidade. E con isto facemos algo do que se falaba na moción do Partido Popular. Transparencia e participación. E damos participación á cidadanía deste concello. A través de asembleas convocadas en tódalas parroquias do rural, non así na Valenzá, porque consideramos que a Valenzá ten un servizo de transporte máis que



cuberto con trinta e catro entradas diarias do transporte urbán de Ourense. Polo tanto, sacando a Valenzá, facemos reunións en tódalas parroquias do noso concello. Nesas reunións, aparte de buscar datos para cubrir esa enquisa, queremos cubrir cales son as necesidades fundamentais dos cidadáns de Barbadás. ¿Que frecuencias hai a mellorar? ¿Onde teñen que ser as paradas? como teñen que compaxinarse as baixadas e as subidas para que a xente non teña que estar, como pasa na zona de Loiro, que baixan ás tres e media e non sube o seguinte autobús ata as oito e media. Que se compaxine co horario laboral e escolar dos mozos e mozos que van aos centros de ensino secundario da capital de Ourense, porque en Barbadás

O señor Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O señor Fírvida toma a palabra: Non temos. bo, todo iso, a nós, nos lle chamamos democracia, participación e transparencia. O señor Manuel búrlase, nós non. Nós creemos que é un traballo serio e ben feito. Estou falando eu. El, non é por ti, Manuel. Na súa primeira intervención burlóuse deste traballo e da labor da xestión do goberno. Foi así, non ti, Manuel de verdade. Si, vostede. Entón, nós non. Non nos queremos burlar nin sequera da Xunta de Galicia, porque entendemos que está facendo un traballo polo ben dos cidadáns deste país por primeira vez.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten vostede un quenda de palabra. Imos aclarar esta situación, porque estamos xerando dúbidas sistematicamente ás intervencións, cando hai unha moción, e non lle corresponde ao goberno pechar. O ponente da moción, ten a intervención inicial, de cinco minutos, máis unha réplica, ás intervencións dos outros concelleiros ou concelleiras, e pecha, pecha si quere, claro, con unha intervención dun minuto.

A señora Secretaria toma a palabra: Non, non, pero a lóxica.

O señor Padrón toma a palabra: E que se non non ten sentido o que estamos debatendo así.

O señor Alcalde toma a palabra: É o normal. Pero non se estaba facendo.

A señora Vispo toma a palabra : Señor Alcalde cando eu traía unha moción do Partido Popular, para cerrar e vostede díxome que non.

O señor Alcalde toma a palabra: Pode ser, non o discuto.

A señora Vispo toma a palabra : Está grabado.

O señor Alcalde toma a palabra: Pode ser, pero tamén estaba a señora Secretaria e outras persoas.

A señora Vispo toma a palabra : Non estaba.

A señora Secretaria toma a palabra: Pero bo, imos a establecelo e queda así para que quede claro.



A señora Vispo toma a palabra : É que é así.

O señor Alcalde toma a palabra: É así.

A señora Secretaria toma a palabra: A posibilidade de que responda á segunda intervención, só cabe...

O señor Alcalde toma a palabra: Cun minuto

A señora Secretaria toma a palabra: Só cabe, con un último quenda de un minuto.

O señor Alcalde toma a palabra: Estámolo analizando agora.

A señora Vispo toma a palabra: Xa o dicimos.

O señor Alcalde toma a palabra: Pois todo chega para rectificar.

A señora Vispo toma a palabra : Cando vostede quere.

O señor Alcalde toma a palabra: Cando quero non, cando me dou conta. Pois asumo o erro e pido desculpas, cousa que ao mellor vostedes non fan. Prosiga señor Manuel, digo Ramón. Xa tantos Manueles e tantos comentarios sobre Manueles...

O señor Padrón toma a palabra: Eu, voulle dar a razón. Que é un brinde ao sol. Claro que é un brinde ao sol, porque ao fin e ao cabo isto, como xa dixemos está todo no aire. Pero nós temos a obriga de traer esta moción. Primeiro, porque non se nos informou e criticamos iso, que non se nos informara desde o Grupo de Goberno dun tema tan importante deste, e que nos tivemos que enterar pola prensa e logo por ver uns papeis colgado e ir a unha reunión que decidimos ir, e na que nos enteramos. Mire, a moción polo menos valeu para que aquí nos informemos tódolos concelleiros de tódolos pasos que deu o Grupo de Goberno neste tema, e hoxe teñamos algo máis claro e tamén para que vostede presente aí un papel que tamén ten a sorte de ter información que nós non temos, porque ao fin e ao cabo, ao fin e ao cabo, vostedes gobernan na Deputación, gobernan na Xunta e con facer dúas chamadas teñen os papeis en cinco minutos diante do despacho. Eu, humildemente, somos un grupo veciñal e facemos o que podemos e como podemos, e non temos esas informacións. Entón, pois mire, temos que traer unha moción así que nos digan que é un brinde ao sol, bo pois haberá que aguantalo, e aguantar moitas máis cousas. Pero polo menos, aquí hai que responder e hai que informar aos poucos que veñen. Imaxínense vostedes noutro horario, porque explíqueme vostedes que horario queren. A min non me poñan un pleno ás doce da mañá porque non ven ninguén e eu teño que traballar. Eu non teño ningún problema en botar catro ou cinco horas ou marchar ás tres da mañá. Pero eu síntoo moito, non sei que horario queren vostedes. Os sábados e os domingos non se pode. Eu estaría disposto a vir un sábado, pero non se pode legalmente ao parecer. Entón, outro horario, síntoo



moito, pero, se nese horario non ven persoal, imaxínense vostedes as doce da mañá, as catro da tarde, porque seguen vostedes falando dese, bo, voume perder. Entón, si, o que si quero criticar é que non se merece por parte do grupo da oposición, un tema tan importante que non se informe destas cousas e que teñamos que traer unha moción, efectivamente un brindado ao sol, porque volvo repetir, non hai nada ao día de hoxe, e sabe Deus como acabará todo, só hai boas intencións e nada máis. Entón, se pedimos que se soliciten esas liñas, se é que isto vai adiante e é unha realidade, ogallá. Eu dicirle ao señor Manuel, a min o autobús urbano xa me levou ata Parada. Cando tiña oito anos que baixaba a pe, polo camiño que nos cortaron, o señor Baltar, que nos prometeu despois que non se facía a ponte e tal, ía por aí con oito anos eu só, e collía o autobús e as veces viña un condutor que lle dicíamos que nos subira ata arriba e subíanos, eh, entende, pero bo eran outros tempos, e non son tan vello. Entón, nese senso, criticamos iso. Estamos da cordo que se fagan asembleas e todo, pero claro, sempre e cando cando se informe aos grupos da oposición, que ao fin e ao cabo. Se vostede non quere informar ao Partido Popular que lle votou en contra polo menos infórmenos a nós que o traballo que levamos. Bueno isto é unha crítica. En plan tamén, algo de distensión. Que ao fin e ao cabo, e isto si que é serio, ao fin e ao cabo, isto si que é serio, o noso grupo traballou arreo para conseguir 504 votos grazas a eles vostedes están sentados aí. Eu síntoo moito, pero teño que lembralo, porque cando pasan estas cousas, teño que lembralo. Entón, nós tamén nos debemos aos nosos representantes, faltamos á nosa palabra porque houberon cambio de goberno e democracia, como ten que ser, Iso é o que pedía á cidadanía, pero vostedes actúen en consecuencia e dean información, sobre todo nestes temas tan importantes.

O señor Alcalde toma a palabra: Cando señor Ramón. Está fora de tempo.

O señor Padrón toma a palabra: Non lle estamos pedindo que nos chamen tódolos días. Bo quédame un minuto despois.

O señor Alcalde toma a palabra: Si. Señora Fina Varela. ¿Non? Señor Manuel.

O señor González toma a palabra: Don Ramón ten razón, xa llo dicía antes. Non nos informan, pero so teñen tempo para saír nos periódicos e nos medios de comunicación, aí todo. Agora, xunta de portavoces, igual cando foi o tema do temporal, aquí nin... De tódolos xeitos nós si tiñamos información, temos, grazas a deus moitas canles de información, sobre todo dos veciños para saber todos eses datos, o que están a facer nas parroquias, quen se reunían e cantos, por iso falaba de catro e fun xeneroso, que nalgún sitio foron menos. Dígame vostede señor Sarín. En canto á enquisa, home, teño a honra de ter amigos, díxeno unha vez, teño amigos alcaldes do BNG, teño amigos alcaldes do



Bloque, teño amigos alcaldes do PSOE, teño a honra de telos. Do PSOE, do BNG e do PP. Do PSOE, do BNG e do PP, dos tres, creo que son unha xente a verdade... ademais me encanta debater con xente da que se aprenden cousas. Oxalá tiveramos altura de BNG aquí. Entre outros tomo café con Eliseo de Pereiro, moitas veces, e con Doval e con Plácido, calquera a deles me pode pasar a enquisa, con Pedro de San Ciprián, tamén lle podería estar dicindo un nome detrás de outro. Non preciso ir á Consellería para que me deran documentación ningunha, pero si tivera que ir tamén iría. Nós temos as mocións preparadas. O que vimos a significar con isto, don Ramón, o que vimos a significar con isto, é que hai dúas forma de facer as cousas. A xestión nefasta deste bipartito que vostede ben dixo, puxo vostede aquí. Aquel día que falamos, lémbrese, estaba dona Marta que está aquí presente, e saben as miñas palabras, e voullo lembrar, porque teño boa memoria, e dígollo con cariño, non se enfade. Están saíndo as contas que lle dixen, por desgraza, Oxalá me equivocara aquel día, ogallá, pero están saíndo, e van ir a peor. Aquí a capacidade crítica ningunha, cando fala dos presupostos, Que fixo vostedes nos presupostos? bo, hai que lle votar, porque total, hai que lle votar. Entón para que estamos aquí, ¿para que nos votou á xente? ¿Os cidadáns? Hai uns votos detrás. Cando un se mete nesto hai unha responsabilidade persoal, persoal, polo menos nós cremos neso, témola, de defender determinadas cuestións. Estamos aquí para facer oposición. A veces temos que ser mordaces, outras podemos ser tal, Oxalá non tiñamos que ser. Se fixeran a xestión ben estaríamos aquí caladiños aplaudindo, pero non é o caso meu rei, non é o caso. En canto ao señor Fírvida, eu non me río da enquisa. Sempre terxiverxan as cousas. Entre o señor Alcalde e vostede fan un tándem increíble. Terxiverxan as cousas como ademais teñen a potestade legal, sobre todo o señor Alcalde, bo e o señor Tenente Alcalde tamén, de cerrar, e de quedar nas actas, quedar de últimos e ter a última palabra, o cal non quere dicir que teñan a razón. Non é cuestión de falar moito nin de últimos, vostedes deciden as cousas que teñen que dicir. Pois terxiverxan, como sempre, poñen palabras na miña boca que eu non dixen. Eu non me rín da enquisa da Xunta, todo o contrario, me parece moi seria. O que me rín foi de vostedes que están indo aos periódicos, en vez de ir onde teñen que ir. En vez de informar á oposición e poñer as xestións que teñen que facer están facendo demagogia. A ver o que fan de aquí a agosto. A ver, que xa estaremos aquí para vixiaros. E ríome tamén da xestión do BNG, non so por saír nas fotos, que lles encanta, remato enseguidiña. coa cantidade de veces que saen nas fotos fixeran algo de xestión por Barbadás estaríamos hoxe ricos. Non hai transparencia ningunha. Aquí non se informa de nada. Pedímoslle ao señor Sarín sen ir máis lonxe, información, e aínda estamos esperando por ela. Catro ou cinco mañás aquí perdidas, Sen dala. Haberá que tomar outro tipo de medidas. En resume, non hai





xestión e vostede, ben o dixoo, é o culpable, que é quen os puxo aquí e é quen non lle esixe o que teñen que facer. Non se planta onde se ten que plantar don Ramón, Oxalá o fixera.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O señor Fírvida toma a palabra: Con motivo do que vostede chama reunións expres, é que a reunión na Casa do Chocolate foi o martes 21 e tiñamos que ter respostada a enquisa en Santiago de Compostela o martes 28. Tiñamos xusto seis días para

O señor Alcalde toma a palabra: É a segunda intervención pola súa parte e pecha el despois

O señor González toma a palabra : Nós, o PP e despois falaba don Ramón

O señor Alcalde toma a palabra: Está falando en nome do goberno. Antes foi así.

O señor González toma a palabra (PP): Pero a moción é de don Ramón Padrón

O señor Alcalde toma a palabra: Foi o que aclarei antes. Vai pechar el con un minuto e cerrar.

O señor Alcalde toma a palabra: Cerra con un minuto

O señor González toma a palabra: O que diga dona Silvia.

O señor Alcalde toma a palabra: Non, que é o que acaba de dicir. Non tivo aínda o segundo quenda.

O señor González toma a palabra : E tiña que ir antes de min e eu detrás de el. Bo é igual. Xa dixen, non é cuestión de falar moito nin...

O señor Alcalde toma a palabra: É igual. Prosiga.

O señor Padrón toma a palabra: Outra cousa é cando fala o Alcalde ao final

O señor González toma a palabra: Son ventaxistas. Tranquilo que o levamos vivindo dous anos

O señor Alcalde toma a palabra: Non vou entrar nese comentario de ventaxistas. A señora Secretaria aclaróuno hai un momento. Díxeno e vostedes mesmos están liando tamén.

A señora Vispo toma a palabra: Non, non, non. Señor Fírvida, vostede fala polo BNG ou polo Grupo de Goberno.

O señor Fírvida toma a palabra: Polo Grupo de Goberno.

O señor Padrón toma a palabra : Quen ten que responder é o Grupo de Goberno, non o BNG nin...

O señor Fírvida toma a palabra: Estásenos facendo unha petición ao Grupo de Goberno para instarnos a actuar. Terei que dicir algo.

O señor Fírvida toma a palabra : Pero é a segunda intervención don Manuel.

A señora Vispo toma a palabra: Ten un pouco de educación, eh! Por favor. Señor Alcalde poña educación aquí.



O señor Alcalde toma a palabra: Agora non me enterei

A señora Vispo toma a palabra: Está metendose co meu compañeiro Manuel. Xa está ben a falta de educación.

O señor Alcalde toma a palabra: ¿Quen?

A señora Vispo toma a palabra: Señor Sarín. ademais está gravado e non vou consentilo. Xa está ben a falta de educación. Acábase de meter con el.

O señor Alcalde toma a palabra: Por favor, o que temos é que ser respectuosos todos, os uns cons outros, insisto. Eu o que non vín non o podo afirmar. O que pido é respecto entre todos e todas. Que non o está habendo, que non o está habendo. Aquí faltóuse ao respecto a dous grupos municipais chamándolles de todo e vostedes non dixeron nada. Se agora pide respecto, por favor, respecto para todos! Pido a tódolos grupos, eh! Pido a tódolos grupos. A tódolos grupos. A tódolos grupos. Entón ademais de faltarlle ao respecto a dous concelleiros e concelleiras, faltóuse ao respecto aos veciños de Barbadás. Asunto zanzado. Tócalle a vostede, por favor. Pido respecto para todos, para todos.

O señor Fírvida toma a palabra: Enreda que algo queda, ¿non? A reunión era o martes 21, se nos pedía ter respostada aquela enquisa o martes 28. Tiñamos que pornos en contacto coas empresas concesionarias e recabar información, e facer as asembleas. Nós pensamos que a mellor forma de contestar a esta enquisa e iso si que é xestión, aínda que o Partido Popular diga moitas veces e cincuenta veces que non xestionamos, si que xestionamos. Hai que ter en conta que isto non é competencia municipal. É unha competencia da Xunta de Galicia. O único que estamos facendo neste caso é opinando e colaborando coa Xunta de Galicia. Fíxese vostede que difícil. Non estamos tomando decisións entre outras cousas porque non temos as competencias e non podemos tomalas. E tiñamos que ter respostada o martes 28. Polo tanto, non tiñamos tempo de facer asembleas en tódalas parroquias e cada vez que temos unha reunión ou cada vez que temos unha chamada de teléfono, cada vez que temos un asunto, non podemos estar chamando a tódolos grupos da oposición para facer unha xunta de portavoces, para ver se vos parece ben ou mal, que traballemos. Entre outras cousas porque é responsabilidade nosa traballar. Fíxese vostede, fomos o único concello, aínda que lle doa ao Partido Popular, aínda que lles doa, fomos o único concello que fixo asembleas en tódalas parroquias para coñecer a opinión da cidadanía. Porque en outros concellos os alcaldes contestaron eles a enquisa, e contestas o que lles dá a gaña. En Barbadás non, en Barbadás contestamos o que os veciños nos pediron. De feito, vostedes puideron participar nesas asembleas, opinar, colaborar, e tamén iría a súa opinión, a do señor Manuel que non veu, por certo a ningunha das asembleas que fixemos en





Barbadás, non veu a ningunha, podería ter participado, opinado, colaborado, e facer algunha aportación para que o transporte en Barbadás funcione perfectamente. Señor Manuel, quere dicirme se o Partido Popular fixo algunha asemblea nas parroquias de Barbadás cando se aprobou un plan xeral de ordenación municipal a costas da cidadanía. Ou cando se decidíu a ubicación do centro de saúde enriba dun outeiro. Ou cando se cambiou o planeamento do R10 para aumentar a edificabilidade favorecendo aos construtores e furtando viais de acceso á cidadanía. ¿O Partido Popular fixo algunha asemblea veciñal? Non. Nunca. O goberno novo si que o fai. ¿E sabe cal foi o traballo que fixo o Partido Popular a prol do transporte do noso concello? O único que fixo foi comprar un tren chu-chú en China, sen fiestras que costou 40.000 euros, que estivo aparcado na casa do anterior alcalde, e que se vendeu en 17.000 euros. Esa é a aportación do Partido Popular en vinteito anos de goberno. Este goberno vai facer as súas cousas e os deberes.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Último minuto. Ten un minuto.

O señor Fírvida toma a palabra : Non, non, tódolos días. O que diga a Conselleira.

O señor Padrón toma a palabra: Bueno, volvo reincidir.

O señor Alcalde toma a palabra: Por favor, falamos antes de respecto. Pido ese respecto mutuo a todos.

O señor Padrón toma a palabra: Bueno, volvo reincidir. Estou da cordo con que se fagan asembleas á xente. ¿Que pasa? Que neste tema a xente vai vostede a reunila, vi a dicir que si, que queren o transporte. Cada un vaille dicir que lle pare diante da casa. É unha reunión segura, o sexa, que vaia a ofrecer algo que realmente a xente che vai a dicir que si, o sexa, ti podes cubrir a enquisa, o sexa, vostede pode cubrir a enquisa antes, como di que o fixeron outros alcaldes. Que estou da cordo no tema, mire, eu estou da cordo coas reunións no tema de informar á xente de todo isto da súas reunións, e de todo isto, para que a xente teña coñecemento diso, pero realmente sabe que a enquisa, todo o mundo vai solicitar todo aquilo, o transporte, porque quere o transporte. A ver si non entendemos. O que pasa, vostedes perderon moitas horas reuníndose coa xente e non tiveron dez minutos para informar aos voceiros dos grupos municipais. Entón, a ver, tampouco é, hai que dicirlle as cousas, si. Eu isto, ¿ sabe o que me lembrou? Cando foi do anterior

O señor Alcalde toma a palabra: Esta é a última frase.

O señor Padrón toma a palabra: O anterior alcalde cando foi do Carrefour.

O señor Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, remate.



O señor Padrón toma a palabra: O que vexo positivo é o tema das reunións para informar á xente. E doulle, desde o noso grupo tal.

O señor Alcalde toma a palabra: Ramón, un minuto e medio vai. ¿Votos a favor da moción? ¿Abstencións?

O señor Alcalde toma a palabra: Facemos un receso de cinco minutos. E que pedíronmo. Cinco minutos nada máis.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto, e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA RECLAMAR A AMPLIACIÓN DA LIÑA DE AUTOBUS URBANO ATA O HOSPITAL DE PIÑOR”**

9.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE AO NOVO CENTRO DE SAÚDE.

O señor Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto para mellorar a accesibilidade ao novo centro de saúde. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O señor Padrón toma a palabra: Isto vai en consonancia un pouco coa moción anterior e o tema este do transporte, que está todo no aire. Entón pois tamén queremos facer, que o Grupo de Goberno solicite tamén á Xunta, o outro problema que temos aquí en Barbadás, que é o do transporte dentro da Valenzá, sobre todo co tema do novo centro de saúde que se vai a abrir nas próximas datas. Entón, dende Compromiso por Barbadás, decidimos traer a debate a este pleno do concello, a problemática aínda candente sobre a ubicación do novo ambulatorio que se está a rematar nunha das rúas con peor accesibilidade para o tránsito peonil. Non queremos resucitar aquí de novo a polémica sobre a situación nun dos lugares máis altos da Valenzá pero si queremos buscar solucións para mitigar esta dificultade. Hai máis dun ano debatéuse aquí sobre este tema con motivo do inicio das obras, moción presentada daquelas polo Partido Popular. Daquela quedou claro a disparidade de opinións sobre o tema. É difícil ou case imposible a solución do problema. As pendentes son as que son, non as que di a prensa. Estamos falando, pendentes dun 13 – 14 – 19 por cento, para chegar a ese centro de saúde, que xa non teñen solución. Non se poden colocar escaleiras mecánicas pois imposibilitarían os accesos aos garaxes dos edificios. A única solución, por dicilo así, é a colocación dun ascensor a carón



da Casa da Cultura, que axuda, pero non resolve o problema. De todas formas, este ascensor tamén está no aire, pois depende dunha subvención da Deputación e da Xunta de Galicia. Non saberemos cando se chegará a realizar. Naquel momento, nós deixamos claro que salvo esta última solución, pouco máis se podía facer. A ubicación era a que era e xa non se podía volver atrás. As persoas que teñan que acceder ao centro de saúde camiñando, non lle queda outra que encarar ditas pendentes ou subir polo ascensor. De todos modos, para usar este ascensor, hai que achegarse desde a rúa do Outeiro, que ten unha pronunciada pendente, salvo que se dea un rodeo pola avenida de Celanova, ata chegar á rúa San Bernabé, onde se ubicará algún día o ascensor. Isto para os que veñen do principio da Valenzá pois menudo paseo que se dan. Se aportamos algo que se podía estudar daquelas como unha posible solución, a posibilidade de dispoñer dun micribús, realizase pequenos traxectos dentro da Valenzá con destino sempre ao centro de saúde, para favorecer o acceso das persoas con máis dificultades das rúas inferiores da Valenzá. Esta petición foi descartada aquí por membros do goberno esgrimindo diversos motivos, sobre todo económicos. Sen embargo, e dadas as últimas informacións aparecidas na prensa, como o tema da anterior moción, decidimos traer de novo ao pleno este debate. ao parecer, as reunións mantidas coa Consellería de infraestruturas con representantes do concello en relación coa posta en funcionamento do xa gastadísimo tema do transporte metropolitano, ábrese a posibilidade de mellorar as liñas, como falamos antes, sobre todo as que presentan máis demanda. E dende Compromiso pensamos que é o momento de poñer de novo sobre a mesa a posibilidade de implantación dunha liña de microbús dentro do núcleo da Valenzá que dea o servizo ás persoas que diariamente van a acceder ao centro de saúde. É evidente que non estamos ao tanto da información que manexa o goberno, bo, hoxe algo máis, e das posibilidades técnicas deste proxecto ou da súa viabilidade, sen embargo a nosa obriga é propoñer solucións a problemas que afectan á veciñanza e traelas ao debate no pleno municipal e no seu caso de seren aprobadas esixir ao goberno a súa execución. Polo tanto, e tendo en conta isto, propoñemos, sempre e cando, a Xunta vaia por ese camiño, que parece que empezou, instar ao Grupo de Goberno a realizar un estudo inmediato sobre a posibilidade de implantación dun servizo de microbús ou incluso, isto non está no acordo, falar cos taxistas ou algún tipo de servizo, que dea mobilidade dentro da Valenzá, para chegar ao centro de saúde, ou ampliar a liña xa existente para acceder con máis periodicidade ao centro de saúde, tendo en conta as presas por parte da Consellería que obrigou ao goberno a convocar as reunións polos pobos do Concello.

O segundo acordo tamén é importante porque é instar ao Grupo de Goberno a que reclame á Xunta,



nesa reunións que vai a manter ou levan mantido, ou seguirán mantendo, non o sabemos, para que lle poña enriba da mesa esta problemática porque ao fin e ao cabo o organismo autonómico tamén forma parte do problema dado que desde o momento que recepcionou os terreos para construír o centro de saúde, as pendentes xa as había. Entón, que sexa agora tamén parte da solución. Entón, pois que tamén Barbadás, desde a Consellería debería ser discriminada positivamente por ese tema, senón cando o goberno municipal lle entregou uns terreos para facer un centro de saúde, os técnicos da Xunta deberían ao mellor haber descartado aquel terreo, porque cando ti pos unha infraestrutura pública tes que contar cos accesos e con toda a mobilidade que vai haber a carón desa infraestrutura. Polo visto aquí, recepcionáronse eses terreos sen contar con iso e agora temos o que temos e non ten solución, polo tanto a Xunta, aquí, debería discriminar positivamente ao noso concello neste tema e ter en conta a posibilidade dun transporte dentro do núcleo da Valenzá. E que este estudo ou isto, sobre a implantación deste microbús e tódalas accións que tome o goberno neste senso que é moi importante

O señor Alcalde toma a palabra: Señor Ramón remate.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, sexan remitidas aos voceiros ou voceiras dos grupos municipais.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra A señora Fina Varelas.

A señora Varelas toma a palabra: En principio estou a favor desta moción. Está claro que os veciños imos ter que darlle unha solución as pendentes, ao acceso ao centro de saúde.

O señor Firvida toma a palabra: Fina, perdoa

O señor Alcalde toma a palabra: O micro. Retoma a intervención.

A señora Varelas toma a palabra: Bueno, que Democracia está a favor desta moción. Temos que darlle unha solución aos veciños. Xa que o Centro de Saúde está nun sitio que non é unha ubicación, a máis acorde, sobre todo porque ao centro de saúde, o que vai é normalmente persoas maiores e enfermos e tería que ser un sitio máis axeitado. O problema témolo porque é o que hai. Está feito, hai que abri-lo, entón pois hai que dar unha solución a isto. A través de autobuses, ou bo, de liñas de autobuses, si se pode facer porque eu outra solución..., e que non hai moitas, sobre todo para xente maior, ou mamás con nenos, ou xente nova, porque tamén a unha persoa nova costa ben subir esta pendente. Cando foi en campaña electoral graveime eu subindo cos meus compañeiros a pendente, cun cochiño dun bebé, e aquilo era inhumán. Entón a ver como podemos facer para sacar isto adiante e pedir as axudas, como di Padrón, á Xunta. Non sei como no seu momento cando se lle ofreceron estes terreos puideron aceptar, porque eu penso que na Valenzá non hai unha ubicación peor que esta.



Pero bo, agora non imos lamentar o pasado porque o edificio está feito, case rematado, entón o tema é pois mirar o dos autobuses, a ver si se pode facer, si é viable.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O señor González toma a palabra: Boas tardes de novo, queríamos propoñer antes de nada unha emenda“in voce” que sería respecto do punto 1, retirar o do microbús, porque non ten amparo legal. Realmente propoñer un microbús con implantación municipal, iso é unha competencia da Xunta como ben dixen antes. Está baseado na lei, 9 perdón, lei 6 de 1996 de “coordinación de los servicios de transportes urbanos e interurbanos por carreteras de Galicia”, competencia que non nos corresponde a nós. Entón retirar ese punto, ese apartado do primeiro punto. E no tocante ao de ampliar as liñas de autobús, debería recoñecer don Ramón que xa foi proposta do Partido Popular de Barbadás nunha moción específica para elo. Entón a emenda sería, facer efectiva a proposta feita o 5 de outubro polo Partido Popular de Barbadás e retirar os puntos 1 e 2. Repito, a emenda sería, facer efectiva a proposta feita o 5 de outubro polo PP de Barbadás e retirar os puntos 1a, o apartado “a” do primeiro punto e o apartado dous.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten vostede a palabra señor Ramón, se acepta esta proposta ou non, o segundo punto, vostedes propoñen tamén a retirada do segundo punto. Repita por favor.

O señor González toma a palabra : ¿Váille arranxar a Xunta isto?, Iso non o verán eles nin o ano que ven.

O señor Alcalde toma a palabra: Repita por favor.

O señor González toma a palabra: A emenda sería, a proposta da emenda sería, facer efectiva, a redacción sería, facer efectiva a proposta feita o día 5 de outubro polo Partido Popular de Barbadás, respecto do autobús, e retirar os punto 1, apartado “a” e o punto 2.

O señor Padrón toma a palabra: ¿Cal é a proposta?

O señor González toma a palabra: Suprimir o punto 2. Ah! O de autobús, o de prorrogar a liña de autobús e facelo pasar por aí. Lémbrolles a vostedes, a ver facemos memoria. Nós propuñamos cinco solucións cuantificadas e cualificadas incluso con plano topográfico con...Non, se fai falla repasamos, porque daquela estou vendo que non nos entenderon vostedes.

Pois falamos deles cando queira e repasamos as cotas, as pendentas e cálculos e os porcentaxes.

Alí iba perfectamente o de subir a liña de autobús por aí.



O señor Fírvida toma a palabra : Vai cambiar a moción túa pola del.

O señor Alcalde toma a palabra: Unha cuestión. Espere, un momento, un momento. Esa moción contemplaba cinco opcións, cinco, polo tanto non faga mención á moción completa.

O señor González toma a palabra: Non, non, eu xa lin a redacción. Hoxe, entendo que hoxe estamos algo espesos. Lin claramente dúas veces, lémbroa a terceira. Facer efectiva a proposta. A liña de autobús.

Facer efectiva a proposta feita o día 5 de outubro do Partido Popular de Barbadás respecto a subir a liña de autobús para que pase por diante do centro de saúde. É de todos coñecido que os enfermos, salvo os que teñen a sorte de vivir a uns poucos metros dos centros de saúde, van por outros medios aos centros de saúde, enfermos, sanos ás revisión e demais. En ningún concello teñen un centro de saúde en cada pobo, concho! De que estamos a falar aquí, aquí parece que Barbadás é o sitio distinto. Hai vinte e catro centros na provincia, voullos traer un día só por gusto.

O señor Alcalde toma a palabra: Imos ver, vostede non ten o quenda de palabra agora mesmo.

A señora Vispo toma a palabra: Hai que aclarar a moción, hai que aclarar a enmenda.

O señor Alcalde toma a palabra: Aclarar e punto.

O señor González toma a palabra: Correcto, é do que fala hoxe. Si, non imos mezclar outras cousas. Correcto. E retira o de tal tal, e instar ao grupo da Xunta, de goberno da Xunta...

O 3 si que o deixábam.

O señor Alcalde toma a palabra: Ata a Valenzá, desde instar ata “da Valenzá fora” Ou mellor dito. E retirar o dous, de instar ao grupo de Goberno a reclamar á Xunta, é así.

O señor Manuel González toma a palabra: Si.

O señor Alcalde toma a palabra: O punto dous tamén.

O señor Alcalde toma a palabra: O texto quedaría...

O señor González toma a palabra: Podo ler a redacción. A ver. Ampliar a liña xa existente para acceder con máis periodicidade ao centro de saúde e retirar o punto 2 que di instar ao Grupo de Goberno a reclamar da Xunta axuda para solucionar esta problemática.

O señor Alcalde toma a palabra Iso retiralo tamén.

O señor González toma a palabra: Si, e que iso é..., Iso xa non o van dar tampouco, entón teríano que dar aos outros vinte e catro. Discriminación positiva. Hai en centros de saúde máis pendentes ca este. En cincuenta mil sitios, empezando polo de Barbadás capital.

Estou argumentando.



O señor Alcalde toma a palabra: O punto 2 tamén o queren retirar, o de instar á Xunta de Galicia. ¿Vostede? Acepta retirar tamén o punto 2 o de instar ...

O señor Padrón toma a palabra: Digo que eu acepto o que falou do tema do microbús, da non legalidade, pero xa volvemos ao mesmo. Nós estamos obrigados a traer unha moción para presentar propostas e pedímoslle ao goberno que faga un estudo sobre esa posibilidade e xa nos dirá o goberno si iso é legal ou non é legal ou deixa de selo. E que tamén solicitamos a ampliación da liña por aí. Se quere que o escribamos como o di vostede que o poñan, escriban como di vostede. Agora o segundo punto non o imos a retirar.

O señor Alcalde toma a palabra: Agora pode debater.

O señor González toma a palabra: Grazas señor Alcalde.

A señora Secretaria toma a palabra: ¿Quere retiralo ou non retiralo? Porque iso xa é decisión súa. Pode decidir retiralo neste momento o punto 1 relativo a legalidade do microbús.

O señor Padrón toma a palabra: Imos ver, pero e que nós no punto, non estamos falando de legalidades ou de non legalidades. Estamos dicindo, instar ao Grupo de Goberno a realizar un estudo inmediato sobre a posibilidade de implantación dun servizo de microbús, si despois o goberno nos da un estudo que dí, o microbús non se pode implantar porque a Xunta non nos deixa ou porque non é legal ou porque punto e pelota.

A señora Secretaria toma a palabra: Pero si non quere eu pódolle xa facer o informe verbal,

O señor Ramón toma a palabra: Aínda é mellor así.

A señora Secretaria toma a palabra: Non, é que non é legal.

O señor Alcalde toma a palabra: Faga o informe sobre este asunto verbalmente.

A señora Secretaria toma a palabra: O informe verbal é o que interesa é que eles se enteren. Imos ver. Dentro dos termos municipais estamos falando do transporte municipal. Para ter transporte municipal en determinadas cuestións, os requisitos necesarios, xa para empezar voulle dicir que unha delas é que hai que ter unha flota de mínimo cinco ómnibus e por outra parte, evidentemente é unha concesión que provén de transportes da Xunta de Galicia. O sexa, que non podemos pola nosa propia conta coller un autobús, microbús ou autobús máis grande e metelo a funcionar, porque non é unha decisión do Goberno, nin do pleno da corporación. A opción B é o que xa chamamos transporte intermunicipal, que tamén é unha competencia da Xunta de Galicia. O establecemento desas liñas que coñecemos a través de Ampian, de Alfer, ou todas estas empresas. Entón, o feito de que fagan unha prolongación nunha liña é o que se pode solicitar para que a Xunta negocie coa empresa e



probablemente, teríanos un custe ao Concello , e vexamos como, concedan ou non o concedan. Pero o establecemento dun autobús non é legal, xa llo digo. Porque non é competencia dos concellos.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, isto eu quero aclarar, que isto ven ao fío de que a Xunta, agora mesmo iniciou un proceso no que ao mellor pode ser que as liñas urbanas de Ourense, entren en territorio dos concellos limítrofes. Entón, nós queremos...

A señora Secretaria toma a palabra: Pero eso, ¿en base a qué? Porque so a priori tampouco é legal. Unha concesión administrativa...

O señor Padrón toma a palabra: Non, Ben, Abrú a posibilidade según as informacións óns da prensa, e según o que nos explicou antes o Tenente do Alcalde. Que poda ser posible, non que o vaia ser. Que poda ser. Entón, nós o que queremos dicir co do microbús, é que ao mellor a Xunta, por iso no segundo punto tamén falamos que a Xunta axude a solucionar un problema que está aí e que temos que buscarlle unha solución, se é posible, se non é posible pois nada, pero se é posible. Incluso esas liñas urbanas que poda ser que entren en Barbadás, unha delas poda ser un microbús, un autobús máis pequeno, que faga o traxecto por o centro de saúde ou incluso que baixe ás rúas máis baixas da Valenzá. ¿Entenden? Hai que propoñer esa posibilidade, porque se todo isto vai segundo as reunións que tivo coa Xunta, é o que pode chegar a pasar. Pode. É unha posibilidade.

O señor Padrón toma a palabra : Non sería a liña urbana de Ourense, sería...

A señora Secretaria toma a palabra: Non.

O señor Ramón Padrón toma a palabra: Podería ser. O autobús urbano de Ourense, a concesionaria do autobús urbano de Ourense, si se abre a posibilidade de que entre nos concellos dos arredores, si legalmente se lle abre esa posibilidade, entón no prego de condicións que lle poña a Ourense, diralle, a min interésame ir á Valenzá, claro que lle interesa, da un montón de cartos, entón, interésame ir á Valenzá, e eu ao concello de Barbadás non lle pido nada porque gaño moitísimos cartos. Pero aparte hai un centro de saúde agora novo que ten unha demanda de xente, entón ao mellor interésame facer unha liña urbana, que saia de Ourense ou do Fonsillón ou do Carrefour ou non sei, de onde veña, Iso xa son cuestións empresariais das empresas de autocares, pero si lle poñen a posibilidade de que legalmente sexa así, ao mellor interésalle poñer unha liña, cun autobús máis pequeno como a que funciona por Finca Fierro ou ao Fonsillón, que vedes que son autobús urbano máis pequenos, que ao mellor lle interesa subir ao centro de saúde ou ir a algunhas rúas de debaixo da Valenzá. Entón nós temos a obriga de estudar todas esas posibilidades. Aquí é onde nos ten que botar axuda a Xunta, primeiro legalmente, podendo facer iso, si é que algún día é posible...



A señora Secretaria toma a palabra: Eu non sei de onde saíu esa información. Permítame porque e vai contra o principio de autonomía que un concello saque un prego de condicións, que neste caso xa chove sobre mollado da igual.

O señor Padrón toma a palabra : Non, pero é sempre.

A señora Secretaria toma a palabra: Un municipio ten poder sobre os seus límites territoriais. Entón trataríase dunha opción diferente. Eu xa o escoitei o outro día. Caléime porque ninguén me pediu informe. Pero se agora van votar terá que ter un coñecemento. Non se pode entender, porque fai anos xa o fixo a famosa liña 7 e houbo unha sentenza xudicial que o cortou e de repente vímonos sen autocar. Como o concello de Ourense vou dispoñer en canto a cualificación do negocio sobre o territorio doutro concello. E nós estábamos encantados, eh! O que pasa é que houbo unha denuncia por outra empresa rival. Porque é ilegal absolutamente ilegal, entón nunca vai a ocorrer, o sexa, ou a Xunta se volve tola e acabará no Constitucional, ou nunca vai ocorrer, que no prego de condicións diga, mira que hai negocio en Barbadás, ou negocio en Toén. !Non! Iso non pode ser. Cada un manda sobre o seu municipio. O que si pode articular a Xunta, é que esa mesma empresa, lle permita facer un servizo a maiores como un contrato distinto, que non lle quepa dúbida que imos ter que pagar nós, e nos priorice, ou priorice a esas empresa por razón que ao mellor no circuito que desempeñan sobre as que levan agora mesmo a liña de transporte intermunicipal. Non sei se me estou explicando. Pero sería un contrato diferente. Unha autorización diferente. Non entraría no prego de condicións da empresa de Ourense. Teriamolo que pagar por suposto, nós ou os usuarios, ou a Xunta de Galicia se quere subvencionalo.

O señor Alcalde toma a palabra: Ou a empresa por si lle interesa.

A señora Secretaria toma a palabra: Ben, vale, pero ata agora, demostrouse que a liña 7 era deficitaria. Decíanos ata agora. A ver agora se cambian as cousas. Entón este é o plantexamento da cuestión, para que teñan claro o que se pode pedir á Xunta. O que se pode pedir a Xunta é colaboración para ter un sistema de transporte que o articulen eles, pero o que nunca vai ser é que no prego de condicións de Ourense vaian a meter o territorio, nin de Ourense, nin de Toén, nin de nada.

O señor Padrón toma a palabra: Non quería dicir iso. Digo que nas informacións que están agora enriba da mesa, que a Xunta abra a posibilidade, que iso ao mellor sexa posible, pero sempre e cando a Xunta abra esa posibilidade e sexa legalmente e tal.



A señora Secretaria toma a palabra: Claro. Pode abrir esa posibilidade tendo en conta que ten agora a sartén polo mango porque as concesións rematan en agosto, entón pode obrigar ás empresas concesionarias, na situación actual non, pero antes de sacar unha nova licitación, ou pode negociar con elas para que elas fagan outro tipo de transporte, ou pode negociar con elas que haxa unha zona excluída, por dicilo dalgunha maneira, ou compatibilizada coa concesión intermunicipal.

O señor Padrón toma a palabra: Iso é ao que imos mós. Claro, nos perdemos xa nesa

A señora Secretaria toma a palabra: Para Iso estou eo, para explicalo.

O señor Padrón toma a palabra : Ben, o espírito da moción seguímolo defendendo, entende? Buscar unha solución, por unha vía, que agora ábrese unha posibilidade para iso. E nada que nos posicionemos desde o pleno para que a Xunta sepa que queremos que se mellore o servizo na Valenzá para o acceso ao centro de saúde. Está claro que si o centro de saúde houbera estado, por exemplo...

O señor Alcalde toma a palabra: Imos ver, imos ver, ¿estamos nunha aceptación ou rechazo da emendado Partido Popular? ¿Ou no debate?.

A señora Secretaria toma a palabra: Pero está clarificando el a cuestión, que retira o primeiro punto, pero non o punto dous.

O señor Padrón toma a palabra: A poñer o que se amplie as liñas, as liñas.

A señora Secretaria toma a palabra: Pode retirar o punto 1 e admítelle a emenda en canto á redacción que deron da primeira parte...

O señor Padrón toma a palabra: Ampliar as liñas, si, dun xeito ou doutro. Ampliar as liñas pode aceptalo, pero o segundo punto non. Desde aquí témonos que manifestar, o que queremos é manifestar tamén, que a Xunta foi parte do problema que temos agora encima da mesa e tamén ten que ser parte da solución, nada máis. Porque se o centro de saúde tivera estado ao final da Valenzá, non sei, máis ou menos do que é ao nivel da Avenida de Celanova, pois practicamente todo o mundo podería acceder andando máis ou menos dunha maneira normal. Agora mesmo onde está, pois xa non é así e non vai a ser, entón, a solución que nos teñen que dar, ou axudar, non digo axudar ao mellor economicamente, pero axudar no tema ese legal de que se cambien as cousas como ao mellor se poden cambiar para que ao mellor, haxa a posibilidade da empresa que colla o servizo poda facer unha liña máis e esas cousas Nada máis.

O señor Alcalde toma a palabra: ¿O segundo punto vostede manteno?

O señor Padrón toma a palabra: Si.



O señor Alcalde toma a palabra: ¿O primeiro?

A sra. Secretaria toma a palabra: Cámbiao.

O señor González toma a palabra: Perdón, decía señor Alcalde que si se me permite, que é imprescindible explicar o segundo punto, por que nos opomos. O segundo punto tampouco é viable hoxe. Renunciaron varias empresas, entón esas empresas en principio o 6 de agosto perden esa concesión e pódese restructurar e traballar sobre elas. Pero o resto de empresas que non renunciaron a súa concesión sigue vixente ata dentro de dous anos, entón, hoxe non toca, hoxe non toca, coño, hai que ter as cousas ben preparadas. Entón por iso non é válido, non o dicimos por capricho.

O señor Padrón toma a palabra: Non o cambio.

O señor González toma a palabra: Bueno, pois vale, non se pon nada e xa está.

O señor Alcalde toma a palabra: Non o cambia o segundo pero si o primeiro. Entón a moción en si se mantén

A señora Secretaria toma a palabra: Si se mantén

O señor Alcalde toma a palabra: Tal e como está aquí. Tal e como está redactada agora mesmo.

Claro se acepta manter a moción Sen eliminar o segundo punto.

A señora Secretaria toma a palabra: É o que se vota é, o que se votaría e somete a debate é, o primeiro punto na redacción, posta

O señor González toma a palabra: Alto e claro dona Silvia. Alto e claro. O problema é que no segundo punto é unha ilegalidade que non se lle pode pedir hoxe á Xunta. Se ata dentro de dous anos non vencen. A ver se o digo máis claro, non, coño, don Ramón, don Ramón, díceo a lei. Pásolla.

O señor Padrón toma a palabra: Pero vostede sabe deso, agora.

O señor González toma a palabra: Si, algo si.

O señor Padrón toma a palabra : Por reclamar a Xunta?.

O señor González toma a palabra: Imos ver, imos ver. Non nos poñamos nerviosos. Non é cuestión de berrar e de insultar. Pero non é ...Só é pedir unha axuda, agora é ilegal. ¿Pero vostede que quere? Si dona Silvia lle informou de que non valía hoxe. Se agora se lle informa de que non vale ata dentro de dous anos que vencen as concesións, das que non renunciaron. As concesionarias do resto de Galicia. A ver, vouno dicir con cariño.

A normativa, por lei, a Xunta está obrigada tamén, non pode retirarlle a concesión ata dentro de dous anos. Non toca.



A señora Secretaria toma a palabra: A ver, imos ver, un momento. O Grupo de Goberno a reclamar á Xunta para solucionar esta problemática. Eso, a función pode ser moi variada, non ten que ser pasar por un sistema de transporte. Pode pasar porque estableza, eu que sei, unha subvención para facer unhas costas menos pendentes, un ascensor, o que sexa.

O señor Alcalde toma a palabra: Temos que zanxar este tema da emenda porque xa levamos quince minutos debatendo este asunto.

O señor González toma a palabra: ¿Como quedaría a redacción?

A señora Secretaria toma a palabra: Primeiro punto, a redacción dada polo Partido Popular.

O señor González toma a palabra : De Ampliar as liñas existentes.

A señora Secretaria toma a palabra: Exactamente. E segundo punto, suplicar axuda á Xunta para

O señor González toma a palabra : ¿Como quedaría logo?

O señor Alcalde toma a palabra: Ten que dicir como queda el? ¿O segundo punto manténse tal e como está?.

O señor González toma a palabra: Señor Alcalde que a Secretaria o redacte e logo el dirá se o acepta ou non e nós tamén. Digo eu.

O señor Alcalde toma a palabra: O que o ten que redactar é o ponente da moción.

O señor Xosé Manoel Fírvida toma a palabra (BNG): Claro, é unha enmenda.

O señor González toma a palabra: Perdón.

O señor Alcalde toma a palabra Ten que vostede redactar a enmenda.

O señor González toma a palabra: Tíña eu redactada, xa a lin tres veces, léoa unha cuarta, señor Alcalde. Facer efectiva a proposta feita o 5 de outubro polo Partido Popular de Barbadás,

A señora Secretaria toma a palabra: ¿Consistente en?

O señor González toma a palabra: Consistente en ampliar a liña xa existente para acceder con máis periodicidade ao centro de saúde.

A señora Vispo toma a palabra : Pero con esa redacción.

O señor Alcalde toma a palabra: Do Partido Popular, facer efectiva a moción do Partido Popular.

A señora Secretaria toma a palabra: Bo é que iso.

O señor Alcalde toma a palabra: É o que di el.

O señor Fírvida toma a palabra: Está cambiando a moción. Está cambiando a moción. Está cambiando a moción.



O señor Padrón toma a palabra: para andar con eses rollos .Entón, a moción, consérvase como está e punto, acabóuse. Xa nin o primeiro punto. Fora. Que total, home, e que parece, carajo que bueno... Home, é que está dando uns rodeos. Miren, mire señor Manuel, eu nunca lle aceptei. Mire unha emenda que puxen eu aquí por vostedes algunha vez nunca puxen, facendo o que din Compromiso por Barbadás, patatín patatán. Entón, o que está a pretender... A min o que me está dando a entender o señor Manuel, aclaro, e que quere que se vexa que pon o PP non sei que tal e despois quere anular o segundo punto porque si lle di que hai qué instar á Xunta, entón como non quere que se lle pidan explicacións á Xunta. isto, bueno....

O señor Alcalde toma a palabra: Non aceptou. Asunto zaxado

O señor Padrón toma a palabra: Se queren votar, vótena e se non...

O señor Alcalde toma a palabra: Estaba vostede no súa quenda de palabra creo recordar.

O señor González toma a palabra: Moitas Grazas señor Alcalde, si correcto. O simple feito de poñer esa redacción é porque o punto 1, é ilegal, e nós pedir unha ilegalidade, nós traemos as mocións ben preparadas, por iso vostede nunca ten que corrixilas. A respecto de traer unha ilegalidade.

O señor Alcalde toma a palabra: Xa está, esta emenda xa está. El non aceptou.

O señor González toma a palabra: Señor Alcalde, estou no miña quenda de intervención. Non lle vou consentir que me de leccións nin de nada.

O señor Alcalde toma a palabra: Perdoe, non me estaba nin dirixindo a vostede. Non me estaba dirixindo a vostede.

O señor González toma a palabra : Estame mandando calar. Xa está, xa está, estaba no miña quenda de palabra.

O señor Alcalde toma a palabra: Estaba falando con el, porque era o que estaba interrumpindo. Por favor, prosiga.

O señor González toma a palabra: Grazas señor Alcalde.

O señor Alcalde toma a palabra: Agora ven coas grazas. Debería pedir disculpas.

O señor González toma a palabra: De verdade, hai nivel. Dicía que efectivamente, nós non tiña que vostede corrixir as nosas mocións porque as traíamos ben preparadas, non se pedían cuestións que non sexan legais. Non se pode pedir un microbús porque é ilegal. Home, dígollo con cariño se quere, sen acritude. Procuo non me enfadar. Imos tomalo como se queira, pero é ilegal. Acaba de dicilo A señora Secretaria. O segundo punto, tamén é ilegal porque íamos a propoñer á Xunta unha cousa que é pedirlle peras ao olmo. Como vai a facer a Xunta unha cuestión si di ben claro a normativa que vence



dentro de dous anos. Dentro de dous anos establecémonos e xuntámonos todos aquí e chamamos ao BNG para que faga asembleas multitudinarias, a ver se poden vir máis de catro e todos aportaremos ideas. Eu polo que vía na foto dos periódicos, eu non fun. E verdade que me dixo o señor Fírvida que eu non fora. Prosigo logo, co seu permiso. Dicía eu que bo, pois nada, empezamos, sinto, pero bo máis demagogia, don Ramón, polos seguintes puntos, ¿non? Proponer a implantación dun microbús municipal, acabo de dicir, non é legal, é competencia da Xunta, non vou repetilo por cuarta vez e non do concello. Se se pon en marcha e hai un accidente, prepararse, porque estes son tan capaces, estes señores que están hoxe no goberno, teñen feito cousas peores, xa se verán, pero son capaces de facelo tamén, porque olle, por cuestión de gónadas aquí todos imos ao bruto. Que veña o señor Piña, e xa veremos como nos prepara, ademais a liña hoxe por hoxe ten unha concesionaria, efectivamente, e no momento que nos metamos na liña, pois iso, a prepararse que xa saímos nos periódicos, pero non van saír guapos, non. En segundo lugar, non atenderon as nosas mocións como sempre, como sempre. Non é que teñamos unha pelea por facer ao PP, non home non, non, de verdade llo digo con todo o cariño. O problema é que as cousas teñen que ser reais. Trouxemos unha moción ben preparada, con planos de cotas, con tal, con cinco solucións para vencer as posibilidades e as posibles dificultades que puidera ter algunha xente e non se nos fixo caso, e se nos votou en contra e non se entenderon os planos, e hai quen lle empezou dar voltas ao plano e vostede mesmo que é albañil e non sabía o tema das cotas. As cousas como son. Sinto que as verdades doan pero creo que hai que dicirlas. Igual que na transparencia non se nos informa, pois aquí tamén hai que dicilo. En terceiro lugar hai uns vinte e catro centros de saúde, como lle imos pedir á Xunta que nos discrimine positivamente, que xa está mal dito, a nós, se hai vinte e catro e pico, mañá temos aos de Pontedeva pedindo outro. Temos aos de Maceda pedindo outro, aos de Baños de Molgas, aos de Padrenda, aos de... bo, a un montón deles. Porque Galicia, é como é, coño. Aquí non é Castela, non podemos facer.. Salvo Xinzo e algunha zona máis que ten a sorte de ser terreo chán, pois hai que facelo onde se pode, e de feito díxenllo aquí e hai testigos e hai actas, e que llo dixen ao Grupo de Goberno que estiveron oito anos na oposición e non foron capaces de presentar un solar mellor. Logo será que non o hai. Non sei se cando había viñas como dicía o señor Sarín ao mellor se podía facer algún, xa choveu, non o lembro. Eu lembro isto de pequeniño e xa había algunhas casas. Pero ben, como dicía, vinte e pico centros de saúde máis. Ninguén protesta, neses outros sitios. Agás o PSOE e o BNG de Barbadás. Mesmo puxeron á xente da súa candidatura falar no periódico. Debería darlles vergoña, porque se tan dura é a subida, como que esta persoa, que saíu no periódico varias veces, foi capaz de subirse sempre alí. Eu dicía, pois manda





truco, calquera a que o vexa desde fora pois dirá, joder, pois a esta moi difícil non lle debe de ser pois non sae de aí caray, e aínda non abriu o centro de saúde, cando abra non... De verdade, non se bota de aí. En fin. E ademais iba a iso, efectivamente, imos, non poño nomes pero todos a coñecemos, ¿non? Ía de penúltima na lista, do PSOE. Si, de penúltima na lista, ¿non? Dixen mal. Dona Victoria, vostede que sempre me corrixe, dixen mal, de penúltima na lista.

O señor Alcalde toma a palabra: Prosiga. Non interrumpamos por favor.

O señor González toma a palabra: Cuarto, ou mesmo o Centro de Saúde da capital, Barbadás. Señor Alcalde. O mesmo Centro de Saúde da capital, Barbadás, ten moita máis pendente. O PSOE e o BNG non houberon protestar nunca. Eu tiven que atender a unha velliña pasar consulta aí, atender a algunha mullerciña que se botaban a correr cando aínda había os tickets da pescadería que iso si que é tercermundista, e botábanse a correr a ver quen chegaba de primeira, e caíron caíron en un par de ocasións, e máis aquí, ninguén tal. O que pasa é que as demagoxias de verdade, a min gústame ser moi serio nestas cuestións, e consentir estas demagoxias non, non se poden consentir. E a Xunta non lles vai dar nin para o ascensor, nin para gaitas en vinagre porque son tonterías, son tonterías que se poden dicir nun periódico e ninguén lles fai caso, pero nada máis. Poñao vostedes, e senón quiteno da Casa de Cultura ou do CET. Señor Alcalde con douscentos cuarenta e pico mil euros que vai derreter aí na Casa da Mocidade, perdoe dona Ánxela, que xa discutimos un día, que era a Casa da Mocidade, máis os 47.000 que costa o mantemento, bah! Virguerías se podían facer neste Concello. Prosigo. O que dicía, o centro de saúde da capital, ten moita máis pendente e non protestaron nunca. Ou os mesmos dereitos de Barbadás, de Loiro de Sobrado e Bentraces, non teñen os mesmos dereitos ¿que o resto dos veciños da Valenzá? Entón o centro de saúde a xente que está cerca, que agora llo puxeron alí como o señor Fírvida, si que pode ir andando a el, como os que viven por alí cerca, pero os que vivan lonxe, teñer que ir por outros medios. Se fixeran os aparcamentos que teñen que facer!

O señor Alcalde toma a palabra: Ten que ir acabando.

O señor González toma a palabra: Bo sigo na segunda intervención señor Alcalde, xa vexo a democracia é como é.

O señor Alcalde toma a palabra: A democracia son cinco minutos...

O señor González toma a palabra: Ventaxistas, díxeno antes e repito.

O señor Alcalde toma a palabra: Non vou entrar polémicas súas, que é o que vostede quere. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.



O señor Fírvida toma a palabra: Bo, as localizacións do centro de saúde, que é un tema que xa está máis debatido neste pleno. Fíxose onde se fixo por obra e graza do Partido Popular. Pola marabillosa xestión que se realizaba en Barbadás antes, neste concello, por certo, sen ningunha participación nin información á cidadanía. E agora veñen pedindo máis transparencia e máis plenos. Cando antes se tomaba todo por orden e mando do señor Alcalde, co beneplácito das concelleiras e concelleiros do Partido Popular. Desde logo, Galicia, é como é, e ten moitas costas, a cuestión é que os servizos públicos deben estar onde presten os mellores servizos posibles, posto que temos moitas costas, fagamos o sitio, os centros públicos como un centro de saúde, onde poda ir a xente da forma máis cómoda e o maior número de xente posible. Por riba dun outeiro, non é o sitio máis acaído. De feito é o que opina todo o mundo, é o que opina todo o mundo neste concello, agás o señor Manuel, que é o peor sitio posible para facer un centro de saúde. Agora xa nos está explicando que é un sitio marabilloso. E nós facemos unha proposta señor Ramón, moi sinxela, que é, o punto 1 é o seguinte: instar ao Grupo de Goberno a realizar un estudo inmediato sobre a posibilidade da implantación dun servizo de microbús dentro da Valenzá ou ampliar as liñas existentes, sigue, sólo propomos o seguinte, suprimir a frase, implantación dun servizo de microbús dentro do núcleo da Valenzá, todo o demais quedaría exactamente igual, porque todo o demais é absolutamente legal e posible. Nas reunións que tivemos coa Conselleira, onde estaba o Alcalde de Ourense, onde estaba o Concelleiro de Mobilidade de Ourense, onde estaban os Alcaldes de tódolos outros concellos limítrofes, onde estaba a Conselleira e técnicos da Consellería, se nos manifestou a posibilidade que unha vez que as empresas concesionarias deixen de prestar o servizo o día 1 de agosto, non o 6 de agosto, tódalas empresas de Galicia, non dúas ou tres como di o señor vocal do Partido Popular, senón todas, palabras da Conselleira, eh! Palabras da Conselleira, se minte a Conselleira minto eu, non son palabras miñas, ábrese a posibilidade que dentro do transporte metropolitano, que non inflúe a lei que esta lendo el, dentro do transporte metropolitano cabe a posibilidade de que os autobuses urbanos de Ourense traspasen a liña de Ourense e de certo, así nolo dixo a Conselleira e así o dixo o Alcalde de Ourense. Imos ver, é que funciona, funciona na Coruña, funciona en Ferrol e funciona noutros sitios, polo tanto, todo o que estamos escoitando neste pleno, en fin, en fin. Hai que calar. Hai que calar para escoitar o que estamos escoitando. Ben, mira, outra cuestión. Iso vai ser a partir do día 1 de agosto, e vai quedar organizado como diga a Xunta de Galicia, que é competencia autonómica, non é competencia municipal. En todo caso, nós temos que traballar para ter o mellor servizo posible. Tal é así, que ata o día 1 de agosto e tendo en previsión que o centro se abra no mes de marzo, falamos primeiro da



posibilidade coa Dirección Xeral de Mobilidade dun transporte interno en Barbadás, cun servizo que pagase o concello. Se nos manifestou que é totalmente imposible. Segundo, cos taxistas, para que o fixeran eles en convenio co concello. Non estiveron interesados, contestáronme que non, reunido con tódolos taxistas deste concello. E terceiro coa empresa Ampian, chamei á xerente da empresa Ampian, e comentóume o seguinte, van facer un estudo para ver si é posible o que se recolle no punto 1, que é que o Ampian, suba pola rúa das Burgas, teña unha parada diante do centro de saúde, e baixe pola rúa do Outeiro. Problema, non se pode facer con un microbús porque os microbuses, o autobús necesita ter unha porta de dobre folla, e son de plataforma baixa polos problemas de accesibilidade, para as persoas con problemas de diversidade funcional. E polo tanto, teñen que ser os autobuses actuais, non pode facelo un microbús, ese servizo. Os autobuses de plataforma baixa, están moi, como di a palabra, están moi perto do chan, e son moi longos. Problema, como a pendente na rúa das Burgas e na rúa do Outeiro é moi pendente, como di vostede, o autobús podería quedar encallado e tería que ir unha grúa a sacalo. Cuestión, quedamos a empresa Ampian e eu, en facer uns experimentos, probar, van ir uns técnicos, van examinar. Si é posible, a empresa Ampian está disposta a facelo ata o día 1 de agosto que é cando ten a concesión, despois barallaremos a posibilidade de facer isto con quen leve a concesión do transporte urbán de Ourense que segundo o Alcalde vai para finais de ano, eh! O sexa, iso non é ningunha promesa do concello de Barbadás, porque é competencia autonómica. Segundo punto, instar, o Grupo de Goberno pode instar a quen lle dé a gaña, incluso podería instar a unha animalada, polo tanto é absolutamente legal, agora, temos que entendelo como dixo vostede. ¿Que hai detrás de todo este xogo que se trae o PP? Que instamos á Xunta de Galicia, porque eles son tan responsables como o anterior goberno de Barbadás que o centro de saúde vaia na punta dun Outeiro. Como eles son igual de responsables, porque este Grupo de Goberno se puxo en contacto.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten que ir rematando

O señor Fírvida toma a palabra: Co Director Xeral do Sergas para intentar modificar a ubicación dese centro de saúde e non quixeron, son culpables de que vaia alí. Porque recepcionou ese terreos e os valorou positivamente. Polo tanto é lóxico que vostede pida que nos inste a nós, que nos pidamos isto para este concello. Ímolo pedir, señor Ramón, xa o fixemos. Si substitúe o de microbús, o resto votamos a favor.

O señor Padrón toma a palabra: Non hai ningún problema, porque o espírito da moción está de sobra explicado aquí, entón a posibilidade da implantación, non hai ningún problema en cambialo, porque ese microbús, ou autobús pequeno, o sexa, ese microbús realmente está posto aí microbús,





pero é en sentido de que se busque a posibilidade incluso do que falou vostede agora, porque tamén está ben está moción, porque ao final, informámonos, eu salgo de aquí informado.

O señor Firvida toma a palabra: Suprimir desde “implantación ata ampliar a liña xa existente. Tal como está a redacción, nós non lle tocamos á redacción. Nós non lle tocamos á redacción.

O señor Padrón toma a palabra: Si. Exactamente, porque, ese estudo que propoñemos nós. Vostede xa avanzou agora, certas cousas, incluso a posibilidade tamén de que os taxistas estiveran interesados en facer algo desto. Polo que vostede nos está informando agora, polo que nos estamos enterando agora, é que non están da cordo niso. E quero dicirlle que está moi ben que falara con Ampian dese tema. Ampian, ou Ampian, os autobuses urbáns de Ourense, hai alguna liña que son autobuses de plataforma baixos, máis pequenos, non recordo agora exactamente a liña, pero creo que é algún incluso, vai por Vistahermosa. Son máis curtos.

O señor Alcalde toma a palabra: Si ou non aceptamos a enmenda, ese é o debate. Agora tócalle xa a vostede o quenda de palabra.

O señor Padrón toma a palabra: Ben, si, xa está. Entón quero recordarlle, quero recordarlle, non, non, é simplemente a substitución desa frase. Que a vostedes tamén lla aceptaba, porque era o mesmo de ampliar a liña, de mellorar a liña do Ampian, so que vostede quería meter a coletilla do Partido Popular, punto e pelota. Se acabou. Ben, xa está. Xa lle expliquei polo que nós, non facemos iso. Ben. Tamén podía poñer ao señor Fírvida, eu pedille, ao señor Fírvida pedinlle eso.

Hai autobuses máis pequenos, e comprobeo, de plataforma baixa, máis curtos, non tan longos. Entón, eses poderían subir e xirar alí arriba. Entón hai que buscar eses camiños. E señor Manuel, para mellorar os accesos dependemos da Xunta, nin máis nin menos. Porque estas todas informacións que saíron agora, e ela a que abre a legalidade para que o transporte metropolitano poda facer, ou poda ser que o autobús urbán incluso entre en Barbadás. É ela a que abre a posibilidade, entón, temos que pedirlle a elas as cousas. Aquí non hai nada ilegal, o que está aquí escrito. E logo, bo, non me veña outra vez coas pendentas, eu tamén lle pego á albañelería, pero son canteiro. Colla, compre un nivel alí na ferretería Económica, que está alí ao pe, dun metro, dun metro de longo, e súbao pola rúa do Outeiro ou pola das Burgas, póñao, un que leve un metro tamén, póñao a nivel e mídao co metro na punta, e a ver se sae o 10 % dos seus famosos planos do ano pasado. E bo, teño que volver a recordarlle aquí, cada vez que me diga que nós traemos mocións, que so as traen vostedes boas, ou vostede, non quero poñer a todos, incluír a todos, e vólvolle recordar o acceso da autovía das Rías Baixas que quería vostede.



O señor Alcalde toma a palabra: ¿Rematou? Moitas grazas. Señora Fina, por favor. Señor Manuel.

O señor González toma a palabra: Grazas. Grazas. Don Ramón, non é pola coletilla, non é o problema do protagonismo do PP. É porque é ilegal, o punto 1a), é ilegal. Voltamos ao de sempre. E o punto 2 e). E o que é legal non se pode corrixir, non é o problema do PP ou non. Non é o problema da coletilla do PP, é o problema do segundo punto non se pode autorizar, ademais tranquilo que xa lla votarán, vanlle votar a favor, veremos se lla cumpren, como todas as outras. Leva aquí no goberno apoiando un tripartito, pero fanlle pouco caso. Señor Fírvida, eu non dixen marabilloso, vou dicir marabilloso un outeiro, vostede comprou nese outeiro, coñéceo ben. Eu o que dixen é que hainos ben máis peores que este e que vostedes tampouco tiñan outra solución alternativa e mantéño. Xa o dixen tres veces en tres plenos diferentes, está nas actas. En canto ao 6 de agosto, non é o 1, é o día 6 de agosto. ¿Calar? Calar non cala nada, fala vostede largo e tendido, nin cinco minutos, nin dez, nin quince. Cuestión de falar moito e dicir pouco. Resúmese en tres frases. Outra ilegalidade, ¿os taxistas?, os taxistas non poden. Vostede sabe que un taxista que teña que levar a un neno con unha discapacidade, tenlle que pedir un permiso á delegación correspondente e a Dirección Xeral de Mobilidade para poder exercer un servizo que é rutinario e contínuo. Entérese das cousas. Están pedindo brindes ao sol como fai o BNG. Xa llo dixen ao principio e vólvollo repetir, e vostede entra nesa liña, e veña no xogo, e veña no outeiro, e veña no centro de saúde. Hai vintecatros máis, xa lle traerei a lista, so por gusto. Experimentos, imos ver. Xa se fixo en carnavais, o que propuñíamos nós, por iso queríamos dicir, non era por poñerlle protagonismo, e que as solucións que dicíamos, todas elas eran viables. Non digo que as fixeran todas, pero algunha das cinco, non lle valeu ningunha. E me queren facer aposta, xa llo dixen o outro día na comisión e repito aquí para que quede en acta. ¿A que van a optar por algunha das que nós propuxemos? E senón ao tempo. Prosigo co que me quedou antes. Dicía que antes o mesmo señor Fírvida, vive enfrente, entón tampouco debe ser un lugar tan pouco acaído, porque el comprou aí o piso e ninguén llo obrigou a comprar, non debe ser territorio comanche. En fin, se en vez disto,

O señor Fírvida toma a palabra: É unha pasada. Ostrás, é unha pasada.

O señor Manuel González toma a palabra : Perdoe se o ofendín, eh!

O señor Fírvida toma a palabra: Non, non, que va.

O señor González toma a palabra: Comprar aí o piso e tal, non o dixen co ánimo de ofender.



O señor Fírvida toma a palabra: Non ofende, digo que é unha pasada o provocador que é vostede, pero dáme igual, dáme igual, de verdade.

O señor Alcalde toma a palabra: Prosiga. Mentres estea calado cóntalle o tempo.

O señor González toma a palabra: Non se preocupe, que me sobra. En vez diso, si fixeran xestión. A ver, ¿cantos aparcamentos teñen? Procure un aparcamento para que a xente cando traia xente maior aí, e poda arrimar un momentíño sen que a policía os multe, baixar aos enfermos, baixar unha silla de rodas, a que o PSX traia unha silla de rodas e o leve, a veces ven xente grave. Non sempre é a ambulancia, que a ambulancia xa sabemos que ten prioridade. Hai que reservar un sitio para ambulancia. Hai que reservar un sitio para xente que traia enfermos. Dúas ou tres prazas, onde poda deixalo alí e cando sexa atendido poda ir a aparcarse o coche tranquilamente. Deixar unhas prazas para o persoal do centro de saúde. Todo iso é o que había que facer. Había que facer o aparcadoiro público, xa o propuxemos tamén noutra moción. Non se me quere, eu non teño problema ningún en interrompir e que me conte.

O señor Alcalde toma a palabra: Vostede está no súa quenda de palabra. El está falando connigo.

O señor González toma a palabra: Pois iso. aparcamentos que fan falta. Xestión, que é o que non están facendo.

O señor Alcalde toma a palabra: Que dicía tan intensamente?

O señor González toma a palabra: Que a ver si se fan as labores que teñen que facer.

O señor Alcalde toma a palabra: Poden ser vos.

O señor González toma a palabra: Don José Carlos. Don José Carlos.

O señor Alcalde toma a palabra: Remate.

O señor González toma a palabra: Seguen na oposición. Seguen sen gobernar. E van pasar outros dous anos, e cando se vaian seguen sen gobernar, facendo catro cousiñas e para iso malas, moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O señor González toma a palabra: A vostede.

A señora Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Boas noites a todas e a todos. Cando o señor Manuel González, di textualmente que a Xunta non nos vai dar nada porque son tonterías, ¿quen llo dixo? ¿Díxollo o Conselleiro de Sanidade? ¿Díxollo o Conselleiro de Política Social. ¿Díxollo a Delegada da Xunta en Ourense, Marisol Mouteira? ¿Díxollo o Director Xeral do Sergas, Antonio Fernández Campa? Non sei quen llo dixo? Díxollo o Presidente da Deputación? O presidente da



Deputación, non, non llo dixo, porque a Deputación xa confirmou a este goberno, a través de varios medios que ía a financiar a metade dos 142.000 euros que vale o ascensor. Si que o confirmou. A Xunta de Galicia está moi interesada no proxecto do ascensor do centro de saúde. Nós si temos unha opción. Traballamos nunha opción e un inxeñeiro está rematando o proxecto para o ascensor con pasarela, 142.000 euros. Si temos unha opción, si estamos traballando e pónase da cordo coas persoas do seu partido que teñen cargos institucionais para tomar decisións e para falar en nome deles ou en nome de non se sabe quen, ou falarán so en nome do Partido Popular, porque está claro que a Xunta está interesada neste proxecto. Que a Xunta ten dado pasos para apoiar a este goberno na construción dun ascensor con pasarela, ao mellor existe unha desconexión, unha descoñexión entre o Partido Popular de Barbadás e a Xunta e os cidadáns, non sabemos, ao mellor hai que retroalimentarse unha vez máis. A Xunta está disposta a facilitar a accesibilidade ao centro de saúde, debe facilitala, e vostedes deberían contribuír a que este proxecto saia adiante. Nós temos claro cal é o proxecto. Tamén temos claro cales son as pendentes. A pendente da rúa das Burgas o 20%, a pendente da rúa do Outeiro 16%, a pendente do principio da rúa do Viso o 20 %. Está todo aquí nesta memoria valorada, e que como xa lla anticipo e hai un proxecto encargado que está facendo un enxeñeiro, un enxeñeiro. Non o está facendo uns concelleiros asesorados por técnicos, non, estao facendo un enxeñeiro que é quen o ten que facer, non os concelleiros humildes do Partido Popular de Barbadás. Acerca de resolver o problema dos aparcamentos, evidentemente estamos traballando nese tema, e si que existe unha previsión de deixar aparcamentos para as persoas con mobilidade reducida e para persoal sanitario. Como existe no actual centro de saúde. Hai unhas prazas que son para o persoal sanitario, para atender as urxencias, evidentemente. E de espazo reservado para ambulancia, por favor, sabemos facer os nosos deberes, efectivamente, si. Por si non se enteraron hoxe, empezaron as obras. Nós cumprimos os nosos prazos. Vostedes, os anuncios que se fixeron desde a Xunta de Galicia, non os cumpriron, un mes de retraso.

O señor Alcalde toma a palabra: Ten un minuto. Moitas grazas.

O señor González toma a palabra : Señor Alcalde, podía falar ¿por alusións?

O señor Alcalde toma a palabra: ¿E que non sei que alusión houbo? Facerlle unha pregunta retórica non sei cales son as alusións.

O señor González toma a palabra: Empezou a súa intervención dicindo, señor Manuel González e a partir de aí foron todo alusións.



O señor Alcalde toma a palabra: ¿Esas son alusións? Vostede é voceiro neste caso, Iso non é unha alusión persoal, en relación a súa condición de voceiro.

O señor Manuel González toma a palabra (PP): Eu era por a vontade de explicarlle quen me dixo que non lle ían facer caso a esas peticións.

O señor Alcalde toma a palabra: ¿Votos a favor da moción do señor Ramón Padrón? ¿Abstencións? ¿Votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE AO NOVO CENTRO DE SAÚDE”**.

PARTE DE CONTROL

10.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

O señor Alcalde toma a palabra: Dada a hora que é, as preguntas por escrito. E vou facer lectura.

Vou facer lectura, so un momento do que dixen antes en relación á protección civil. Dixen antes que ía facer lectura ou dar lectura a un comentario que me fixo o señor Daniel Rey en relación a Protección Civil.

O señor González toma a palabra: ¿Ela non estaba nese momento? Dixen que ía facer lectura ou dar lectura, ou facer un comentario en relación a unhas palabras que quere transmitir o señor Daniel Rey sobre



A señora Secretaria toma a palabra: Non, isto, xa terminamos.

O señor Alcalde toma a palabra Non, porque quedan rogos e preguntas, e xa dixen que por escrito.

A señora Vispo toma a palabra : Aí non estamos da cordo, as preguntas podemos lelas.

Pódenas ler, pódenas ler si.

O señor Alcalde toma a palabra: Pois ás doce levántase a sesión. Téñao claro vostede.

A señora Vispo toma a palabra: Pois entón leao ao final.

O señor Alcalde toma a palabra: Tamén podo lelo ao final, non teña ningún problema. Vai ser por iso. Si, si por favor. Por favor.

A señora Vispo toma a palabra : Ah bo, non sei se hai alguén diante. Perdón.

O señor Padrón toma a palabra: Eu recórdolle, que eu xa quedei nun pleno sen presentar unha moción, que eran as doce da noite. Pero bueno vou tratar de ser moi rápido, para que lle de tempo a vostedes. Que é rogos, non, primeiro.

O señor Alcalde toma a palabra: Si.

A señora Secretaria toma a palabra: Da igual

O señor Padrón toma a palabra: Do mesmo xeito que se podou e limpou as estradas de Barxa e Santa Uxía, logo da nosa moción presentada de urxencia no mes de novembro que foi considerada polo resto dos grupos da oposición como non urxente en comisión informativa, polo que non puido ser elevada ao pleno para o seu debate, non así pola concelleira responsable da área que tomou nota e considerou a urxencia desta petición. Rogamos que se faga a mesma actuación que se fixo, en Santa Uxía, en Barxa, no tramo da estrada entre a Capela de San Bieito de Cova de Lobo en dirección a Piñor, onde as mimosas e ramas doutras especies arbóreas invaden xa máis da metade da calzada. Os vehículos xa topan con elas como se fixo hai poucas datas, nun pequeno treito, dende a mesma capela de San Bieito, en dirección a Parada. Outro rogo, seguindo con mesmo, queremos lembrar que no segundo punto da moción, pedíase, desa moción, pedíase ao goberno que solicitase do Concello de Ourense a mesma limpeza no tramo, dende o cruce o Mondideu ata o cruce do seminario que presenta os mesmos obstáculos que o de San Bieito, pero que pertence a Ourense. Lembrar de novo a gran cantidade de vehículos que utilizan esta estrada e as dúas curvas moi perigosas inmediatas ao cruce do seminario, onde se producen constantes saídas, saídas de vía. Outro rogo, trasládano, desde algún grupo veciñal sobre a posibilidade da dar algún curso de primeiros auxilios polos pobos. En canto ás preguntas, o 3 de abril de 2016, presentamos ao pleno unha moción sobre as facturas de luz e gas, ao día de hoxe, as nosas preguntas son, iniciouse algunha conversa coas empresas subministradoras de



luz e gas, ¿daquelas? E si foi así, ¿firmóuse algún convenio de colaboración para que non se lle corte a luz e o gas ás persoas máis necesitadas durante o tempo en que o concello tramita a súa situación? A segunda, ten que ver co que presentamos no pleno pasado, pero non obtivemos resposta e traémola por escrito, ímolas deixar por escrito desta volta. Hai un ano presentamos unha moción para a posta en funcionamento da cociña do CEIP O Ruxidoiro tendo en conta que a solución do tema era inverter 30.000 euros aproximadamente en electrodomésticos, ademais de contratar un cociñeiro e unha axudante. Renunciou o Grupo de Goberno a este servizo ou estase a traballar de que a posta en funcionamento sexa na presente lexislatura, e se é así en que punto se encontran as negociacións coa Xunta de Galicia? E por último, sobre a piscina municipal, canto tempo leva a piscina municipal sen auga, porque se valeizou, tendo en conta o perigo a que aparezan de novo fendas que ocasionen novas perdas de auga, cando se van a solucionar os defectos que deixaron as obras do ano pasado? ¿Vaise a facer un tratamento do céspede en condicións así como os traballos de xardinería para que presente un aspecto óptimo para cando abra ao público? ¿En que punto se encontra o arrendamento destas dependencias municipais? Nada máis. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina. Voceiro ou voceira do Partido Popular.

O señor Fernández toma a palabra: Si, bo, xa comentei antes na miña primeira intervención, na presentación dalgunha moción, que penso que a concelleira de obras, xa ten coñecemento delo. Trasladáronnos que despois de a reforma que se fixo do parque que está por detrás da Casa de Cultura, os días que tivemos de choiva, pero bo uns foron días normais de choiva, e outros foron un pouco máis, máis en aumento, hai constancia de que está filtrando auga o parque aos garaxes privados que existen debaixo. Parece ser incluso que nalgún momento se pasaron comunicacións ao concello, que sería necesaria a impermeabilización dese parque, e nós imos facer esta pregunta por escrito e imos pedir os informes pertinentes e como está esa situación. E despois queremos incidir nun tema que nos parece sumamente importante no tema das contraccións de cinco peóns de servizos múltiples. Hai unha modificación nas bases con respecto as bases de contratación do pasado ano. Daquelas eran seis peóns, agora son cinco, pero introdúcese un cambio, nós no seu momento dixemos que o acotar, os puntos, cando se da un tope de puntos por experiencia non cumpriría, por un tope en cada un dos criterios, ¿vale? A maiores, engádese por cada mes de traballo como a traballador por conta propia autónomo, engádese tamén un tope, engádese eso, parece, a nós, danos a impresión e insisto, que se está facendo un traxe á medida dalguén. Entón, nós imos pedir uns informes sobre esta situación, o



por que se incluíu isto a maiores, e si sería necesario quitar en cada un os tramos de experiencia profesional o tope, porque xa a propia experiencia está pondo un tope, entendémolo discriminatoria e imos pedir informe ao respecto. Moitas grazas.

O señor Alcalde toma a palabra: Señora Chelo.

O señor González toma a palabra : Un inciso so. Un rogo ao señor Alcalde. Era para recordarlle que lle recorde ao señor Padrón que nos traia o xustificante da dieta do pleno extraordinario que el non cobrou.

O señor Padrón toma a palabra (CxB): Dinllo a vostede.

O señor González toma a palabra: Non, o que me deu vostede é un xustificante de dona Maria Aurea Pacho Blanco, traballadora social no que di que don Ramón Padrón Calviño como Concelleiro de Compromiso, entrega ao programa banco solidario de axuda de alimentos, roupa e calzado, leite Larsa vinte packs, aceite de oliva vinte packs, e non sei que máis. Aquí non figura para nada, a dieta non figura para nada. Disto teño o xustificante, eu pertenzo a tres ONG se quere tráíolle cincuenta certificados diso.

O señor Padrón toma a palabra : ¿Que quere que lle traia?.

O señor González toma a palabra: Pois xustificar a dieta que vostede dixo que o ia a traer.

O señor Alcalde toma a palabra: Eu non llo podo pedir. Pode ter claro que eu non llo vou a pedir.

O señor Padrón toma a palabra: Xa llo explicarei eu.

A señora Vispo toma a palabra: Este é o miña quenda. ¿Empezo?

O señor Alcalde toma a palabra: Si por favor.

A señora Vispo toma a palabra: Temos trinta preguntas, eh! O PP trouxo unha moción aprobada polo Grupo de Goberno para realizar un convenio entre o centro de día privado para os usuarios de Barbadás que o necesitaran en non tiveran que desprazarse a outros, incluído o de Toén. Solicitamos informe das xestións realizadas e de como se encontra dito convenio. Solicitamos a colación do meu compañeiro Manuel, solicitamos un informe técnico de urbanismo sobre os problemas de auga nos garaxes que se encontran debaixo do parque da Casa da Cultura. Según información que se facilitou ao Partido Popular de Barbadás, pode ser debido a que non se impermeabilizou correctamente o chan e agora prodúcense inundacións nos garaxes. ¿Que medidas se van tomar? Técnico de igualdade, é correcto o importe da retribución da técnico con un contrato parcial de vinte horas semanais, 1.428 euros? Solicitamos informe do señor Alcalde explicando como un técnico coa mesma categoría no concello e con xornada completa cobra o mesmo. Asociación cultural Os Gairas, 195 euros. Carteis





concurso de pinchos, copia da factura. Televisión e soporte do CET, 849, para que servizo se necesita e se comprou en Bermello? Formación en consultoría, 2.090. Curso manipulador, copia da factura. José Antonio González Siota, 1.500. É que aquí estamos pedindo facturas porque se gasta a destaxo. ¿Para onde é o ordenador? Reparación da piscina, no decreto de novembro. Lisardo Dorribo Camba 3.461. Cando se realizou a obra e copia da factura?. Con data 14 do once, se cobrou unha factura por importe de 88 euros por parte da empresa Asistencia Técnica Industrial SAE no museo da música. 18/11 por outro importe de 88 na Casa de Cultura, e ascensores ENOR pasa facturas mensuais polos mesmos ascensores.¿ Duplicidade de mantemento? Cal é a empresa que realiza o mantemento dos ascensores? Factura caixa de seguridade 1.288. Quén ten acceso á combinación e onde está situada? ¿É para gardar o borrador da RPT? Pavimento deportivo 1.600 euros, ónde se realizou a obra? Factura varias Cerraxería Artística, a que obras pertencen e que se fixo? Obradoiro de mermeladas, a que corresponden, María Dolores Ceballos García? Cando se realizou e se a empresaria pertence a unha lista electoral de Compromiso por Barbadás das municipais do 2015? O Partido Popular de Barbadás é coñecedor da baixa da xerente do CET e que se encontra outra persoa desenvolvendo a súa actividade, isto é moi grave, eh? Queremos saber que situación se encontra a nova traballadora e si factura polos seus honorarios ou está en nómina do concello, ¿ou si se ofertou unha contratación? Raúl Placer Rodríguez, limpar pista con desbrozadora, pasou unha factura polos seus honorarios por 540. ¿Que servizos prestou este señor ao concello, e que pistas limpou? O concello non conta con operarios para realizar estas limpeza ou tamén temos que contratar empresas externas? ránking da tenda de deportes, 744 en material deportivo, ¿para ónde? Nóminas mensual de Wurt ¿Podería un funcionario do concello realizar as nóminas? As súas intencións son pasar a recadación dos tributos do concello cun programa informático. Sabemos que tamén existen programas informáticos para nóminas. Expliquen por que os cidadáns de Barbadás teñen que desenvolver case 20.000 euros cando unha empresa externa realiza as nóminas dos traballadores. Telemiño, La Región, convenio 2016 coa La Región, 729. Convenio de xaneiro a decembro, duplicidade, que eu vexa aquí, porque iso é o que pon, realmente. Non, non, imos a insistir. Unha duplicidade nas facturas, explique as dúas facturas a que pertencen. Valla, rotomoldeo de Ofizona solucións de Entrenamento, non temos nin idea de que é isto. onde está esta valla situada e para qué? Fonte Moiras, representación Martín Mena, onde está a fonte? Xeitura Xestión de Patrimonio Cultural, actividades extraescolares no CEIP Ruxidoiro, queremos factura, copia desta factura. Local Campo de Roma, extintores, 741 euros. Vostede sabe o que custa un extintor? Nos parece abusivo. Solicitamos copia da factura. Micros e material, 997. Páxinas



brancas, vostede, eu non sei páxinas brancas, quédanme cinco minutos, 195,54. Copia da factura e que se anunciou. Patatas San Juan, conchitas, tajetes y sacos, para que se comprou este material? A cantas empresas de telefonía móbil ten o concello? A que servizo de teléfono móbil corresponden as facturas de Orange por importes de 527 euros e 524? Copia das facturas. Berta Ramos Nespereira, 116, instalar dous equipos de sobremesa, cando aquí dispoñemos dun informático. Copia da factura, que realiza estas funcións, e está posto no prego de condicións do informático. Copia da factura do 16/11 de empresa de formación, consultoría, curso xestión de almacén. Quintela rotulación, 798, fabricación e rotulación a dúas caras de lonas, copias das facturas, non sabemos onde están as lonas. Isto non sei se xa o lín, pero bueno. Reparación da piscina, eu creo que xa o lín. Vale. E agora teño dous rogos, que son importantes para nós, espero que os cumpran. Solicitamos unha visita do Partido Popular ás instalacións do centro de saúde antes da súa inauguración. E segundo, rogamos que as firmas dixitais se poñan nun espazo que permita a lectura completa do texto, porque en moitas dos escritos que nos dan non os damos leído. Entón, por favor, pois movan, poden mover un pouquiño, se pode, porque eu vin onde hai firmas dixitais e se lee perfectamente. Entón se o poden, é porque a veces, vale. E quédanme outras dúas.

A señora Vispo toma a palabra : Iso todo vai por escrito, eh! Non acabei.

O señor Alcalde toma a palabra: Dicirlle unha cousa.

A señora Vispo toma a palabra: Non acabei, so un segundo. Despois, hai un decreto do reparo da señora Interventora, á transcripción do audio do pleno do 7 de outubro e do 3 de outubro, feito pola mesma persoa. Entón non entendemos isto, o sexa que nos explique un informe na data, 7 de outubro e 3 de outubro, que sepamos en outubro so houbo un pleno, entón non entendemos isto. E despois, hai un decreto da Alcaldía onde se lle da a Asociación Cultural Ritmos Musicais de Barbadás, unhas subvención de 4.000 euros. Non sabemos quen, que esta asociación cultural, queremos sabelo e en que xustificou. E nada máis. Grazas.

O señor Alcalde toma a palabra Unha breve resposta moi rápida, moi rápida. O Centro de Saúde de momento non está entregado ao concello de Barbadás polo tanto a min, á alcaldía non lle teñen que pedir ningunha autorización para ir a visitalo, pídanello ao responsable do centro, que de momento é a Consellería en cuestión. Cando o entreguen non terán problema ningún. Moitas grazas.

Si, queda levantada. Queda levantada a sesión.

As preguntas xa foron contestadas por escrito o día -----de marzo de 2017



CONCELLO DE BARBADÁS

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 23:55 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL

